



PLAN XERAL ANUAL

CURSO 2023-2024

C.P.R. Plurilingüe
F.E.D. Torre de Lemos

CÓDIGO DE CENTRO: 27007211

MONFORTE DE LEMOS, LUGO

ÍNDICE

Apartado 3. Orde de 22 de xullo de 1997

1. Presentada ao Consello escolar.pax.4
2. Aprobada polo Claustro nos aspectos docentes.....pax.4
3. Remitida a Inspección.....pax.4

Artigo 98 Decreto 374/96

1. Obxectivos específicos para o curso académico.....pax.4
2. Medidas a desenvolver para a súa consecución.....pax.6
3. Recursos previstos para o efecto.pax.7

Apartado 3 Orde de 22 de xullo de 1997

1. Concreción anual do PEC.....pax.8
2. Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con NEES.....pax.8
3. Cadro de organización pedagóxica.....pax.60
4. Plan de actuación dos órganos colexiados.....pax.64
5. Plan de actuación do Equipo Directivo.....pax.66
6. Xornada escolar e horario do centro.....pax.67
7. Quendas de vixancia dos recreos.....pax.67
8. Programación e calendario de reunións dos órganos de goberno.....pax.69
9. Órganos de coordinación docente.....pax.70
 - 9.1. Equipo de EI.....pax.72
 - 9.2. Equipo de EP.....pax.110
 - 9.3. Equipo de ESO.....pax.130
 - 9.4. Outros Equipos.....pax.153
 - A. Departamento de Lingua e Literatura.....pax.153
 - B. Departamento de Ciencias.....pax.160
 - C. D.O.....pax.168
 - D. Departamento de Linguas estranxeiras.....pax.168
 - E. E.N.D.L.....pax.171
 - F. Deporte.....pax.174
 - G. Biblioteca.....pax.175
 - H. Artes plásticas.....pax.182
 - I. Voz Natura.....pax.184
 - J. Radio escolar.....pax.186

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

K. Grupo de Acción Social.....	pax.190
10.Participación en programas de innovación educativa.....	pax.191
11.Addenda do Proxecto lingüístico.....	pax.191
12. Libros de texto e materiais curriculares.....	pax.201
13.Programa de actividades complementarias e extraescolares.....	pax.225
14.Plan de autoprotección.....	pax.226
15.Plan de organización e coordinación do PAS.....	pax.227
16.Horario de atención ao público.....	pax.228
17.Regulamento da organización do comedor.....	pax.229
18.Plan de utilización das instalacións do centro.....	pax.232
19.Servizo de custodia.....	pax. 234
20.Plan de actividades propostas pola ANPA.....	pax.234
21.Plan xeral de avaliación do centro.....	pax.235
22.Proxecto lector de centro.....	pax.236
23.Plan de integración das Tic.....	pax.246
24. Plan xeral de promoción de estilos de vida saudables.....	pax.253
25. Acta de aprobación do claustro.....	pax.254
26. Acta de aprobación do consello escolar.....	pax.255

APARTADO 3 ORDE 22 DE XULLO DE 1997

1. PRESENTACIÓN AO CONSELLO ESCOLAR

O Plan Xeral Anual para o curso 2022-2023 foi presentado no seo do Consello Escolar en xuntanza celebrada o día 16 de outubro de 2023, sendo aprobado pola totalidade dos presentes.

2. APROBADA POLO CLAUSTRO DE PROFESORES

O Plan Xeral Anual para o curso escolar 2023-2024 foi presentado ao Claustro de Profesores o día 10 de outubro de 2023 en xuntanza extraordinaria convocada para valorar os aspectos docentes que contén, resultando aprobado pola totalidade dos presentes: 23 votos a favor, 0 en contra, 0 abstencións.

3. REMITIDA Á INSPECCIÓN EDUCATIVA

O día 17 de outubro de 2023 remítese o presente documento á Inspectora do centro D^a. María Bóveda González para a súa aprobación.

ARTIGO 98 DECRETO 374/96

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

Formúlanse unha serie de obxectivos a acadar ao longo do presente curso escolar que se resumen a continuación:

- Desenvolver o labor educativo do centro conforme ás directrices que establece o seu Proxecto Educativo, o Ideario do centro e a normativa actual.
- Centrar todos os esforzos no desenvolvemento do labor docente e de atención ao alumnado e ás súas familias co fin de poderlle ofrecer unha escola que cumpra cando menos cos seguintes requisitos:
 - Que faga partícipe do proceso de ensino e aprendizaxe á pluralidade do alumnado de maneira que todos/as se sintan parte dun proxecto común no que teñan as mesmas oportunidades.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Próximae colaborativa proporcionando canles de comunicación áxiles e eficaces entre todos os membros da comunidade escolar.
- Que busca asentar e desenvolver as bases que faciliten o máximo desenvolvemento de cada alumno/a.
- Que loita polos valores básicos dunha convivencia democrática baseada nos dereitos e obrigas de cada un e no exercizodunha cidadanía activa, empática e pacífica,.
- Que traballana consolidación de hábitos pacíficos para a resolución de conflitos, na prevención de condutas violentas ouantisociais e no rexeitamento activo de calquera tipo de discriminación desde idadesmoi curtas.
- Que fomenta o desenvolvemento de hábitos de traballo individual e en equipo, ademais de esforzo e responsabilidade como bases para o desenvolvemento competencial do alumnado.
- Que otorga un peso importante á formación académica do alumnado. Plurilingüe, conectada coa tecnoloxía, a arte, o pensamento científico e matemático, a contorna e as súas tradicións.
- Ao servizo da sociedade, solidaria e comprometida.
- Sostible, ecolóxica e defensora de hábitos saudables e de respecto cara ó medio ambiente e a natureza.
- Que fomenta as actividades deportivas para adquirir valores e crear sentido de pertenzaa ungrupo, ademais de favorecer a saúde e o benestar físico e emocional.
- Atenta ás necesidades do alumnado.
- Que fomenta a formación do equipo docente e a súa autonomía curricular e organizativa.
- Que segue avanzando no proceso de renovación metodolóxicaa través denovas vías de ensino e traballo, apostando pola competencia do persoal docente.
- Que segue contribuíndo á conciliación da vida familiar, profesional e escolar a través da aorganización de servizos e actividades que axuden a logralo.
 - Que continúa co plan de renovación das instalacións e os equipamentos para seguir avanzando no plan de modernización do centro.

5. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCCIÓN

Co fin de acadar os obxectivos anteriores levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- Priorizar a atención á diversidade do alumnado poñendo á súa disposición todos os recursos dos que se dispón (humanos, organizativos e materiais) procurando acortar prazos na adopción de medidas e na execución dos plans e programas de intervención que se precisen.
- Reforzar a comunicación entre o profesorado dos grupos, mestres de apoio/especialistas e familias para lograr un traballo máis eficaz e beneficioso para os alumnos procurando ser aínda máis rigurosos no seguimento das intervencións que se realicen e da evolución persoal que amose cada un.
- Traballar por proporcionar ao alumnado dunha formación o máis completa posible, que abarque tanto a dimensión persoal como a académica. Fomentar a interdisciplinabilidade e o enfoque competencial do ensino.
- Potenciar o uso das ferramentas dixitais de comunicación dispoñibles, en especial da páxina web do centro e da plataforma Educamos.
- Continuar co desenvolvemento dos proxectos de innovación existentes e incorporar outros novos que se consideren de interese.
- Reforzar o traballo en valores, educación emocional, autoconceito, espírito crítico, autonomía, hábitos de traballo, etc. para que a adquisición de coñecemento resulte máis efectiva e melloren os resultados.
- Fortalecer no alumnado a súa identidade persoal dentro da comunidade plural á que pertence, aceptando as diferenzas, rexeitando a discriminación, os estereotipos, etc.
- Desenvolver actividades solidarias de axuda e acompañamento contando coa participación de alumnos, mestres e familias, mantendo a colaboración coas entidades locais de axuda aos grupos máis vulnerables (nenos e maiores) coas e comezar outras novas.
- Traballar a transversalidade desde cada departamento co fin de formar alumnos libres capaces de facer opcións libres, responsables e respectuosos coa liberdade dos demais.
- Formar ao alumnado na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica, contribuindo a xerar un clima de convivencia axeitado dentro e fora do centro.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Incrementar o uso de metodoloxías activas no traballo diario cos alumnos para que sexan eles os verdadeiros protagonistas do seu proceso de ensino-aprendizaxe: actividades nas que o alumnado teña que cooperar, colaborar e autoxestionarse, tanto dentro da aula coma na súa casa; estimular o emprendemento, a iniciativa, a creatividade, a colaboración entre iguais, o espírito crítico, o esforzo persoal e a autoxestión. Para logralo teremos que axudalos a descubrir as posibilidades físicas, intelectuais, afectivas, sociais e morais de cada un.
- Seguir traballando a avaliación coma un proceso obxectivo, sistemático, que posibilita a obtención de información relevante, de maneira continua, sobre o proceso de ensino-aprendizaxe para a súa análise e valoración e como soporte na toma de decisións.
- Desenvolver estratexias de autoavaliación no alumnado e no profesorado para favorecer a súa motivación, autonomía no traballo, espírito crítico e iniciativa persoal.

6. RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO

Para elo contamos con:

- Un plan anual de formación do profesorado centrado este curso na avaliación competencial do alumnado, no uso das ferramentas dixitais e a convivencia, con especial atención ao acoso escolar e o uso das tecnoloxías por parte dos rapaces.
- Unha concreción curricular eficaz e sinxela que evite a excesiva reiteración de contidos e permita organizar mellor os procesos de aprendizaxe e a súa secuenciación.
- Un programa de traballo diario dos valores humanos e das normas de convivencia, tanto na aula coma nos espazos comúns do centro e na vida en xeral, a través das titorías, das actuacións do D.O. e demais organismos locais (CIM, Asuntos Sociais, Drogodependencias, Cruz Vermella, etc.).
- Un Plan de ensino plurilingüe, actividades extraescolares e complementarias amplo que potencie a aprendizaxe das linguas estranxeiras entre o alumnado.
- Un programa de traballo e actividades da biblioteca e a radioescolar que vertebrará a vida cultural do centro, achega o alumnado á lectura e á busca de información.
- Un Programa de apoio educativo amplo ao servizo das necesidades que presenten os alumnos do centro.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Unha oferta de servizos complementarios adaptados ás necesidades das familias que favoreza a conciliación familiar.
- Un Plan dixital que axude a modernizar as instalacións e os recursos dos que se dispón para unha mellora real da actividade do centro.
- Un Equipo Docente volcado nas tarefas encomendadas, próximo, competente e responsable.
- Un programa de actividades complementarias e extraescolares que axude a mellorar e dar un enfoque ameno e divertido á formación do alumnado e do resto da comunidade escolar que o atende e acompaña neste proceso.
- Todos os recursos humanos e materiais de que dispón o centro para acadar os obxectivos establecidos.

APARTADO 3 ORDE 22 DE XULLO DE 1997

1. CONCRECCIÓN ANUAL DO PEC

Durante o presente curso escolar Proxecto Educativo de Centro manterase sen cambios.

2. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEES: PROGRAMACIÓN XERAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO CENTRO

ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON N.N.E.

Este ámbito constitúe a maior parte do traballo que desenvolve o Departamento de Orientación do colexio, que está integrado polos seguintes membros:

Directora: M^a Esther Rodríguez Camino

Xefa de Estudos: Rosa M^a Rodríguez Camino

Xefa do D.O.: María Vázquez Álvarez

Especialistas A.L.: Clara Rodríguez Fernández.

Especialista P.T.: María Vázquez Álvarez e Nela Loureiro Viéitez.

Profesores de E.I, E.P e E.S.O con horas de apoio.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

OBXECTIVOS XERAIS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Dar a coñecer as súas funcións e sensibilizar aos distintos sectores da comunidade educativa da súa importancia para contribuírao desenvolvemento integral do alumnado.
- Atender as necesidades especiais do alumnado e organizar os seus apoios e axudas, tanto a nivel ordinario como extraordinario.
- Contribuír á personalización da educación, favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa concreta e individualizada.
- Colaborar na prevención das dificultades de aprendizaxe ou problemas de desenvolvemento persoal e social e na intervención, cando se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumno/a.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e dun sistema de valores.
- Contribuír á axeitada relación entre os distintos integrantes da comunidade educativa.
- Resaltar os aspectos orientadores da educación: "orientación en e para a vida", atendendo ao contexto real dos alumnos/as e ao futuro que poidan proxectar para si mesmos, favorecendo a adquisición de aprendizaxes funcionais.
- Promover a orientación educativa e profesional dos alumnos/as, atendendo ao seu contexto real.
- Impulsar a acción titorial, colaborando e asesorando aos profesores titores na planificación de actividades axeitadas ás necesidades do grupo-clase.

Estes obxectivos concretaríanse a través dos seguintes plans de actuación:

- Plan de acción titorial.
- Plan de orientación académica-profesional.
- Plan de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.

LIÑAS BÁSICAS DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN PREVISTAS PARA O CURSO 2023/2024

- **Actuacións respecto ao profesorado:**
 - Dar a coñecer as funcións do Departamento de Orientación.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Elaborar o plan de acción titorial (PAT) establecendo, en colaboración cos titores/as, os criterios xerais que deberán orientar o traballo que se realice nastitoríasao longo do curso, segundo as necesidades existentes.
- Asesorar ao profesorado que o demande en cantas tarefas educativas e de seguimento do proceso de ensino e aprendizaxe se presenten, facilitándolles criterios de actuación, recursos e instrumentos necesarios.
- Asesorar aos Departamentos e Equipos que o demanden na elaboración ou revisión das súas programacións e sobre as medidas de atención á diversidade.
- Asesorar e facilitar instrumentos de busca de materiais necesarios ao profesorado de Pedagogía Terapéutica e ao resto do profesorado implicado na elaboración e desenvolvemento de adaptacións curriculares e reforzos educativos.
- Diseñar o Plan de Orientación Académica e Profesional e coordinar o seu proceso de desenvolvemento no centro seguindo os procedementos, parámetros e tempos recollidos no Plan de Acción Titorial.
- Diseñar as actuacións de cara á elaboración dun bo consello orientador nos casos en que é prescrito.

- **Actuacións respecto ao alumnado:**

Realizar avaliacións psicopedagóxicas cando sexan demandadas e se consideren necesarias.

Atender as necesidades educativas especiais do alumnado e axudar aos demais profesores a atendelas.

Elaborar e actualizar informes para aqueles alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo e seguir o proceso educativo e as medidas de atención á diversidade adoptadas en colaboración co profesorado de Pedagogía Terapéutica, titores/as e profesores/as do grupo.

Diseñar e desenvolver as actividades recollidas na programación do Departamento de Orientación relativa á orientación persoal, escolar, vocacional e profesional do alumnado, así como ao seu proceso de inserción e participación no grupo e na dinámica xeral do centro.

Diseñar e poñer en marcha programas de apoio a alumnos inmigrantes (adquisición da linguaxe), actividades e programas para alumnos con deprivación sociocultural.

Asesorar e apoiar puntual e individualmente segundo as demandas e necesidades que vaianxurdindo.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Elaborar programas de habilidades sociais para aqueles alumnos que o precisen.
Impartir no último curso de E.I un Programa de Estimulación daLinguaxe Oral.
Deseñar e desenvolver as actividades recollidas no plan de prevención e tratamento do acoso escolar.

- **Actuacións respecto aospais e nais:**

O Departamento de Orientación deseñará e desenvolverá accións que promovan a cooperación das familias implicándoas no proceso educativo e de formación persoal dos seusfillos/as neste curso dita colaboración poderá realizarse de xeito presencial, vía telefónica ou pola plataforma Educamos, según sexa necesario en cada situación concreta.

- **Actuacións respecto ao centro:**

- Asistir ásesións de avaliación.
- Representar ao Departamento na comisión de coordinación pedagóxica.
- Asesorar sobre as medidas de atención ádiversidade para a súa inclusión no PCC.
- Asesorar na elaboración do PEC e o PCC.

- **Actuacións respecto a outros organismos:**

- Colaborar cos profesionais dos ServizosSociais do Concello de Monforte de Lemos.
- Contactar con outrosservizos da zona (Centro de Saúde, etc.).
- Contactar e colaborar co equipo de orientación específico provincial e con outros departamentos de orientación da zona.
- Contactar con distintos organismos de emprego, consellerías, servizos de información á xuventude, universidade, etc.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

1º E 2º DE E.P.

Obxectivos	Núcleo de actividades	Temporalización
-------------------	------------------------------	------------------------

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Coñecer as características persoais, familiares, ambientais e escolares do alumnado.	Acollida e integración do alumnado.	1º trimestre
Familiarizarse co centro (se non o coñecen).	Acollida e integración do alumnado.	1º trimestre
Observar de maneira progresiva e sistemática as diferentes condutas, trazos e estilos de aprendizaxe do alumnado.	Organización e funcionamento da clase.	1º trimestre
Comprobar que o neno/a ten un nivel aptitudinal adecuado para a aprendizaxe da lectoescritura en 1º EP.	Organización e funcionamento da clase.	1º trimestre
Impulsar a aceptación das diferenzas individuais, favorecendo a integración.	Acollida e integración do alumnado. Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.	Todo o curso
Desenvolver os valores a través do modelado de actitudes, fomentando a colaboración e axuda mutua e o respecto	Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.	Todo o curso.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

aosdemais.		
Fomentar hábitos de autonomía e autocoidado.	Adquisición e mellora dos hábitos de traballo e autocoidado.	Todo o curso
Potenciar as relacións coas familias.	Participación das familias.	1ºtrimestre e sempre que se necesite.

Coordinarse co profesorado implicado na aula.	Proceso de avaliación e avaliación do proceso.	1º e 3º trimestre.
Realización de probas ou test, para detectar dificultades de aprendizaxe .	Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.	Sin especificar.

3º E 4º DE E.P.

Obxectivos	Núcleo de actividades	Temporalización
-------------------	------------------------------	------------------------

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Coñecer as características persoais, familiares, ambientais e escolares do alumnado.	Acollida e integración do alumnado.	1º trimestre.
Favorecer a aceptación polos demais das diferenzas individuais que presentan os demais membros da aula, facilitando a integración de cada un.	Acollida e integración do alumnado. Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.	1º trimestre Todo o curso.
Continuar coa observación sistemática de condutas, trazos e estilos de aprendizaxe manifestados en ciclos anteriores e novos.	Organización e funcionamento da clase.	1º trimestre.
Mediante o diálogo ensinarlles a valorar os puntos de vista diferentes, así coma os propios, para favorecer a toma de decisións e a resolución de conflitos.	Organización e funcionamento da clase.	1º trimestre Todo o curso.
Favorecer e reforzar actividades de experimentación, creatividade e técnicas de aprender a pensar e estudar, fomentando unha maior autonomía.	Adquisición e mellora de hábitos de traballo e autocoidado.	Todo o curso.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Favorecer hábitos de vida saudables tanto con respecto á alimentación, coidado e hixiene.persoal e exercicio físico.	Adquisición e mellora de hábitos de traballo e autocoidado.	Todo o curso
Iniciar ao alumno/a nos procesos de autocontrol persoal.	Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.	Todo o curso.
Potenciar as relacións coas familias	Participación das familias	1ºtrimestre e sempre que se necesite.
Realización de probas ou test, para detectar dificultades de aprendizaxe .	Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social	Sin especificar.
Coordinarse co profesorado implicado na aula.	Proceso de avaliación e avaliación do proceso.	1º e 3º trimestre, ao longo do curso.

5º e 6º de E.P.

Obxectivos	Núcleo de actividades	Temporalización
-------------------	------------------------------	------------------------

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Coñecer e contribuírao desenvolvemento das capacidades de cada alumno/a.	Acollida e integración do alumnado.	1º trimestre.
Favorecer a aceptación polos demais das diferenzas individuais que presenta cada escolar, así como facilitar e canalizar a integración no grupo.	Acollida e integración do alumnado. Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.	Todo o curso.
Facilitar o diálogo como un dos instrumentos para a resolución de conflitos e a toma de decisións.	Organización o funcionamento da clase.	1º trimestre.
Favorecer e reforzar actividades de experimentación, creatividade e técnicas de aprender a pensar e a estudar, fomentando unha maior autonomía e unha actitude crítica.	Adquisición e mellora de hábitos de traballo e autocoidado.	Todo o curso.
Axudarao alumnado a afondar na información acerca de si mesmos e dos demais.	Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.	Todo o curso.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

<p>Desenvolver no alumnado actitudes que lles motiven para ser capaces de pórse metas realistas e conseguilas, así como aprender a mostrar unhaactitude asertiva ante as situacións diarias.</p> <p>-Analizar as condiciónsreais en que se leva a cabo o proceso de estudo.</p> <p>-Propiciar información sobre técnicas de estudo.</p> <p>-Facer ver aos alumnos que eles fan uso das técnicas dunhamaneira inconsciente.</p>	<p>Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.</p> <p>Adquisición e mellora de hábitos de estudo.</p>	<p>Todo o curso.</p> <p>Todo o curso.</p>
<p>Potenciar as relacións coas familias.</p>	<p>Participación das familias.</p>	<p>1ºtrimestre e sempre que se necesite.</p>
<p>Coordinarse co profesorado implicado na aula.</p>	<p>Proceso de avaliación e avaliación do proceso.</p>	<p>1º e 3º trimestre, ao longo do curso.</p>
<p>Analizar mediante unha proba psicotécnica o proceso de aprendizaxe dos alumnos/as</p>	<p>Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social</p>	<p>1º trimestre e sempre que sexa necesario.</p>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Favorecer hábitos de vida saudables tanto con respecto á alimentación, coidado e hixienepersoal e exercicio físico.	Adquisición e mellora de hábitos de traballo e autocoidado.	Todo o curso.
Realizar Titorías no curso de 6º EP sobre os problemas do consumo de tabaco (Clases sen fume) en colaboración co Centro de drogodependencia de Monforte de Lemos.	Adquisición e mellora de hábitos de traballo e autocoidado.	Ao longo do segundo trimestre.

1º DE E.S.O.

Obxectivos	Núcleo de actividades	Temporalización
<p>-Presentar e acolleraosnovos alumnos/as.</p> <p>-Informar sobre o funcionamento do centro.</p>	Acollida e integración do alumnado.	1º trimestre.
<p>-Propiciar o coñecemento entre os membros do grupo.</p> <p>- Iniciar o achegamento entre o titor/a e o grupo.</p>	Acollida e integración do alumnado.	1º trimestre.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

-Afondar no desenvolvemento da identidade grupal.	Organización e funcionamento da clase.	1º trimestre.
-Preparar a elección dos responsables do grupo. - Fomentar o espírito democrático e participativo así como a asunción de responsabilidades respecto ao grupo.	Organización e funcionamento da clase.	1º trimestre.
Elixir aos responsables do grupo.	Organización e funcionamento da clase.	1º trimestre.
-Estimular a capacidade organizativa. -Afondar na identidade grupal.	Organización e funcionamento do grupo.	Mes de decembro.
Sondar a marcha do curso, principalmente nos seus aspectos académicos.	Organización e funcionamento da clase.	Mes de outubro.
-Detectar posibles deficiencias na comunicación. - Coñecer as aptitudes comprensivas e expresivas dos	Adquisición e mellora de hábitos de estudo.	Todo o curso.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

alumnos.		
<p>-Analizar as condicións reais en que se leva a cabo o estudo.</p> <p>-Propiciar información sobre técnicas.</p> <p>-Facer ver aos alumnos que eles fan uso das técnicas dunha maneira inconsciente.</p>	Adquisición e mellora de hábitos de estudo.	Todo o curso.
Afondar nas técnicas máis elementais.	Adquisición e mellora de hábitos de estudo.	Todo o curso
Coñecer os temas que suscitan máis interese para levar a cabo un debate.	Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.	Marzo, abril.
Preparar as aptitudes comprensivas e expresivas.	Adquisición e mellora de hábitos de estudo.	Todo o curso.
Reflexionar sobre o funcionamento da titoría e a relación titor-grupo	Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.	Marzo, abril.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

<p>Amosar aspectos intrínsecos dun debate: orde, respecto e tolerancia</p>	<p>Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.</p>	<p>Abril.</p>
<p>Informar aos alumnos sobre as distintas opcións optativas do seguinte curso.</p>	<p>Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.</p>	<p>Maio.</p>
<p>Reflexión sobre o desenvolvemento do curso e valoración dos resultados.</p> <p>Analizar mediante unha proba psicotécnica o proceso de aprendizaxe dos alumnos/as</p>	<p>Avaliación.</p> <p>Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social</p>	<p>Maio.</p> <p>Sin especificar.</p>
<p>Favorecer hábitos de vida saudables tanto con respecto á alimentación, coidado e hixienepersoal e exercizo físico.</p>	<p>Adquisición e mellora de hábitos de traballo e autocoidado</p>	<p>Todo o curso.</p>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

<p>Tutorías sobre os problemas relacionados co consumo de drogas en colaboración co Centro de drogodependencia de Monforte de Lemos.</p>	<p>Adquisición e mellora de hábitos de traballo e autocoidado.</p>	<p>Ao longo do segundo trimestre.</p>
<p>Titoría de Educación Sexual. Realizada en colaboración co Centro de drogodependencia de Monforte de Lemos.</p>	<p>Adquisición e mellora de hábitos de traballo e autocoidado.</p>	<p>Ao longo do segundo trimestre.</p>

2º de E.S.O.

Obxectivos	Núcleo de actividades	Temporalización
<p>-Presentar e acolleraos novos alumnos/as. -Informar sobre o funcionamento do centro.</p>	<p>Acollida e integración do alumnado.</p>	<p>1º trimestre.</p>
<p>-Propiciar o coñecemento entre os membros do grupo. - Iniciar o achegamento entre o titor/a e o grupo.</p>	<p>Acollida e integración do alumnado.</p>	<p>1º trimestre.</p>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

-Afondar no desenvolvemento da identidade grupal.	Organización e funcionamento da clase.	1º trimestre.
-Preparar a elección dos responsables do grupo. - Fomentar o espírito democrático e participativo así como a asunción de responsabilidades respecto do grupo.	Organización e funcionamento da clase.	1º trimestre.
Elixir aos responsables do grupo.	Organización e funcionamento da clase.	1º trimestre.
Favorecer hábitos de vida saudables tanto con respecto á alimentación, coidado e hixienepersoal e exercicio físico.	Adquisición e mellora de hábitos de traballo e autocoidado	Todo o curso.
Realización dunha proba Psicotécnica.	Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.	Sin especificar.
-Estimular a capacidade organizativa. -Afondar na identidade grupal.	Organización e funcionamento do grupo.	Todo o curso.
Sondar a marcha do curso, principalmente nos seus aspectos	Organización e funcionamento da clase.	Ao rematar cada

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

académicos.		trimestre.
-Detectar posibles deficiencias na comunicación. - Coñecer as aptitudes comprensivas e expresivas dos alumnos.	Adquisición e mellora de hábitos de estudo.	Todo o curso.
-Analizar as condicións reais en que se desenvolve o estudo. -Propiciar información sobre técnicas. -Facer ver aos alumnos que eles fan uso das técnicas dunha maneira inconsciente.	Adquisición e mellora de hábitos de estudo.	Todo o curso.
Afondar nas técnicas máis elementais.	Adquisición e mellora de hábitos de estudo.	Todo o curso.
Coñecer os temas que suscitan máis interese para levar a cabo un debate.	Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.	Marzo, abril.
Preparar as aptitudes comprensivas e expresivas.	Adquisición e mellora de hábitos de estudo.	Todo o curso.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Amosar aspectos intrínsecos dun debate: orde, respecto e tolerancia.	Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social	Abril.
-Fomentar a cohesión do grupo.	Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.	Todo o curso. Maio.
Informar aos alumnos sobre as distintas opcións optativas do seguinte curso.	Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.	Maio.
Reflexión sobre o desenvolvemento do curso e valoración dos resultados.	Avaliación.	Maio.
Titorías sobre os problemas do consumo de drogas en colaboración co Centro de drogodependencia de Monforte de Lemos.	Adquisición e mellora de hábitos de traballo e autocoidado.	Ao longo do segundo trimestre.
Titoría de Educación Sexual realizada en colaboración co Centro de drogodependencia de Monforte de Lemos.	Adquisición e mellora de hábitos de traballo e autocoidado.	Ao longo do segundo trimestre.

3º de E.S.O.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Obxectivos	Núcleo de actividades	Temporalización
<p>-Presentar e acoller os novos alumnos/as.</p> <p>- -Informar sobre o funcionamento do centro.</p>	<p>Acollida e integración do alumnado.</p>	<p>1º trimestre.</p>
<p>-Propiciar o coñecemento entre os membros do grupo.</p> <p>- Iniciar o achegamento entre o titor/a e o grupo.</p>	<p>Acollida e integración do alumnado.</p>	<p>1º trimestre.</p>
<p>-Afondar no desenvolvemento da identidade grupal.</p>	<p>Organización e funcionamento da clase.</p>	<p>1º trimestre.</p>
<p>-Preparar a elección dos responsables do grupo.</p> <p>- Fomentar o espírito democrático e participativo así como a asunción de responsabilidades respecto ao grupo.</p>	<p>Organización e funcionamento da clase.</p>	<p>1º trimestre.</p>
<p>Elixir aos responsables do grupo.</p>	<p>Organización e funcionamento da clase.</p>	<p>1º trimestre.</p>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

<p>-Estimular a capacidade organizativa.</p> <p>-Afondar na identidade grupal.</p>	<p>Organización e funcionamento do grupo.</p>	<p>Todo o curso.</p>
<p>Sondar a marcha del curso, principalmente nos seus aspectos académicos.</p>	<p>Organización e funcionamento da clase.</p>	<p>Xaneiro, febreiro.</p>
<p>-Detectar posibles deficiencias na comunicación.</p> <p>- Coñecer as aptitudes comprensivas e expresivas dos alumnos.</p>	<p>Adquisición e mellora de hábitos de estudo.</p>	<p>Xaneiro, febreiro.</p>
<p>-Analizar as condicións reais en que se vai desenvolver o estudo.</p> <p>-Propiciar información sobre técnicas.</p> <p>-Facer ver aos alumnos que eles fan uso das técnicas dunha maneira inconsciente.</p>	<p>Adquisición e mellora de hábitos de estudo.</p>	<p>Todo o curso.</p>
<p>Afondar nas técnicas máis elementais.</p>	<p>Adquisición e mellora de hábitos de estudo.</p>	<p>Todo o curso.</p>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Coñecer os temas que suscitan máis interese para levar a cabo un debate.	Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.	Marzo, abril.
Preparar as aptitudes comprensivas e expresivas.	Adquisición e mellora de hábitos de estudo.	Todo o curso.
Favorecer hábitos de vida saudables tanto con respecto á alimentación, coidado e hixienepersoal e exercicio físico.	Adquisición e mellora de hábitos de traballo e autocoidado	Todo o curso.
Amosar aspectos intrínsecos dun debate: orde, respecto e tolerancia.	Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.	Abril.
-Fomentar a cohesión do grupo. -Canalizar o aspecto lúdico-festivo.	Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.	Todo o curso. Maio.
Informar aos alumnos sobre as distintas opcións optativas do seguinte curso.	Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.	Maio.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Reflexión sobre o desenvolvemento do curso e valoración dos resultados.	Avaliación.	Maio.
Realización de cuestionarios de intereses e preferencias profesionais.	Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social	3º trimestre.
Titorías sobre os problemas do consumo de drogas en colaboración co Centro de drogodependencia de Monforte de Lemos.	Adquisición e mellora de hábitos de traballo e autocoidado.	Ao longo do segundo trimestre.
Titoría de Educación Sexual realizada en colaboración co Centro de drogodependencia de Monforte de Lemos.	Adquisición e mellora de hábitos de traballo e autocoidado.	Ao longo do segundo trimestre.

4º de E.S.O.

Obxectivos	Núcleo de actividades	Temporalización
-------------------	------------------------------	------------------------

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

<p>-Presentar e acoller os novos alumnos/as.</p> <p>-Coñecemento sobre o funcionamento do centro.</p>	<p>Acollida e integración do alumnado.</p>	<p>1º trimestre.</p>
<p>-Mellorar a autoestima, a tolerancia e a comunicación a nivel de gran grupo.</p>	<p>Acollida e integración do alumnado.</p>	<p>1º trimestre.</p>
<p>Fixación dos obxectivos do grupo para a titoría e para o grupo.</p>	<p>Organización e funcionamento da clase.</p>	<p>1º trimestre.</p>
<p>-Información sobre as cualidades que debe reunir un delegado e as funcións que teñen que realizar.</p> <p>- Fomentar a participación e a colaboración.</p>	<p>Organización e funcionamento da clase.</p>	<p>1º trimestre.</p>
<p>Fomentar a responsabilidade a través da toma de decisións .</p> <p>Inicio da organización do grupo.</p>	<p>Organización e funcionamento da clase.</p>	<p>1º trimestre.</p>
<p>Realización dunha proba de intelixencia.</p>	<p>Organización e funcionamento da clase.</p>	<p>1º trimestre.</p>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

<p>-Estimular a capacidade organizativa.</p> <p>-Profundar na identidade grupal.</p>	<p>Organización e funcionamento do grupo.</p>	<p>Mes de decembro.</p>
<p>Sondar a marcha do curso, principalmente nos seus aspectos académicos.</p>	<p>Organización e funcionamento da clase.</p>	<p>Xaneiro, febreiro.</p>
<p>-Recordar os trazos básicos das técnicas de lectura e subliñado.</p> <p>- Aplicación dos mesmos a casos concretos.</p>	<p>Adquisición e mellora de hábitos de estudo.</p>	<p>Xaneiro, febreiro.</p>

<p>- Recordar os trazos básicos das técnicas de esquema.</p> <p>- Aplicación dos mesmos a casos concretos.</p>	<p>Adquisición e mellora de hábitos de estudo.</p>	<p>Todo o curso.</p>
<p>Realización dun Test de Intereses e Preferencias Profesionais.</p>	<p>Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.</p>	<p>1º trimestre.</p>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

<p>Estimular a autonomía mediante a organización, participación e toma de decisións nun proxecto específico de grupo.</p>	<p>Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.</p>	<p>Marzo, abril.</p>
<p>Favorecer hábitos de vida saudables tanto con respecto á alimentación, coidado e hixiene persoal e exercicio físico.</p>	<p>Adquisición e mellora de hábitos de traballo e autocoidado.</p>	<p>Todo o curso.</p>
<p>Coñecemento dos principais trazos dos diferentes plans de estudo.</p>	<p>Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.</p>	<p>Xaneiro- Febreiro.</p>
<p>Realización de diversos cuestionarios de aptitudes, intereses e personalidade.</p>	<p>Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.</p>	<p>Todo o curso.</p>
<p>Información panorámica sobre os dintintos módulos profesionais e carreiras universitarias.</p>	<p>Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.</p>	<p>Todo o curso.</p>
<p>Coñecemento dos aspectos administrativos fundamentais de cara ao mundo laboral.</p> <p>Reflexión sobre o futuro académico e profesional con vistas á toma de decisións a curto e medio prazo.</p>	<p>Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.</p>	<p>Maio.</p>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

<p>Reforzar a madurez e a autonomía do alumno.</p> <p>Detección e resolución de problemas mediante a toma de decisións e a colaboración.</p>	<p>Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.</p>	<p>Maio.</p>
<p>Reflexión sobre o desenvolvemento do curso e valoración dos resultados.</p>	<p>Avaliación.</p>	<p>Maio.</p>
<p>Realización dunha entrevista individual con cada un dos alumnos/as para informar, de xeito persoal, do itinerario educativo-profesional que máis se adapte ás súas características persoais e intereses.</p>	<p>Desenvolvemento e adaptación persoal, escolar e social.</p>	<p>Xaneiro- Febreiro.</p>
<p>Titorías sobre os problemas do consumo de drogas en colaboración co Centro de drogodependencia de Monforte de Lemos.</p>	<p>Adquisición e mellora de hábitos de traballo e autocoidado.</p>	<p>Ao longo do segundo trimestre.</p>
<p>Titoría de Educación Sexual realizada en colaboración co Centro de drogodependencia de Monforte de Lemos.</p>	<p>Adquisición e mellora de hábitos de traballo e autocoidado.</p>	<p>Ao longo do segundo trimestre.</p>

Na etapa de EP realizaranse tres sesións de sobre o consumo de tabaco no 6º curso ao longo do 2º trimestre.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Na etapa de ESO Realizaráanse tres sesións de alcohol edrogaseunha de educación sexual en cada curso da ESO ao longo do 2º trimestre.

Estas titorías están impartidas por persoal cualificado pertencente ao centro de Drogodependencia de Monforte de Lemos.

PROGRAMA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL.

Obxectivos:

Respecto ao alumnado:

- Axudarlle a coñecer as súas aptitudes, personalidade, preferencias, valores e demais aspectos que condicionan as decisiónsvocacionais (condicionantes persoais, familiares, sociais, etc.).
- Proporcionarlle información sobre itinerarios académicos e ensinarlles a buscar toda a información que ao respecto precisen para que coñezantodasasasáidas formativas ao rematar o ensinoobligatorio, con título ou sen el.
- Contribuírao coñecemento do mundo socio-laboral e profesional.
- Fomentar no alumnado a capacidade de toma de decisións, analizando de forma crítica a súa situación persoal e valorando as vantaxes e inconvenientes de cada unha das alternativas.
- Loitar contra os estereotipos sexuais e físicos oucalqueraoutro tipo de discriminación sociolaboral.
- Fomentar o desenvolvemento de habilidades para que analicen as características de cada profesión, así como as cualidades físicas, intelectuais, persoais e motivacionais necesarias para o exercicio da mesma, proporcionando información necesaria para que faganunha elección responsable.
- Axudarlles a que adquiren destrezas de busca de emprego e toma de contacto coas ofertas do mundo profesional.
- Proporcionarlle información básica en materia de autoocupación (oposicións, concursos, creación dunha empresa, etc.).

Respecto ao profesorado:

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Sensibilizalo da necesidade de integrar a orientación académica e profesional nas áreas, informando ao alumnado das aplicacións profesionais das súas respectivas áreas.
- Coordinar as opinións do equipo educativo e do titor/a á hora de elaborar o consello orientador.

Respecto ás familias:

- Informar sobre as distintas opcións académicas e profesionais.
- Explicarlle a situación actual e as tendencias do mercado de traballo.
- Promover a súa participación no programa de orientación vocacional e profesional.

Actividades:

Relativas ao coñecemento de si mesmos:

➤ 1º Trimestre.

- Realización de probas estandarizadas I.P.P, EXPLORA (Intereses e preferencias profesionais).
- Test de intelixencia.
- 16PF Cuestionario de Personalidade para Adolescentes.
- Cuestionarios sobre capacidades, intereses, estilos de aprendizaxe e condicións sociofamiliares que poidan influír na decisión final.
- Autorretrato: descrición dun mesmo.

➤ 2º Trimestre

- Entrevista cos alumnos.
- Itinerario educativo realizado.

Relativas ao coñecemento do mundo académico:

➤ 1º e 2º Trimestres.

- Traballo en grupos: estudo e análise da lexislación correspondente, posterior elaboración dun organigrama das opcións académicas ao finalizar a ESO.
- Contrastar o anterior coas posibilidades educativas reais da zona, posibilidades laborais e académicas.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Relacionar a elección de optativas con modalidades de Bacharelatoou F.P. e posibles estudos posteriores.
- Estudo de casos sobre itinerarios educativos.

Relativas aocoñecemento do mundo laboral e estratexias de búsqueda de emprego:

➤ 2º e 3º Trimestre.

Exercizos prácticos de búsqueda de emprego: oferta e demanda en xornais, boletíns oficiais, INEM, etc.

Cartas de presentación, solicitude de emprego.

Elaboración dun Currículo Vitae.

Metodoloxía

Este plan desenvolverase na ESO prioritariamente a través da hora específica de titoría, aínda que é moi importante que todo o profesorado colabore activamente dende as súas áreas nos termos establecidos neste plan. O alumnado tamén poderá solicitar directamente información no Departamento de Orientación.

Recursos

Entre os recursos que se empregarán atópanse os seguintes:

- Diferentes programas de toma de decisións.
- Guía universitaria de Galicia.
- Guía do ensino de Galicia.
- Folletos informativos.
- Xornais.
- Cuestionarios.
- Manuais de titoría e de orientación vocacional existentes no Departamento de Orientación.
- Programas informáticos de orientación profesional (ORIPRO, Orienta, Itinerarium, etc.).
- Material elaborado polo Departamento de Orientación do colexio.

Criterios de seguimento/avaliación

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Sendo este un programa a desenvolver fundamentalmente a través da acción tutorial, o seu seguimento e avaliación será responsabilidade dos equipos de tutores, coasesoramento e apoio do Departamento de Orientación, seguindo os procedementos e tempos recollidos no plan de acción tutorial.

Co obxecto de coñecer a efectividade do programa e revisar aqueles aspectos (obxectivos, estratexias de intervención, recursos, actividades...) que foran susceptibles de mellora no próximo curso, o Departamento de Orientación levará a cabo unha avaliación específica a través de distintos métodos:

- Contrastando as experiencias mediante discusións cos equipos de tutores.
- Elaborando e aplicando cuestionarios dirixidos ao alumnado, pais/nais, e profesorado.
- Realizando estudos de seguimento dos alumnos.
- Entrevistas cos alumnos e os seus pais.

PLAN DE APOIO AO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE.

Obxectivos:

- Contribuír á prevención das dificultades de aprendizaxe e á identificación das necesidades educativas do alumnado que, por diversas causas, poida presentar problemas no seu desenvolvemento persoal ou desaxustes respecto ao currículo escolar.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado, deseñando as medidas educativas de atención á diversidade que se consideren necesarias en cada momento.
- Adoptar medidas curriculares, de reforzo ou adaptación e organizativas sobre formas de agrupamento do alumnado e organización de espazos e tempos, que faciliten a atención á diversidade.
- Fixar criterios para atender e dar resposta á heteroxeneidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado, dende o currículo ordinario.
- Avaliar, conxuntamente co profesorado, o desenvolvemento das medidas adoptadas ao longo do curso.
- Facer un seguimento da evolución académica e persoal do alumnado.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Proporcionar aos alumnos/as estratexias de aprendizaxe para que poidan aprender por si mesmos.
- Introducir técnicas de traballo que melloren a fluidez e a comprensión lectora.
- Implicar ás familias no proceso de ensino-aprendizaxe e orientar aos pais e nais do alumno con necesidades educativas especiais.
- Participar na elaboración do PEC e o PCC.

HORARIOS D.O. CURSO 2023-2024

5º EI	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9.15-9.55					
9.55-10.50	Profesora apoio	Profesora apoio	Profesora apoio		
10.50-11.45					
11.45-12.10	Recreo				
12.10-13.05				AL	
13.05-14.15	AL				
6º EI	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9.15-9.55					
9.55-10.50					
10.50-11.45				AL	

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

11.45-12.10	Recreo				
12.10-13.05	AL		AL		
13.05-14.15					
1º EP	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9.00-9.55			Profesor apoio		
9.55-10.50	Profesor apoio				AL
10.50-11.45			Profesor apoio (dentro aula)		
11.45-12.10	Recreo				
12.10-13.05					
13.05-14.00					
2º EP	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9.00-9.55					
9.55-10.50		AL	AL		
10.50-	AL				

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

11.45					
11.45-12.10					
12.10-13.05			PT	Profesora de apoio	PT
13.05-14.00					
3ºEP	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9.00-9.55	AL		AL		
9.55-10.50		Profesora apoio	Profesora apoio	Profesora apoio	
10.50-11.45		PT	Profesora apoio/PT	AL	
11.45-12.10	Recreo				
12.10-13.05	AL		AL		AL
13.05-14.00					
4ºEP	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9.00-9.55	AL	AL	AL	AL	

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

9.55-10.50		Profesora apoio	Profesora apoio	AL / Profesora apoio	
10.50-11.45	Profesora apoio	PT	PT /Profesora apoio		
11.45-12.10					
12.10-13.05					AL
13.05-14.00					
5º EP	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9.00-9.55	PT	PT			
9.55-10.50	AL				Profesor apoio
10.50-11.45					
11.45-12.10	Recreo				
12.10-13.05		AL			Profesor apoio
13.05-14.00				Apoio (dentro aula)	

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

6º EP	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9.00-9.55					
9.55-10.50					
10.50-11.45					AL
11.45-12.10					
12.10-13.05					
13.05-14.00		AL		AL	
1º ESO	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8.45-9.35					
9.35-10.25					Orientadora
10.25-11.15					
11.15-11.45	Recreo				
11.45-12.35	Orientadora			Profesor apoio	
12.35-13.25		Profesor			

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

		apoio			
13.25-14.15				Profesor apoio	
2º ESO	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8.45-9.35					
9.35-10.25					
10.25-11.15	Profesor apoio			Profesor apoio	
11.15-11.45	Recreo				
11.45-12.35					
12.35-13.25				Profesor apoio	
13.25-14.15	Profesor apoio			Profesor apoio	
3º ESO	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8.45-9.35					
9.35-10.25					Orientadora
10.25-11.15					

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

11.15-11.45	Recreo				
11.45-12.35	Oriadora			Profesor apoio	
12.35-13.25			Profesor apoio		Profesor apoio
13.25-14.15					
4º ESO	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8.45-9.35					
9.35-10.25					
10.25-11.15	Profesor apoio			Profesor apoio	
11.15-11.45	Recreo				
11.45-12.35					
12.35-13.25		Profesor apoio	Profesor apoio		Profesor apoio
13.25-14.15					
16.15-17.05					
17.05-17.55					

PROPOSTA DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA:

Centrarase naqueles alumnos/as que despois de facer a pertinente avaliación se considere que deberán recibir apoio educativo dentro ou fóra da aula, dependendo dos casos, ou poñer en marcha, se fose necesario, a pertinente Adaptación Curricular despois de esgotar todos os recursos anteriores.

ALUMNADO QUE RECIBE APOIO EDUCATIVO ESPECÍFICO

E.I.

4º EI

- ❖ Un alumno con retraso da linguaxe e dificultades de adaptación.

5º EI

- ❖ Dous alumnos con retraso madurativo, ambos pendentos dos resultados da avaliación para diagnóstico compatible con TEA.

6º EI

- ❖ Un alumno con TEA.
- ❖ Un alumno con dificultades de aprendizaxe.

E.P.

1º EP

- ❖ Un alumno con alto rendemento nas áreas lóxico-matemáticas.
- ❖ Unha alumna con dificultades de aprendizaxe.
- ❖ Varios alumnos con dificultades na adquisición da lectoescritura.

2º EP

- ❖ Tres alumnos con dislexia.

3º EP

- ❖ Un alumno con TEA.
- ❖ Catro alumnos con dificultades de aprendizaxe.

4º EP

- ❖ Unha alumna con TEA.
- ❖ Un alumno cun síndrome xenético de delección 19p13.2 e TDAH.
- ❖ Un alumno con TDAH.
- ❖ Un alumno con dificultades na lectoescritura.

5º EP

- ❖ Tres alumnos con dislexia.
- ❖ Dous alumnos que presentan dificultades de aprendizaxe.
- ❖ Un alumno con TDA.

6º EP

- ❖ Dous alumnos con dificultades na lectoescritura.
- ❖ Unha alumna con dislexia.
- ❖ Un alumno con TEL.

E.S.O

1º ESO

- ❖ Un alumno con dislexia.
- ❖ Dous alumnos con dificultades de aprendizaxe.

2º ESO

- ❖ Unha alumna con dificultades de aprendizaxe que levará adaptacións metodolóxicas.
- ❖ Unha alumna con dislexia.
- ❖ Un alumno con TDAH.

3º ESO

- ❖ Unha alumna con dificultades de aprendizaxe.

- ❖ Un alumno con TDAH.

4º ESO

- ❖ Unha alumna con dislexia.
- ❖ Un alumno con dificultades de aprendizaxe.
- ❖ Tres alumnos con TDAH.

ACTUACIÓNS

Respecto ao alumnado:

- Ofrecer o asesoramento individual e/ou en pequenos grupo que permanecerán sempreo mesmo grupo aula. O departamento habilitará o tempo posible para esta atención.
- Dar respostaos alumnos e alumnas con NEE mediante o apoio específico necesario, así coma o apoioaoseu profesorado.
 - Facer as avaliaciónspsicopedagóxicas, cando se considere necesario.
 - Desenvolver un programa de técnicas de traballo intelectual.
 - Desenvolver programas para mellorar a motivación e a atención do alumnado.
 - Desenvolver un programa de adquisición da linguaxe (alumnos estranxeiros).
 - Introducir nas distintas áreas técnicas para mellorar a fluidez e comprensión lectora.
 - Aplicación de programas específicos: desenvolvemento cognitivo, técnicas de estudo, habilidades sociais, educación en saúde, drogodependencias, malos tratos, etc.
 - Poñer en marcha no último curso de E.I. o Programa de Estimulación do Linguaxe Oral.

Respecto ao profesorado:

- Asesorar sobre criterios metodolóxicos que poidan prever dificultades de aprendizaxe: agrupamentos, organización dos espazos, distribución do tempo, introdución de materiais complementarios, etc.
- Impulsar a realización, por parte do profesorado, dunhaavaliación inicial do alumnado: nivel de competencia curricular, técnicas e hábitos de estudo, historia escolar.
- Asesorar sobre a realización de adaptacións curriculares.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Asesorar sobre procedementos para o desenvolvemento dos apoiosna aula por parte do profesorado ordinario.
- Colaborar na identificación de alumnos/as para agrupamentos específicos e para programas de diversificación curricular.
- Participación nasesións de avaliación, asesorando naqueles casos nos que sexa necesario.
- Proporcionar ao profesorado de pedagogía terapéutica materiais para traballarco alumnado que presenta necesidades educativas especiais, asesoralosna elaboración dos seus horarios de atención ao alumnado, adoptando sempre que sexa posible criteriospedagóxicos e orientalos sobre a maneira de desenvolver o seu labor, sobre todo naqueles casos en que se presente o apoio dentro da aula ordinaria.
- Entrevistas individuais.

Respecto ás familias:

- Orientar ás familias, de xeito individual, para que asuman responsablemente a educación dos seusfillos.
- Intercambiar información que poida enriquecer o coñecemento e comprensión dos seusfillos en aspectos como condutas, actitudes, ritmo de aprendizaxe, etc.
- Informar no necesario e orientar sobre os alumnos con máis necesidades educativas implicándoos nas actividades de reforzo e apoio á aprendizaxe.
- Informar e asesorar aospais sobre as características das etapas educativas.
- Asesorar sobre as conexións académicas e posibilidades profesionaistendo en conta as aptitudes intelectuais, expediente académico e estilo de aprendizaxe.
- Reservarase o tempo preciso para a atención aospais que o soliciten.

Respecto ao centro:

- Participar na Comisión de Coordinación Pedagóxica, incidindo especialmente en aspectos psicopedagóxicos e metodolóxicos, para a elaboración de:
 - O Proxecto Educativo de Centro.
 - O Proxecto Curricular de Centro.
 - Elaborar aspectos do proxecto curricular que competen ao Departamento de Orientación:

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Criterios e procedementos para a elaboración das adaptacións curriculares.
- Plan de Acción Titorial.
- Atención á diversidade.
- Plan de orientación académica e profesional.
- Programa de Habilidades Sociais.
- Organización de recursos materiais e persoais para alumnos/as con necesidades educativas especiais.

METODOLOXÍA

Para o desenvolvemento deste plan é fundamental a coordinación de toda a comunidade educativa, polo que se convocarán todas as reunións e entrevistas necesarias para lograr os mellores resultados en beneficio dos alumnos e alumnas. As distintas medidas canalizaranse a través do PAT e das distintas áreas, coa colaboración do Departamento de Orientación.

PLAN DE ACOLLIDA

Cando chegan ao centro alumnos procedentes do estranxeiro deberán ter en conta as seguintes medidas a seguir, tomando coma referencia a **Orde do 20 de febreiro de 2004** pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.

Avaliación inicial do alumnado.

A avaliación inicial que se fagaterá como obxectivo obter o maior número de datos para poder poñer en marcha as medidas de atención escolar que se mencionarán a continuación se fosen necesarias.

Esta avaliación será realizada fóra da aula polo D.O. e dentro da aula tanto polo profesor/a titor/a coma polo resto de profesorado.

Medidas de atención escolar

- De tipo curricular.

Reforzo educativo.

Adaptacións Curriculares.

Flexibilización de idade.

- De tipo organizativo.

Grupos de adquisición de linguas.

Grupos de adaptación da competencia curricular.

Con respecto ao Plan de Acollda propiamente dito con anterioridade, propóñense os seguintes obxectivos e actividades para desenvolvelo dentro da aula.

Obxectivos

- Asumir como centro, dunxeito global, o deseño e posta en práctica das respostas educativas que precisa este alumnado.
- Favorecer para eles unha adaptación progresiva ao centro.
- Conseguir que os pais e o propio alumnado estean informados do funcionamento e organización do centro educativo.
- Fomentar actitudes de respecto cara a estes alumnos/as e facilitar o proceso da súa integración.

Actividades

- **Dirixidas especificamente ao alumnado procedente do estranxeiro:**
 1. Informar sobre a comunidade que os acolle: costumes, comidas, horarios de traballo.
 2. Crear situacións de comunicación en toda a comunidade escolar.
 3. Facer que o alumnado inmigrante sexa protagonista e dea a coñecer a súa cultura.
 4. Informar das actividades extraescolares e fomentar a participación de todos.
 5. Informar sobre o sistema educativo: etapas, niveis, saídas profesionais.
- **Dirixidas a todo o alumnado:**
 1. Informar sobre o país ou países de procedencia do alumnado inmigrante.
 2. Utilizar na aula algunhas referencias da lingua de orixe estranxeira, como son saúdos, despedidas, expresións e frases feitas.
 3. Escribir por grupos ás diversas embaixadas solicitando información e materiais sobre os países representados na clase e comunicárllelos a outros grupos.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

4. Programar conferencias, táboas redondas, etc. sobre as culturas e países de orixe.
5. Ver e comentar cintas de vídeo relacionados cos países de orixe.
6. Programar semanas culturais dedicadas acoñecemento mutuo das distintas culturas que conviven no centro.

Nesta programación que poderíamos denominar intercultural, haberá que evitar caer no folclorismo, xa que o obxectivo que se persegue é un maiorcoñecemento e enriquecemento mutuos.

Recursos Persoais:

Todo o persoal do centro educativo.

Recursos Materiais:

Os que sexan necesarios para realizar as distintas actividades que se propoñan.

Temporalización:

Todo o curso.

Avaliación:

Realizarase a pertinente avaliación no derradeiro trimestre.

PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS.

Tendo en conta o establecido na **circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación , Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria**, e tendo en conta a instruciónoitava, o Departamento de Orientación elaborou un programa de habilidades básico que se incluírán no Plan de Acción Titorial do curso 2023/2024 para que todo o alumnado utilice ou incorpore estratexias para comunicarse e enfrontar adecuadamente aquelasituacións de conflitoás que poida verse expostonasúa vida escolar e social.

Obxectivos.

- Diferenciar entre os distintos estilos de comportamento.
- Comprender a utilidade de canalizar os propios sentimentos para que exista unha efectiva comunicación.
- Aprender distintas técnicas que facilitan a comunicación asertiva.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Dar importancia aos compoñentes non verbais que se producen na comunicación.
- Entender as diferentes habilidades sociais básicas e a súa aplicación práctica.
- Diferenciar os contextos onde se produce a comunicación dentro do centro escolar e saber controlar a maneira de dirixirse aos demais en cada un deles.
- Adquirir conciencia dalgunhas habilidades sociais máis avanzadas.

Contidos.

- Aspectos básicos da comunicación verbal e non verbal.
- Primeiras habilidades sociais.
- escoitar.
- Iniciar unha conversa.
- Manter unha conversa.
- Formular unha pregunta.
- Dar as grazas.

- Asertividade.
- Autoafirmacións positivas.
- Habilidades sociais avanzadas.
 6. Pedir axuda.
 7. Participar.
 8. Dar instrucións.
 9. Seguir instrucións.
 10. Desculparse.

Metodoloxía

O método de traballo que imos seguir será eminentemente práctico, xa que se desenvolverá dentro do Plan de Acción Titorial que se levará a cabo nas horas de titoría, traballando con dous tipos de ferramentas: en primeiro lugar, as dinámicas de grupo e, en segundo lugar, algunhas técnicas de adestramento en habilidades sociais. Entre estas atópanse as seguintes:

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Modelado. É a representación por parte do educador dunha situación social que requirepoñer en práctica a habilidade a adestrar cos pasos condutuais que a compoñen.

Xogo de Roles. O suxeito, unha vez percibida a utilidade da habilidade representada para a súa vida real, reproduce dunxeito o máis real posible o rol que se lle asignou.

Retroalimentación. Realízase tanto por parte do educador coma dos compañeiros/as e será fundamentalmente positiva, xa que os comentarios serán acompañados de mensaxes construtivas, polo que na práctica a formulación convértese en reforzamento.

Transferencia e mantemento. A transferencia refírese á xeneralización das condutas aprendidas e o mantemento da persistencia desas condutas ante as distintas situacións que en diferentes contextos poidan darse.

Destinatarios

Todos os alumnos que cursen a etapa de ESO.

Elaborarase un programa de habilidades sociais personalizado para aqueles alumnos que o titor/a e o Departamento de Orientación propoñan contando co visto bo do Equipo Directivo do Centro e coa conformidade da familia do alumno implicado.

Recursos Personais:

Será levado a cabo polo orientador/a do centro en colaboración cos tutores, estando todo o persoal docente implicado no seguimento e mantemento das habilidades sociais que foran adquiridas polos alumnos.

Recursos Materiais:

Os que sexan necesarios para realizar as distintas actividades que se propoñan.

Temporalización:

Todo o curso.

Avaliación:

Realizarase unha avaliación ao finalizar cada unha das habilidades traballadas para ver o grao de adquisición.

PROGRAMA DE ESTIMULACION DA LINGUAXE EN ORAL (PELO)

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Unha das tarefas dos mestres de Audición e Linguaxe nos centros educativos é a estimulación da linguaxe nos primeiros anos de desenvolvemento. Existe unha relación clara entre a linguaxe, a memoria e a atención, xa que aquela axudana a discriminación visual e auditiva do nomeado, a categorizar os conceptos, a interiorizar o mundo externo, a exercitar e a empregar a capacidade de análise e síntese. Por todo isto, resulta básico ter en conta dende as etapas temperás este tipo de programas de estimulación nos que se traballarán de xeito específico e amplo os seguintes aspectos:

1. Discriminación auditiva: fonética e memoria auditiva.
2. Relaxación, respiración e sopro.
3. Praxes bucofonatorias.
4. Fonética e fonoloxía.
5. Morfosintaxe.
6. Léxico-semántica.
7. Habilidades comunicativas.
8. Habilidades metalingüísticas.

O plan ten como finalidade o desenvolvemento da linguaxe e a prevención de dificultades, reforzando unha serie de habilidades e aptitudes que entran en xoga na adquisición da lectura e a escritura, previndo posibles déficits na área comunicativo-lingüística.

Os **obxectivos xerais** serán:

- Estimular a fala e ofrecer modelos a imitar.
- Axudar para compensar ou eliminar diferenzas orixinadas polas desigualdades sociais e culturais.
- Aumentar a capacidade de comprensión e expresión das mensaxes orais.
- Favorecer o uso funcional da linguaxe oral, como instrumento de comunicación e representación.
- Favorecer os diversos usos da linguaxe, desenvolvendo as principais habilidades lingüísticas.
- Fomentar a espontaneidade e seguridade á hora de expresarse de maneira oral.

Como **obxectivos específicos**:

- Facilitar o ton axeitado dos órganos implicados na emisión vocal.
- Acadarunhaaxeitadaintensidade, control e direccionalidade no sopro.
- Desenvolver a capacidade de percibir e desenvolver distintos sons.
- Discriminar sons, fonemas e palabras.
- Consegur o desenvolvementodun sistema fonolóxicoaxeitado á idade do alumno/a.
- Ampliar o vocabulario.
- Desenvolver a motricidade fina.
- Estimular o pracer de comunicar por medio da palabra.

Temporalización

Segunda e terceiraavaliacións.

PLAN DE TRATAMENTO E DETECCIÓN DE SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

Na**Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa, abórdase por primeira vez no plano legislativo o tratamento de situacións de acoso, partindo da definición destassituacións de acordo cos criterios xeralmente admitidos pola comunidadepedagóxica, e inclúe a problemática derivada do mal ou inadecuado uso das novas tecnoloxías e, ademais, recóllense os principios de protección integral das vítimas e de primacía do interese e protección destas no tratamento do acoso escolar.

No artigo 28 da **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa, incluído no capítulo III titulado "*Prevención e tratamento das situación de acoso escolar*", defínese o acoso escolar dicindo:

Para os efectos destalei, considérase acoso escolar calquera forma de vexaciónou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outroououtraououtros, xa sexa de carácter verbal, físico oupsicolóxico, incluído o

illamentooubaleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos outecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima.

Os criterios son:

A existencia de intención de facerdano

- Debe existir unhavítima concreta, indefensa e unhapersoa agresora que lle fai dano conscientemente.

A repetición das condutas agresivas

- A agresión crea navítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente.
- Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente. Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo.
- É un tipo de violencia difícil de identificar debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, mentres que o alumnado ten coñecemento dos sucesos.

A duración no tempo

- Establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora oupersoas agresoras.

Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoamáisforte e a máis débil. Son situacións de desigualdade e de indefensión para a vítima. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poidasaír por si mesma da situación.

Tipos de acoso escolar

Para poder identificar unha situación de acoso é necesario coñecer tanto as súas formas coma as súas consecuencias.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Respecto das formas de acoso, temos que ter presentes manifestacións de maltrato tanto verbal –a través de insultos, alcumes, desprestixio...– coma físico, contra a persoavítima ou os seus obxectos persoais. Tamén hai que ter en conta posibles situacións de intimidación, tales como ameazas, chantaxes, roubos... e, por último, situacións de illamento.

Algunhas destas manifestacións de acoso poden exercerse a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC): teléfono móbil, redes sociais... (ciberacoso). Algúns exemplos de manifestación a través das TIC son: mensaxes de móbil ofensivas, intimidatorias ou non desexadas; correos electrónicos ofensivos, intimidatorios ou non desexados; utilización da súa imaxe sen permiso, gravacións de sucesos co móbil sen permiso, outros.

Os momentos e os lugares, e mesmo os medios, nos que pode producirse o acoso son múltiples: durante o recreo e nos patios, na fila, nos baños, nos corredores...; na aula, cando a profesora ou o profesor mira o encerado para dar unha explicación ou mentres se atende a algunha alumna ou alumno; nos cambios de clase, no comedor, no transporte escolar, nas entradas ou saídas do centro, no exterior do centro, a través do móbil (mensaxes, chamadas anónimas ...), por Internet, a través das redes sociais, chat ou correo electrónico, outros.

Polas características da vítima pode haber manifestacións específicas de acoso: racista, homofóbico, sexista, dirixido a alumnado con discapacidade.

Trátase de potenciar a prevención do acoso escolar mediante a implicación de pais, profesores e alumnos, a potenciación das condutas positivas para a creación dun bon clima de aula, e establecemento de normas e de reparto de responsabilidades aportando ferramentas para que os propios alumnos sexan capaces de recoñecer e denunciar o acoso escolar.

O programa de actividades está pensado para traballar cos alumnos, as familias e o profesorado. Preténdese proporcionar aos docentes e as familias metodoloxías aptas para guiar aos alumnos neste proceso de prevención do acoso escolar.

Obxetivos

- Xerais

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Sensibilizar á toda a comunidade educativa sobre o acoso escolar, as súas causas e consecuencias.
- Previr no alumnado a aparición de condutas relacionadas co acoso escolar.

➤ Específicos

Estableceranse distintos obxetivos específicos en función dos destinatarios do programa: alumnos, familias e profesorado.

➤ Obxetivos para o alumnado

- Aprender a recoñecer e evitar as situacións de risco relacionadas co acoso.
- Potenciar condutas prosociais de empatía e aceptación positiva de un mesmo dos demais para mellorar o clima da aula.
- Desenvolver estratexias de resolución de conflitos.

➤ Obxetivos para as familias

- Reflexionar sobre a importancia do seu estilo educativo familiar no correcto desenvolvemento do neno.
- Ofrecer ás familias información sobre o acoso escolar: indicios e consecuencias do acoso escolar.
- Coñecer as principais estratexias e programas fronte ao acoso escolar.

➤ Obxetivos para o profesorado

- Ofrecer información sobre o acoso escolar e as formas de abordarlo:
- Desenvolver o compromiso personal e mellorar a implicación contra o acoso escolar.

Destinatarios

Este programa de intervención está dirixido a:

- Os alumnos e alumnas do centro.
- As familias: as familias son o primeiro axente de socialización para os nenos, polo que o seu papel na prevención do acoso escolar é fundamental. Preténdese que as familias se sensibilicen sobre a importancia do seu papel no correcto desenvolvemento dos nenos, coñezan en qué consiste o acoso

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

escolar, saiban identificalo e cómo deben actuar ante os principais indicios de alerta.

- Os docentes: despois da familia, a escola é o segundo axente socializador na vida dun nenno. O seu papel é fundamental como guía e modelo. É necesario que coñezan que é o acoso escolar, como actuar ante él e que se comprometan de xeito activo na súa erradicación.

Contidos

- Contidos a traballar co alumnado

- As normas da aula.
- O concepto dun mesmo.
- Empatía e aceptación do outro.
- Emocións.
- Conflicto.
- Estratexias de resolución de conflitos. Acoso escolar.

- Contidos a traballa coas familias

Estilos de familia

Acoso escolar: Indicios e consecuencias do acoso escolar Estratexias ante un caso de acoso escolar.

- Contidos a traballar co profesorado

Acoso escolar: axentes implicados, características e consecuencias.

Procesos a seguir no caso de acoso escolar.

Metodoloxía

O método de traballo que imos seguir será eminentemente práctico, xa que se desenvolverá dentro do Plan de Acción Titorial que se levará a cabo nas horas de titoría, traballando con dous tipos de ferramentas: en primeiro lugar, as dinámicas de grupo e, en segundo lugar, algunhas técnicas de adestramento para mellorar a convivencia. Ésta é a metodoloxía que se levará a cabo dentro da labor educativa de prevención do acoso escolar.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

No suposto caso de que se produxera unha situación de acoso escolar dentro do centro, seguiríase o protocolo de actuación ante o acoso escolar e o Departamento de Orientación realizaría o asesoramento e apoio técnico que sexa preciso, desenvolvemento todas aquelas tarefas que lle sexan encomendadas, para realizar as medidas reducadoras e de corrección que sexan necesarias

Recursos

➤ **Persoais:**

Será levado a cabo por cada titor/a nas horas de titoría en colaboración co orientador/a do centro, estando todo o persoal docente implicado no seguimento e mantemento das pautas que sexan necesario realizar.

➤ **Materiais:**

Os que sexan necesarios para realizar as distintas actividades que se propoñan.

Temporalización

Todo o curso.

Avaliación

Realizarase unha avaliación ao finalizar cada unha das habilidades traballadas para ver o grao de adquisición.

1. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DELEGACIÓN PROVINCIAL – LUGO

CURSO 2023/2024

PROVINCIA LUGO **LOCALIDAD** MONFORTE DE LEMOS **ENDEREZO** SANTO DOMINGO S/N

NOME DO CENT C.P.R. FUNDACIÓN EDUCATIVA TORRE DE LEMOS **TELÉFO** 982400350

TITULAR FUNDACIÓN EDUCATIVA TORRE DE LEMOS

CPR. PLURILINGÜE FED. TORRE DE LEMOS

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

ED. INFANTIL, ED. PRIMARIA E ED. SECUNDARIA OBRIGATORIA (UNIDADES AUTORIZADAS / UNIDADES EN FUNCIONAMIENTO)

(*) E.I...3/3... E.P.... 6 / 6 ... E.ESP...../..... E.P.A...../....
E.S.O.... 4 / 4 ...

ED. SECUNDARIA POSTOBRIGATORIA (UNIDADES AUTORIZADAS / UNIDADES EN FUNCIONAMIENTO)

(*) BACHARELATO... / ... F.P.-C.F..... / ...

UNID. SUBV. ED. INFANTIL ...3 (concertadas)... UNID. CONCERTO PLENO E.P. /
E.S.O.... 10 ... UNID. CONCERTO F.P. / C.F....

DIRECTORA M^a ESTHER RODRÍGUEZ CAMINO

ETAPA E/OU MODALIDADE	CI CL O	CUR SO	MATRÍC	PROFESORADO APELIDOS E NOME	S/N	MATERIAS QUE IMPARTE	TITULACIÓN	HABILITACIÓN
EI, EP	2º	4º	12	GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, ANA INMACULADA 44.455.404-S	S	EI: GLOBALIZADO, PSICOMOTRICIDADE EXPRESIÓN MUSICAL EP: APOIO	MESTRA EI, EP, EE	
EI	2º	5º	15	VIDAL ARIAS, RAQUEL 34.272.878-A	S	EI: GLOBALIZADO, PSICOMOTRICIDADE RELIXIÓN EXP. MUSICAL	MESTRA EI	RELIXIÓN EI, EP
EI, EP	2º	6º	20	MÉNDEZ LÓPEZ, CRISTINA 34.266.585-N	S	EI: GLOBALIZADO, RELIXIÓN, A. EDUCATIVA APOIO. EP: RELIXIÓN	MESTRA EI,	RELIXIÓN EI, EP
EP	1º	1º	15	RUIZ CASANOVA, M ^a HILDA 34.265.754-D	S	EP: L. CASTELÁ, L. GALEGA, MATEMÁTICAS, CN, CS, P. COMP, APOIO	MESTRA EI, EP, AL	
EP	1º	2º	21	FERNÁNDEZ CORUJO, LETICIA 12.417.916-D	S	EP: L. CASTELÁ, L. GALEGA, MATEMÁTICAS, PLÁSTICA	MESTRE EI, EP	RELIXIÓN EI, EP INGLÉS EP
EP	2º	3º	25	FERNÁNEZ SÁNCHEZ, M ^a MAR 34.260.618-W		EP: L. CASTELÁ, L. GALEGA, MATEMÁTICAS, PLÁSTICA, CN, CS, RELIXIÓN, APOIO	MESTRE EP	INGLÉS, RELIXIÓN
EP	2º	4º	26	PÉREZ RODRÍGUEZ, IBÁN 34.264.541-S	S	EP: L. GALEGA, MATEMÁTICAS, CS, CN., MÚSICA, APOIO	MESTRE (MÚSICA)	
EP	3º	5º	24	PÉREZ GARRIDO, M ^a SALETA	S	EP: LIN. CASTELÁ, L. GALEGA, PLÁSTICA, CN, CS	MESTRE EI, EP	

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

				34.272.326-A		P. COMPET., VALORTES, APOIO		
EP	3º	6º	24	NELA LOUREIRO VIÉITEZ 34.274.400-F	S	EP: MATEMÁTICAS, CN, CS, L.GALEGA, PT	MESTRA EP, PT	INGLÉS EP
				VÁZQUEZ RIVERA, ADRIÁN 34.272.330-F		EI: PSICOMOTRIC., EXPRESIÓN CORPORAL EP: EF, CS, PLÁSTICA,APOIO	MESTRE (EF) PSICOPEDAG.	INGLÉS
EP				RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, CLARA 02288370-P	S	EP: AL, APOIO	MESTRE, A.L.	
EP, ESO				RODRÍGUEZ CAMINO, ROSA Mª 34.262.441-P	S	EP: INGLÉS, ESO: INGLÉS, XEFA DE ESTUDOS	MESTRA (ING) LDA. FILOLOX. INGLESA	
EI, EP, ESO				VÁZQUEZ ÁLVAREZ, MARÍA 34.260.743-N	S	EP: PT, APOIO ESO: ORIENTACIÓN, FILOSOFÍA VALORES	LDA. PSICOLOX., MESTRA (PT)	FILOSOFÍA VALORES ESO
ESO				GARCÍA LUACES, IVÁN 34.276.171F	S	ESO: EF, PROXECTO COMPETENCIAL	LDO. ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTE	
ESO	1º	1º	19	LÓPEZ DACOSTA, NOELIA 34.275.533-J	S	ESO: EDUCACIÓN DIXITAL, TECN E DIXIT. E. DIXITAL FÍSICA-QUÍMICA TITORÍA,	LDA. QUÍMICAS	TECNOLOX., ED. DIXIT. F-Q, BEX.
ESO	1º	2º	20	ACEIRO MARTÍNEZ, Mª VICTORIA 34.447.528-W	S	EI: INGLÉS. EP: INGLÉS. ESO:	LDA FILOLOX. (INGL.)	INGL. EI/EP L. CAST. E

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

						INGLÉS L. CAST. E LIT.		LIT. XEOG E HIST
ESO	2º	3º	18	MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, PATRICIA 34.270.438-R	S	ESO: MATEMÁTICAS	LDA. MATEMÁTICAS	
ESO	2º	4º	19	CONDE CARNERO, LUIS 34.262.108-C	S	EP: RELIXIÓN ESO: Xª e Hª, RELIX. P. COMP, TITORÍA, APOIO	LDO. XEOGRAF. E HISTORIA.	RELIXIÓN EP, ESO LATÍN ESO
				RODRÍGUEZ FERREIROS, ISABEL 34268857-F	S	ESO: LING. GALEGA, I. CASTELÁ, ORATORIA, APOIO	LDA. FILOLOX GALEGA	L. CAST. E LIT., ORATORIA
ESO				VÁZQUEZ LÓPEZ, EVA 34274339-S	S	ESO: BIOLOX-XEOL.	LDA. QUÍMICA	TECNOLOX., BEX, E. DIXIT.
ESO				RODRÍGUEZ CAMINO, Mª ESTHER 34.262.440-F	S	ESO: INGLÉS, DIRECTORA	LDA. FILOLOX (ING), MESTRA (ING)	
ESO				CASTAÑO AIRA, Mª CARMEN 34.258.760-F	S	ESO: MÚSICA	SUP. PIANO	
ESO				ÁLVAREZ OTERO, SARA 34.269.773-A	S	ESO: E. PLÁSTICA E VISUAL	LDA. BELAS ARTES	
ESO				NEREA PÉREZ CASTRO 34.290.377-E	S	ESO: FRANCÉS	GRADO EN LINGUAS MODERNAS	FRANCÉS
ESO				DAPENA GIL, ÁNGEL 34.260.926-B	S	ESO: ECONOMÍA APOIO	LDO. CC. ECÓMICAS E EMPRESARIA IS	ECONOMÍA ESO

4. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

a) Consello Escolar

Reúnese unha vez ao trimestre con carácter ordinario e con carácter extraordinario sempre que sexa necesario. As xuntanzas celébranse de maneira presencial ao remate da xornada escolar do día sinalado.

En termos xerais, o plan de actuación do Consello é o seguinte:

PRIMEIRO TRIMESTRE:

- Presentación Plan Xeral Anual, servizos complementarios, actividades extraescolares e calquera outro aspecto relacionado co comezo do curso escolar. (Finais de setembro/outubro).
- Renovación parcial dos membros do Consello se procede(novembro).
- Presentación das contas anuais (decembro).

SEGUNDO TRIMESTRE:

- Cusetións varias que xurdan ao longo do trimestre (admisión de alumnado, marcha xeral do centro, seguimento do Plan de Convivencia, etc.).

TERCEIRO TRIMESTRE:

- Presentación da memoria final de curso, calendario escolar e listaxe de libros de texto para o seguinte ano (finais de xuño ou comezo de xullo).

Composición:

Presidenta: M^a Esther Rodríguez Camino

Representantes da Titularidade: M^a Esther Rodríguez Camino
María Vázquez Álvarez
Rosa M^a Rodríguez Camino

Representates dos mestres: Leticia Fernández Corujo
Noelia López Dacosta
Nela Loureiro Viéitez

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Iván García Luaces

Representantes dos pais: Jéssica Álvarez Troitiño
Tania Hidalgo Armada

Representantes do P.A.S.: Mercedes Sotelo Álvarez

Representante da ANPA: Santiago Goyanes Blanco

Ata a súa renovación, o Consello non contará con representantes dos alumnos, xa que os que foron elixidos nas renovación anterior non se atopan xa o centro.

b) Claustro de profesores

As reunións do equipo docente celébranse os martes pola tarde de 16:30 a 18:30h sempre e cando sexan convocadas con anterioridade pola dirección, xefatura de estudos, xefatura do DO sempre que sexa necesario para tratar algún aspecto que sexa preciso abordar para o axeitado funcionamento do centro.

Ademais, a dirección enviará comunicacións telemáticas aos docentes sempre que o precise co fin de facilitar a coordinación das tarefas, dar avisos, convocar xuntanzas, etc.

Composición:

Mestres titores:

1. Ana Inmaculada González Fernández (E. Infantil 3 anos).
2. Raquel Vidal Arias (E. Infantil 4 anos).
3. Cristina Méndez López (E. Infantil 5 anos).
4. M^a Hilda Ruiz Casanova (1^o E. Primaria).
5. Leticia Fernández Corujo (2^o E. Primaria).
6. Mar Fernández Sánchez (3^o E. Primaria).
7. Ibán Pérez Rodríguez (4^o E. Primaria).
8. Saleta Pérez Garrido (5^o E. Primaria).
9. Nela Loureiro Viéitez (6^o E. Primaria).
10. Noelia López Dacosta (1^o ESO)
11. Victoria Aceiro Martínez (2^o ESO).

12. Patricia Martínez Rodríguez (3º ESO).

13. Luis Conde Carnero (4º ESO).

Mestres sen titoría:

1. Adrián Vázquez Rivera Mª Mar Fernández Sánchez

2. Rosa Mª Rodríguez Camino (EP, ESO).

3. Mª Carmen Castaño Aira (ESO).

4. Isabel Rodríguez Ferreiros (ESO).

5. Sara Álvarez Otero (ESO).

6. Mª Esther Rodríguez Camino (ESO).

7. Ángel Dapena Gil (ESO).

8. Eva Vázquez López (ESO).

9. Nerea Pérez Castro (ESO).

10. María Vázquez Álvarez (Orientadora, ESO, PT).

11. Clara Rodríguez Fernández (AL).

12. Diego Rodríguez Castiñeira (AL).

13. Iván García Luaces (ESO).

5. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

Está composto por:

Directora: Mª Esther Rodríguez Camino.

Xefa de Estudos: Rosa Mª Rodríguez Camino.

Secretaria: María Vázquez Álvarez.

Patronas da Fundación Educativa Torre de Lemos: Mª Hilda Ruiz Casanova e Cristina Méndez López.

O Equipo Directivo reúne como mínimo unha vez ao mes para abordar cuestións relativas ao funcionamento do colexio, tanto a nivel organizativo como académico, especialmente aspectos relacionados coa coordinación entre as distintas etapas, a avaliación das actividades levadas a cabo, proposta de novas actuacións aos órganos colexiados, cumprimento do Plan de convivencia, directrices xerais para a elaboración da PXA, Memoria de fin de curso e Proxecto Educativo de Centro.

Tamén se reunirá de xeito extraordinario sempre que as circunstancias o requiran.

Estas xuntanzas celebraranse os luns ou martes pola tarde no despacho de Dirección.

6.XORNADA ESCOLAR E HORARIO DE CENTRO

Horario do centro:

O colexio permanece aberto todos os días de 8.00h a 20.00h para o profesorado e persoal de administración e servizos.

O alumnado e as familias poden acudir ao colexio para a actividade lectiva, servizos complementarios e tarefas administrativas de luns a venres entre as 8.00h e as 17:30h.

A xornada escolar é continua en horario de mañá nas tres etapas educativas, aínda que o alumnado de secundaria tamén ten dúas horas de clase o luns pola tarde. Non obstante, as entradas e saídas a clase producíranse de xeito escalonado para facilitar o acceso dos alumnos e as súas familias ao recinto escolar.

CURSOS	ENTRADA	SAÍDA	LUGAR
ESO	8.45h	14.15h	Porta do pavillón
	16.15h	17.55h	Porta do pavillón
4º, 5º, 6º EP	9.00h	14.00h	Porta do pavillón
1º, 2º, 3º EP	9.00h	14.00h	Capela
EI	9.15h	14.15h	Galería

As actividades extraescolares realízanse en horario de tarde, entre as 15.30h e as 17.30h. O mesmo horario teñen as custodias de tarde.

7. QUENDAS DE VIXIANCIA NOS RECREOS

Os alumnos de ESO saíran ao recreo organizados en dous grupos todos os días agás o xoves, que irán todos xuntos. Os espazos que utilizarán son o adro e as terrazas, ás que saíran alternativamente. Os xoves os catro cursos da etapa farán o recreo no pavillón:

11.15-11.45	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Pavillón				1º, 2º, 3º 4º ESO María, Noelia,	1º, 2º, 3º 4º ESO Sara, Eva, Ángel

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

				Ángel	
Terrazas	1º , 2º ESO Luis, Patri	3º, 4º ESO Patri, Noelia	1º , 2º ESO Eva, Patri		
Adro	3º, 4º ESO Isa, María	1º , 2º ESO Iván, M. Carmen	3º, 4º ESO Isa, María		

Os alumnos de EP poderán facer o recreo en dous espazos: claustro e pavillón. Estarán divididos en dous grupos: 1º, 2º e 3º EP por un lado e 4º, 5º e 6º EP polo outro. Cada grupo de alumnos estará custodiado por dous mestres, segundo se recolle no seguinte cadro:

11:45 12:10h	Luns	Martes	Mércores	xoves	Venres
Claustro	4º, 5º, 6º EP Ibán, Saleta	1º, 2º, 3º EP Leti, Mar	4º, 5º, 6º EP Adrián, Saleta	1º, 2º, 3º EP Adrián, Mar	1º, 2º, 3º EP Hilda, Viky
Pavillón	1º, 2º, 3º EP Hilda, Viky	4º, 5º, 6º EP Adrián, Ibán	1º, 2º, 3º EP Hilda, Mar	4º, 5º, 6º EP Ibán, Nela	4º, 5º, 6º EP Saleta, Leti/Nela (rotando)

Os días de choiva o recreo de EP celebrarase en espazos cubertos coma o pavillón e as galerías interiores:

11:45 12:10h	Luns	Martes	Mércores	xoves	Venres
Galería	5º, 6º EP Nela, Saleta	1º, 2º EP Viky, Mar	5º, 6º EP Adrián, Saleta	1º, 2º EP Hilda, Leti	1º, 2º EP Hilda, Viky
Pavillón	4º EP Ibán	3º EP Clara	4º EP Ibán	3º EP Viky	3º EP Mar

En EI utilizaranse varios espazos para o recreo, que son o patio cuberto de infantil e o patio traseiro outortugueiro.

11.45-12.10	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
	Patio cuberto Cris, Clara	Tortugueiro Anaí e Raquel	Tortugueiro Anaí e Clara	Tortugueiro Cris e Raquel	Patio cuberto Clara e Raquel

8.PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Os órganos unipersoais de goberno existentes no centro son: directora, xefa de estudos e secretaria.

A comunicación existente entre elas é diaria e fluída: todos os días se reúnen para abordar cuestións relativas ao funcionamento diario do colexio pertencentes ao ámbito de competencia de cada unha.

A mesma comunicación existe entre a xefa de estudos ou a directora coas persoas encargadas de coordinar determinados aspectos de funcionamento do centro: titorías, grupos, alumnos, ausencias do alumnado, comedor, etc. Para elo utilízanse a plataforma Educamos e os grupos de wassap creados a nivel interno no centro, ademais dunha comunicación eficaz, diaria e fluída.

Sempre que algún dos órganos unipersoais de goberno desexe manter unha xuntanza con outros membros do equipo directivo ou do claustro de profesores, convocaraa cunha semana de antelación e celebrarase o seguinte martes pola tarde no horario que se determine na convocatoria, salvo que a urxencia dos temas a tratar fixera necesaria unha xuntanza extraordinaria, que se celebraría canto antes.

En canto aos obxectivos que os órganos unipersoais de goberno perseguen, destacan os seguintes:

Velar porque se cumpran no centro os fins básicos da educación con respecto á lexislación e aos puntos principais do noso Proxecto Educativo e o Ideario do centro.

- Garantir que se respecten os dereitos e deberes de todos os membros da Comunidade Educativa e fomentar a participación de todos os seus membros

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

na vida diaria do colexio ofrecendo todos os recursos dispoñibles para logralo e para que os obxectivos xerais propostos se cumpran.

- Colaborar en todo momento co equipo docente e cos distintos órganos de coordinación docente no desenvolvemento das súas funcións.
- Manter unha comunicación fluida e constante con cada un dos estamentos que forman a comunidade escolar do centro: alumnos, familias, profesorado e PAS.
- Dirixir e coordinar o axeitado cumprimento dos diferentes protocolos e plans que regulan a vida no colexio.
- Desenvolver e analizar os distintos procesos de avaliación a que é sometido anualmente o funcionamento do centro.

Fora do ámbito estritamente académico está o Padroado da Fundación Educativa Torre de Lemos, que se ocupa do goberno e a dirección xeral da institución que leva o seu nome. Reúnese tres veces ao ano (ao inicio do curso, para a presentación das contas e o plan anual no mes de decembro e ao remate do curso escolar para realizar o balance final do seu desenvolvemento). Tamén se pode reunir de maneira extraordinaria sempre que as circunstancias o requiran.

9. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Os órganos de coordinación existentes no colexio son:

- **En cada etapa educativa haberá varias persoas encargadas de realizar tarefas de coordinación:** da PXA, das saídas e excursións, das festividades, da memoria fin de curso, das reunións cos delegados, dos proxectos de innovación educativa, do plan de uso e desenvolvemento das Tics (aulas virtuais, redes sociais, web, etc.), celebracións, etc. Este ano ademais volveuse crear a figura de coordinador de ciclo que terá a responsabilidade de revisar as programacións didácticas do seu ciclo antes de que sexan revisadas pola dirección. Os coordinadores de ciclo do presente curso son:

EI: Cristina Méndez López.

1º ciclo EP: Hilda Ruíz Casanova.

2º ciclo EP: Mar Fernández Sánchez.

3º ciclo: Saleta Pérez Garrido.

1º ciclo ESO: Noelia López Dacosta.

2º ciclo de ESO: Patricia Martínez Rodríguez.

- **Os titores:**informarán semanalmente á xefatura de estudos sobre o funcionamento educativo de cada un dos grupos ou a evolución do alumnado, familias, actividades complementarias, ausencias, incidencias no ámbito da convivencia escolar, etc.
- **Os departamentos de ciencias, linguas, idiomas e D.O.:** reuniranse unha vez a comezo de curso para preparar o PXA e outra a finais para a elaboración da memoria. A terceira xuntanza realízase no segundo trimestre para valorar a evolución dos obxectivos plantexados, aínda que se pode facer algunha reunión máis ao longo do ano se as circunstancias o aconsellan. Mención especial merece o D.O. cuxa coordinadora mantén reunións periódicas cos membros do Departamento para analizar a evolución das tarefas desenvolvidas e os retos que se plantexan a diario concernentes ao seu ámbito de actuación.

O mesmo sucede co Departamento de Linguas Estranxeiras que realizará xuntanzas periódicas para analizar o funcionamento do plan plurilingüe do colexio.

- **Os equipos de ciclo, etapa, aula, ENDL, actividades extraescolares e complementarias, artística, Voz Natura, revista escolar, deporte e biblioteca** manterán como mínimo tres xuntanzas (unha por trimestre) ao longo do curso para preparar a PXA, a Memoria de fin de curso e aquelas outras cuestións que poidan xurdir no desenvolvemento das súas funcións.
- **Comisión de coordinación pedagóxica:** estará encargada de revisar e modificar o PEC a partires das conclusións presentadas polos distintos equipos de coordinación docente. Non temos un calendario de xuntanzas preestablecido, senón que estas iran se celebrando en función da dispoñibilidade horaria dos seus membros.

Ao igual ca os demais equipos, as súas xuntanzas serán preferiblemente non presenciais.

A continuación inclúese a programación xeral elaborada por cada un dos órganos de coordinación docente para o curso 2022-2023:

- **EQUIPOS DE ETAPA**

Os Equipos de Etapa reuniranse coa persoa responsable da súa coordinación en función da tarefa que haxa que realizar en cada momento (PXA, Memoria, etc.).

Son tres os equipos desta natureza que hai no colexio: un de EI, outro de EP e un terceiro de ESO.

9.1. EQUIPO DE EDUCACIÓN INFANTIL

1. Datos da etapa

a) Composición do equipo	
Nome e apelidos	Especialidade
Ana InmaculadaGonzález Fernández	Educación Infantil, 3 anos
Raquel Vidal Arias	Educación Infantil, 4 anos
Cristina Méndez López	Educación Infantil, 5 anos
María Vázquez Álvarez	PT
Clara Rodríguez Fernández	AL
Victoria Aceiro Martínez	Inglés
Adrián Vázquez Rivera	Psicomotricidade e expresión corporal
b) Coordinador	
Nome e apelidos	Especialidade
Cristina Méndez López	Educación Infantil
c) Reunións	
Día	Hora
Dous martes alternos ao mes	17:30h

Reunións de Equipo:o equipo de EI convocado pola súa coordinadora, reunirase cunha periodicidade mensual para analizar aqueles aspectos salientables do desenvolvemento dos catro cursos, a nivel académico e de convivencia., aproveitando a permanencia no colexio os martes pola tarde.

d) Titorías	
Día	Hora
3 anos	Luns 15:30 - 16:30
4 anos	Martes 15:30 - 16:30
5 anos	Mércores 16:30 - 17:30

2. Obxectivos

- Obxectivos xerais de etapa

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

O segundo ciclo de Educación Infantil contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu ámbito familiar, natural e social. Coñecer e apreciar algunhas das súas características e costumes e participar activamente, de forma gradual, en actividades sociais e culturais do ámbito.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lecto-escritura e no movemento, o xesto e o ritmo.

- Obxectivos de etapa por áreas

- a. *Área de Comunicación e Representación da Realidade*

En relación con esta área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Apropriarse progresivamente das diferentes linguaxes para expresar as súas necesidades, preferencias, sentimentos, experiencias e representacións da realidade.
2. Experimentar e expresarse utilizando as linguaxes corporal, plástica, musical e tecnolóxica para representar situacións, vivencias, necesidades e elementos do ámbito e provocar efectos estéticos, amosando interese e gozo.
3. Utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos e valorar a lingua oral como un medio de regulación da conduta persoal e da convivencia.
4. Comprender as intencións comunicativas e as mensaxes doutros nenos e adultos, familiarizándose coas normas que rexen os intercambios comunicativos e adoptando unha actitude favorable cara á comunicación, tanto en lingua propia como estranxeira.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

5. Achegarse ás producións de tradición cultural. Comprender, recitar, contar e recrear algúns textos literarios mostrando actitudes de valoración, goce e interese cara a eles.
6. Desenvolver a curiosidade e a creatividade interactuar con producións plásticas, audiovisuais e tecnolóxicas, teatrais, musicais ou danzas, mediante o emprego de técnicas diversas.
7. Iniciarse nos usos sociais da lectura e a escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumento de comunicación, información e gozo.

b. *Área de crecemento en Harmonía*

En relación con esta área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Recoñecerse como unha persoa diferenciada das demais, identificando as propias posibilidades e limitacións e valorando a diversidade como unha realidade enriquecedora.
2. Formar unha imaxe axustada e positiva de si mesmo, a través da interacción cos outros e do coñecemento das propias características, desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía.
3. Progresar no control do corpo, desenvolvendo a percepción sensorial e axustando o ton, o equilibrio e a coordinación do movemento ás características do contexto.
4. Coñecer e representar o propio corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións, descubrindo e utilizando as súas posibilidades motoras, sensitivas, expresivas e cognitivas, coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
5. Identificar as propias necesidades, sentimentos, emocións ou preferencias, e ser progresivamente capaces de denominalos, expresalos e comunicalos aos demais, identificando e respectando, gradualmente, tamén os dos outros.
6. Adquirir progresivamente autonomía e iniciativa na realización das actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza.
7. Adecuar o comportamento ás necesidades e requirimentos dos outros en actividades cotiás e de xogo, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración, evitando comportamentos de submisión ou dominio.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

8. Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene e o fortalecemento da saúde, desenvolvendo estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas, de xeito progresivamente máis autónomo, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa.
9. Aprender a gozar das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional, aceptando as pequenas frustracións, recoñecendo os propios erros, buscando e aceptando axuda cando sexa necesario para superar as dificultades.
10. Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a propia aceptación, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto aos demais, a aceptación das normas, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

c. Área de Descubrimento e Exploración da Contorna

En relación con esta área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Observar e explorar de forma activa o seu ámbito físico, natural e social, desenvolver o sentido de pertenza a este e desenvolverse nel con certa seguridade e autonomía.
2. Relacionarse cos demais, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas básicas de comportamento social axustando a súa conduta a elas.
3. Identificar e achegarse ao coñecemento de distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, a algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.
4. Indagar o medio físico manipulando algúns dos seus elementos, identificando as súas características e desenvolvendo a capacidade de actuar e producir transformacións neles.
5. Iniciarse nas habilidades matemáticas manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.
6. Desenvolver e aplicar o pensamento matemático co fin de resolver problemas en situacións cotiás.
7. Interesarse polo medio natural, observar e recoñecer animais, prantas, elementos e fenómenos da natureza, experimentar, falar sobre eles e desenvolver actitudes de curiosidade.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

8. Coñecer e valorar os compoñentes básicos do medio natural e utilizar as habilidades necesarias para comprender algunhas das súas relacións, cambios e transformacións, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.

9. Coñecer as manifestacións culturais propias do seu ámbito, gozar con elas e valoralas, amosando interese e respecto por aquelas propias doutras comunidades e culturas.

8. Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira con intención comunicativa en actividades relacionadas coas situacións habituais da aula, e amosar interese e gozo ao participar nestes intercambios.

9. Iniciarse no uso de instrumentos tecnolóxicos, valorando o seu potencial como favorecedores de comunicación, expresión e fonte de información e diversificación de aprendizaxes.

3. Contidos

O Real Decreto 150/2022, do 8 de setembro, establece a ordenación e o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

É competencia dos centros desenvolvelo, concretalo e secuencialo no seu proxecto educativo, nunha proposta pedagóxica adaptada á realidade e características propias da súa comunidade educativa.

- Criterios para a secuenciación dos contidos

A secuenciación de contidos realizados ao longo do ciclo lévase a cabo atendendo aos seguintes criterios:

- Considerar o momento de desenvolvemento cognitivo e emocional propio das diferentes idades.
- Presentar os distintos contidos dun modo significativo para os nenos e nenas das distintas idades.
- Partir dos contidos máis concretos e máis próximos á realidade dos alumnos/as para avanzar, a través da manipulación e da experiencia, cara a outros máis abstractos.
- Atender á globalidade propia da etapa, establecendo unha axeitada interrelación entre os contidos das diversas áreas do currículo incluíndo, como parte fundamental destes, a educación en valores.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Tratar os contidos de modo cíclico ao longo de todo o ciclo de forma que se avance e afonde na súa consecución a través de aproximacións sucesivas.
- Afianzar e ampliar as adquisicións acadadas nos distintos ámbitos de desenvolvemento do neno:
 - a. Capacidades de equilibrio persoal:

Formar unha imaxe de si mesmo/a progresivamente máis axustada, aceptando as súas posibilidades e limitacións, mantendo unha actitude positiva de confianza nas propias capacidades.
 - b. Relacións persoais:

Progresar na ampliación e na calidade de relacións cos iguais nun marco que irá permitindo de forma paulatina a articulación e coordinación de diferentes puntos de vista.
 - c. Capacidades de inserción social:

Adquirir e mellorar o sentido de pertenza a diferentes grupos sociais e actuar de xeito progresivamente máis autónomo no seo dos devanditos grupos.
 - d. Capacidades cognitivas e lingüísticas:

Avanzar no dominio da linguaxe oral, así como na función de regulación e planificación da propia actividade.
- Os contidos deberán ter como referencia obrigada en cada momento do proceso educativo os obxectivos e as competencias básicas, a adquisición das cales facilitan. Os contidos para cada unha das áreas aparecen recollidos nas programacións de aula de cada grupo.

a. Área de Comunicación e Representación da Realidade

Bloque 1. Intención e interacción comunicativa

- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.
- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.
- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.

Bloque 2. As linguas e os seus falantes

- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.

- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.

Bloque 3. Comunicación verbal oral. Comprensión-expresión-diálogo

- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.

Bloque 4. Aproximación á linguaxe escrita

- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números...
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.

Bloque 5. Aproximación á educación literaria

- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional e/ou étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Situacións de lectura. Vínculos afectivos e lúdicos a través de modelos lectores de referencia.

Bloque 6. Linguaxe e expresión musical

- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.

Bloque 7. Linguaxe e expresión plástica e visual

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.

Bloque 8. Linguaxe e expresión corporal

- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos...) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.

Bloque 9. Alfabetización dixital

Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

b. Área de Crecemento en Harmonía

Bloque 1. O corpo e o control progresivo deste

- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.
- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos.

Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.
- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.
- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.
- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos –control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos– co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.
- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.

Bloque 2. Equilibrio emocional e desenvolvemento da afectividade

- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.

Bloque 3. Hábitos de vida saudable para o autocoidado e o coidado da contorna

- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.

Bloque 4. Interacción socioemocional na contorna. A vida coas demais persoas

- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.

c. Área de Descubrimento e Exploración da Contorna

Bloque 1. Diálogo corporal coa contorna. Exploración creativa de obxectos, materiais e espazos

- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.
- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.
- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.
- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.
- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións en que se fai necesario medir.
- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.
- Identificación das nocións topográficas básicas no plano.
- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...

Bloque 2. Experimentación na contorna. Curiosidade, pensamento científico e creatividade

- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Habilidades do pensamento computacional.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.

Bloque 3. Indagación no medio físico e natural. Coidado, valoración e respecto

- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sustentables.
- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- Os seres vivos e as súas características.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.

Bloque 4. Descubrimento e participación na contorna social. Relacións, servizos e actividades culturais

- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.
- Relacións de parentesco.
- A escola.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

4. Mínimos esixibles

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Adquirir destreza manipulativa para o trazo de diversas liñas de grafismo.
- Pronunciar axeitadamente.
- Ler e escribir vogais.
- Ler e escribir algunhas consoantes.
- Realizar exercicios de asociación, selección e clasificación.
- Coñecer novo vocabulario.
- Colorear adecuadamente.
- Dominar a motricidade fina.
- Adquirir autonomía persoal axeitada á súa idade.

5. Criterios de avaliación.

As características da avaliación en Educación Infantil (global, continua e formativa) permiten ao profesorado desta etapa canalizar a súa acción educativa facilitando ao alumnado cantidade e variedade de experiencias de aprendizaxe, co fin de que cada neno e nena acade o máximo desenvolvemento posible nas súas capacidades de acordo coas súas posibilidades.

Avaliar consiste en realizar un seguimento ao longo do proceso educativo que permita poñer en relación os criterios de avaliación, asociados ás capacidades que se pretenden desenvolver, coas características e posibilidades do alumno, orientando e reconducindo o proceso de ensino/aprendizaxe. O referente para establecer os criterios de avaliación constitúeno os obxectivos xerais, os obxectivos das áreas e os contidos, así como as competencias básicas.

Entre os procedementos de información, a observación directa e sistemática convértese nun instrumento de primeira orde, permitindo ao profesorado realizar o seguimento ao longo do proceso educativo, valorando e axustando a súa intervención en función dos datos obtidos.

Como instrumentos de observación con cada alumno, poderanse utilizar os seguintes:

- Avaliación inicial.
- Entrevistas coas familias, este curso poderán ser telefónicas ou presenciais.
- Conversacións cos alumnos.
- Situacións de xogo (tanto na aula como fóra dela).
- Producións dos nenos e nenas.
- Boletíns trimestrais.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Todos os pais recibirán información dos distintos aspectos recollidos na presente programación mediante:

- Reunións informativas de principio de curso na aula.
- Reunións individuais telefónicas/presenciais con cada familia durante o primeiro trimestre; no segundo e terceiro trimestre mandarase notas informativas sobre a evolución dos alumnos, a través de Educamos e cando sexa preciso, realizaranse reunións de tutoría.
- Intercambio de información a través da plataforma Educamos.
- Comunicado de información a través de circulares ou a través da plataforma Educamos.
- Blog de EI onde se poden informar as familias de distintos aspectos da etapa.

Tamén se realizará unha avaliación tanto do proceso de ensino-aprendizaxe como da práctica docente para constatar que aspectos favoreceron a aprendizaxe e en que outros deben introducirse modificacións ou melloras.

Algúns dos aspectos aos que atenderá son:

- Planificación das tarefas:
 - Valoración da planificación realizada, analizando os resultados obtidos en función dos esperados.
 - Organización dos espazos, tempos e materiais.
 - Adecuación das programacións e as medidas de reforzo.
- Participación:
 - Relación familia - escola. Colaboración e implicación dos pais.
 - Relación entre os alumnos/as, e entre estes e os profesores.
- Organización e coordinación do equipo:
 - Ambiente de traballo e participación.
 - Implicación dos membros.
 - Distinción de responsabilidades.

Os resultados da avaliación do proceso de ensino incidirán na adaptación do Proxecto Curricular e de Aula.

Os criterios de avaliación do 2.º ciclo de Educación Infantil aparecen recollidos un por un nas programacións de aula das distintas áreas de coñecemento de cada curso.

6. Metodoloxía

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Os principios que van orientar a nosa práctica educativa son os seguintes:

- Enfoque globalizador entre as distintas áreas de experiencias que aparecen no currículo, de maneira que non se traten de xeito independente senón coma un todo.
- Metodoloxía activa que permita ao alumno ser o protagonista da súa propia aprendizaxe: experimentar, investigar, expresarse, preguntar, etc.; isto é, velar pola integración activa dos alumnos/as na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.
- Motivación
Tomando como punto de partida o nivel de desenvolvemento dos alumnos/as e as súas aprendizaxes previas, proporanse situacións de aprendizaxe que teñan sentido para eles, partindo dos seus intereses, demandas, necesidades e expectativas. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo.
- Autonomía na aprendizaxe
Como consecuencia dos dous puntos anteriores, a metodoloxía favorece a maior participación dos alumnos e isto concrétese en aspectos como a utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos adaptada á tipoloxía de alumnado que temos na aula, a gradación das actividades en función do desenvolvemento evolutivo propio da etapa, tendo en conta que deben aparecer en último lugar aquelas que requiran un maior grao de habilidade e autonomía ou o respecto dunhas normas básicas sobre o traballo.

Programación cíclica

Perfectamente integrada nos obxectivos xerais da etapa e tamén unha rigorosa selección dos contidos, que reforzan o aprendido nos cursos precedentes e abren o coñecemento cara a novos temas.

- Atención á diversidade do alumnado
A intervención educativa en Educación Infantil asume, como un dos seus principios básicos, a atención ás características individuais de cada un dos alumnos/as, os seus diferentes ritmos de maduración e aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.
- Sensibilidade pola educación en valores
O progresivo acceso a formas de conduta máis autónomas e a crecente socialización dos alumnos fai obrigada a educación en valores a través de actividades que favorecen o desenvolvemento de capacidades, actitudes, hábitos e condutas positivas en relación coa autonomía e o axeitado manexo da afectividade, a comunicación, a

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

relación cos demais, a adquisición de responsabilidades, a asunción das normas sociais, o coidado da natureza e o medio, etc.

- Relación coas familias

As características propias da aprendizaxe entre os tres e os seis anos esixen prestar unha especial atención á relación e coordinación pedagóxica entre a escola e as familias. Nesta etapa, a educación dos nenos e nenas está intimamente relacionada coas súas experiencias e vivencias na vida cotiá, ligándose de tal maneira que todo o que acontece no ámbito da familia ten unha repercusión na escola e viceversa.

Establecer canles apropiadas de comunicación e coordinación entre as familias e a escola favorece que os nenos perciban a participación e o interese dos seus pais, os que, comprendendo e valorando o seu traballo e os seus logros, contribúen a incrementar a súa autoestima e motivación.

O desenvolvemento da metodoloxía plantexada tamén terá moito que ver coa posta en marcha dun sistema de traballo que pon en relación as distintas intelixencias e emocións de que dispoñemos coas distintas áreas e os seus elementos curriculares.

Seguimos a traballar co método de matemáticas ABN baseado en torno a cinco bloques de contidos matemáticos básicos: contar, desenvolver o sentido do número, realizar transformacións nos conxuntos ou coleccións, desenvolver o sentido espacial (xeometría) e desenvolver a lóxica infantil a través de actividades manipulativas.

Todas as áreas, na súa materialización nas actividades de aula, poderán xerar situacións de ensino-aprendizaxe vinculadas a todas as intelixencias. Pero a natureza de cada intelixencia encontra un maior grao de afinidade en determinados contidos dalgunhas áreas. Presentamos os lazos que, neste sentido, a nosa programación vai mostrar.

- a. *Área de crecemento en Harmonía*

Os seus contidos impulsan, especialmente, o desenvolvemento das intelixencias:

- . Corporal cinestésica.
- . Intrapersoal.
- . Interpersoal.

- b. *Área de Descubrimento e Exploración da Contorna*

Os seus contidos impulsan, especialmente, o desenvolvemento das intelixencias:

- . Naturalista.
- . Interpersoal.

. Lóxico matemática.

. Espacial.

c. *Área de Comunicación e Representación da Realidade*

Os seus contidos impulsan, especialmente, o desenvolvemento das intelixencias:

. Lingüística.

. Corporal cinestésica.

. Espacial.

. Musical.

En consonancia con esta proposta recolleremos as relacións da nosa programación coas intelixencias múltiples e as emocións na identificación dos bloques de contido de cada unha das áreas.

7. Agrupamento dos alumnos

Este ano os alumnos da etapa de Infantil están sentados en grupos de tres ou catro alumnos por mesa. O traballo poderá ser individual (fichas dos cadernos ou nas actividades dos contos para facilitar o ritmo individual de aprendizaxe) ou en grupo para os talleres e outras actividades.

Por outro lado, fomentárase a interacción entre todos os alumnos favorecendo o diálogo entre eles nos momentos de traballo ou de xogo, promovendo a verbalización e o diálogo espontáneo e as normas elementais que rexen a conversación (respecto da quenda de palabra, respecto ás opinións dos demais, etc.).

8. Organización dos espazos

A organización dos espazos escolares terá en conta a necesidade de crear ambientes agradables e funcionais, cos que os alumnos poidan identificarse e desenvolverse, potenciando o desenvolvemento progresivo da autonomía tanto nos hábitos diarios (hixiene, alimentación, descanso, etc.) como na realización das distintas actividades escolares.

- A aula

Prestarase unha especial atención á ambientación da aula de modo que se converta nun espazo cómodo e confortable no que os alumnos se sintan protexidos e co que cheguen a identificarse. Para conseguir isto procurarase:

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Ambientar a aula tendo en conta as diversas realidades culturais de todo o alumnado do grupo-clase, así como a súa idade, os seus intereses e necesidades sociais.
- Utilizar as producións realizadas polo propio alumnado como elemento de ambientación.
- Os espazos comúns

O funcionamento e a organización dos espazos comúns (patio, sala de psicomotricidade, corredores, etc.) ateranse ás decisións adoptadas no Proxecto de Centro.

9.Organización do tempo

A organización do tempo contéplase dende dúas perspectivas claramente diferenciadas:

- A confección dun horario xeral co correspondente desenvolvemento das áreas e acorde á súa óptima temporización. Este debe ser flexible para adaptarse ás necesidades propias do desenvolvemento evolutivo dos alumnos/as, permitindo a creación de axeitados hábitos de hixiene, alimentación e descanso mediante o desenvolvemento das rutinas diarias.
- A elaboración dun horario de actividade docente, no que se formulan as restantes actividades organizativas do centro.

En consecuencia, teremos en conta as seguintes variables:

10.Temporalización das actividades

A temporalización rexerese polo principio de flexibilidade, pero mantendo unha rutina de actividades que permita aos alumnos a creación de hábitos estables de traballo.

Á hora de planificar a distribución de actividades ao longo da xornada diaria terase en conta a necesidade de manter uns ritmos axeitados de alternancia entre:

- Períodos de descanso e períodos de actividade.
- Actividades que requiren atención e concentración e actividades que non as necesitan.
- Tempo de dedicación aos alumnos que necesitan unha atención individualizada.
- Contidos que se traballarán de forma globalizada e outros que requiren un tratamento máis sistematizado.

11 . Actividade docente

As actividades de coordinación do equipo docente e de relación cos pais e alumnos tamén se consideran de gran importancia.

En consecuencia, organizarase a actividade docente de modo que cubra as necesidades referidas a:

- Coordinación de equipos.
- Coordinación de ciclo.
- Coordinación de grupos.
- Coordinación pedagóxica coas familias.
- Acción tutorial.

12. Materiais e recursos didácticos

a. Materiais:

Durante este curso os materiais que se empreguen serán de uso individual polo que non haberá os currunchos de xogo. Cada alumno terá ao longo da semana unha bolsa con materiais de xogo a cal se desinfectará o final de semana para poder ser utilizada por outro compañeiro. Na clase soamente haberá os seguintes materiais:

- Animais.
- Construcións.
- Coches.
- Puzzles de pezas de plástico duro.
- Plastilinas (cada alumno terá a súa plastilina nun bote co seu nome)
- Tesoiras, lápices, pinturas, gomas e pegamento (de uso individual).
- Táboas de direccionalidade.
- Bloques lóxicos.
- Caixas de clasificación.
- Dominós.
- Ensartables.
- Caixas de siluetas.
- Xogos de medidas: balanzas, reloxos, calendarios, de capacidade, de lonxitude, etc.
- Regretas.
- Xogos de encaixe.

- Libros con pouco texto.
 - Libros de imaxes.
 - Láminas murais.
 - Xogos de imaxes: fotografías.
 - Abecedarios.
 - Xogos de memoria.
 - Xogos de preescritura.
 - CD-ROM educativos.
 - Altosfalantes.
 - Pizarra dixital.
-
- Material de psicomotricidade:
 - Pelotas.
 - Aros.
 - Cordas.
 - Picas.
 - Zancos.
 - Material sensorial: cor, tacto, tamaños, sons, olores e sabores.
 - Outros materiais e mobiliario da aula:
 - Ficheiros.
 - Lousas.
 - Mesas.
 - Cadeiras.
 - Armarios.
 - Estantes.
-
- b. Recursos didácticos:
- Material informático e robots DOC.
 - Recursos audiovisuais das diferentes materias (globalizado, lectoescritura, matemáticas, música, ...)

13.Medidas de atención á diversidade

- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Todos os alumnos do colexio recibirán unha atención individualizada e personalizada e, aqueles que o precisen contarán co apoio do Departamento de Orientación que intervirá, tanto dentro coma fóra da aula, sempre que dende o centro se considere preciso e se conte coa autorización das familias.

Ademais, cada mestre traballará dentro da aula aqueles aspectos que supoñan un atranco ou dificultade para cada alumno a través dunha serie de actividades de reforzo que se detallan a continuación:

3 anos

DIFICULTADES	ACTIVIDADES
Expresión oral.	<p>Imaxes secuenciadas.</p> <p>Memorización de poesías, cancións, trabalinguas, etc.</p> <p>Lectura de imaxes (pictogramas).</p> <p>Traballo co son: instrumentos naturais (boca, mans,pés...), e artificiais (instrumentos musicais: pandeiro, xilófono...)</p> <p>Exercicios de vocalización.</p> <p>Exercicios de relaxación e respiración.</p>
Comunicación e linguaxe	<p>Memorización e reprodución de textos tradicionais.</p> <p>Utilización axeitada de frases sinxelas de diferente tipo: afirmativas, negativas, etc.</p> <p>Crear diferentes necesidades de comunicación: solicitar axuda, pedir permiso, expresar desexos, pedir perdón.</p>
Comportamento	<p>Reforzo positivo.</p> <p>Realización responsable de pequenas</p>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

	<p>tarefas e cargos sinxelos.</p> <p>Maior cooperación no coidado dos obxectos da clase e na axuda aos compañeiros.</p> <p>Relación estreita coas familias.</p> <p>Participación en xogos cooperativos.</p>
Socialización	<p>Xogos cooperativos.</p> <p>Expresión musical, (baile, mímica, etc.).</p> <p>Xogo simbólico (casiña, médicos, perruquerías, etc.).</p>
<p>Non respecta as normas da clase.</p> <p>Motricidade grosa</p>	<p>Seguimento diario, entrevista cos pais.</p> <p>Movemento, ritmo: bailes, danzas...</p> <p>Xogos que impliquen control muscular (saltos, carreiras, etc.).</p> <p>Traballo con material específico de psicomotricidade: aros, pelotas, picas, etc.</p> <p>Circuitos programados.</p> <p>Xogos simbólicos.</p>
Motricidade fina	<p>Quebracabezas, cosidos, ensartables,...</p> <p>Técnicas de picado, resgado, recortado, etc.</p> <p>Manipulación de obxectos de diferente textura, forma, etc.</p> <p>Traballo de fichas de grafomotricidade.</p>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Preescritura	Repasado de trazos sinxelos. Debuxo libre. Fichas de reforzo específicas. Traballo con cadernos de cuadrícula
Manexo do lapis	Observación constante. Correctores. Comunicación coas familias para que tamén o corrixan.
Expresión matemática	Clasificación e seriación de diversos obxectos segundo forma, cor, tamaño, etc. Diferentes actividades de orientación espacial e temporal. Fichas específicas.
Non remata as tarefas	Aproveitamento de momentos de ocio para realizar as tarefas sen rematar.
Problemas de atención e concentración	Comentario de láminas, contos, etc. Canciós, poemas, adiviñas, etc.

4 anos

*1º TRIMESTRE:

DIFICULTADE	ACTIVIDADE
Problema na dirección das grafías a,u,i.	Fichas de ref. direccionalidade
Non colorea dentro dos límites.	Fichas de ref. para colorear.
Non recoñece as vogais a,u,i.	Fichas de traballo (a,u,i) Lámina identificación (a,u,i)
Non colle ben o lapis.	Observación, corrección, axuda.
Problemas psicomotores, habilidades básicas.	Traballo individual na aula de psicomotricidade.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Identificación dos números 1, 2 e 3, unidade e grafía.	Fichas de repaso.
Problemas de atención e concentración.	Contos, cancións, murais.
Non remata as tarefas.	Aproveitamento de momentos de ocio para realizar as tarefas sen rematar.
Non respecta as normas da clase.	Seguimento diario, entrevista cos pais.

***2º TRIMESTRE:**

DIFICULTADE	ACTIVIDADE
Problema na dirección das grafías : e, o, p, m.	Fichas de ref. direccionalidade
Non colorea dentro dos límites.	Fichas de ref. para colinear.
Non recoñece as vogais e mais as consoantes p, m.	Fichas de traballo. Lámina identificación.
Non colle ben o lapis.	Observación, corrección, axuda.
Problemas psicomotores, habilidades básicas.	Traballo individual na aula de psicomotricidade.
Identificación do número 4, 5, unidade e grafía.	Fichas de repaso.
Problemas de atención e concentración.	Contos, cancións, murais.
Non remata as tarefas.	Aproveitamento de momentos de ocio para realizar as tarefas sen rematar.
Non respecta as normas da clase.	Seguimento diario, entrevista cos pais.
Non coñece as grafías traballadas.	Ficha de traballo de letras. Lámina de identificación de letras.

***3º TRIMESTRE:**

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

DIFICULTADE	ACTIVIDADE
Problema na dirección das grafías : l, s.	Fichas de ref. direccionalidade
Non colorea dentro dos límites.	Fichas de ref. para colorear.
Non recoñece as vogais e as consoantes traballadas.	Fichas de traballo. Lámina identificación.
Non colle ben o lapis.	Observación, corrección, axuda.
Problemas psicomotores, habilidades básicas.	Traballo individual na aula de psicomotricidade.
Identificación do número 5, 6, unidade e grafía.	Fichas de repaso.
Problemas de atención e concentración.	Contos, cancións, murais.
Non remata as tarefas.	Aproveitamento de momentos de ocio para realizar as tarefas sen rematar.
Non respecta as normas da clase.	Seguimento diario, entrevista cos pais.
Non coñece as consoantes p, m, l, s.	Ficha de traballo de letras. Lámina de identificación de letras.

5 anos

*1º TRIMESTRE:

DIFICULTADE	ACTIVIDADE
-Problemas de direccionalidade nas grafías.	-Fichas de direccionalidade.
-Non colorean dentro dos límites.	-Fichas para colorear.
-Non recoñecen nin escriben as consoantes traballadas.	-Contos, libro de lectura, fichas, láminas.
-Non recoñecen nin escriben as sílabas das consoantes programadas.	-Contos, libro de lectura, fichas, láminas.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

-Problemas de grafomotricidade.	-Fichas de grafomotricidade.
-Non representan os cardinais ata o 10.	-Fichas de repasar.
-Problemas de atención e concentración.	-Contos, cancións, láminas, murais, películas.
-Non seguen as normas da clase.	-Seguimento diario e entrevistas cos pais.
-Non rematan as súas tarefas.	-Seguimento diario e entrevistas cos pais.

***2º TRIMESTRE:**

DIFICULTADE	ACTIVIDADE
-Problemas de direccionalidade nas grafías.	-Fichas de direccionalidade.
-Problemas de grafomotricidade.	-Fichas de grafomotricidade.
-Non recoñecen nin escriben as consoantes traballadas.	-Contos, libro de lectura, fichas, láminas.
-Non recoñecen nin escriben as sílabas das consoantes programadas.	-Contos, libro de lectura, fichas, láminas.
-Non recoñecen nin representan graficamente os cardinais do 1 ao 14.	-Fichas.
-Non representan os cardinais en orde ascendente e descendente.	-Fichas.
-Problemas de atención e concentración.	-Contos, cancións, láminas, murais, películas.
-Non rematan as súas tarefas.	-Seguimento diario e entrevistas cos pais.
-Non seguen as normas da clase.	-Seguimento diario e entrevistas cos pais.

***3º TRIMESTRE:**

DIFICULTADE	ACTIVIDADE
-------------	------------

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

-Problemas de direccionalidade nas grafías.	Fichas de direccionalidade.
-Problemas de grafomotricidade.	-Fichas de grafomotricidade.
-Non recoñecen nin representan graficamente os cardinais do 1 ao 20.	-Fichas.
-Non representan os cardinais en orde ascendente e descendente.	-Fichas.
-Dificultade na iniciación á suma e á resta.	-Fichas.
-Non recoñecen nin representan graficamente sílabas inversas, mixtas e trabadas.	-Contos, libro de lectura, fichas, láminas.
-Dificultade na lectura de frases sinxelas e complexas.	-Contos, libro de lectura, fichas, láminas.
-Dificultade na representación gráfica de palabras e frases.	-Fichas, láminas.

* O Equipo de Educación Infantil está constantemente en contacto coa mestra do primeiro curso de Primaria para seguir as mesmas directrices á hora de establecer unha formación continuada do alumnado no momento en que faga promoción á Educación Primaria.

14. Actividades complementarias e extraescolares

- Actividades complementarias:

Algunas das actividades que realizaremos serán: taller de outono, samaín, nadal, día da paz, entroido, etapa do Camiño de Inverno a Santiago, teatro, maxia, ...

- Excursións trimestrais:

- Saída ao cine.
- Saída relacionada coas unidades traballados no trimestre.
- Excusión a unha granxa escola.

- Actividades extraescolares:

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Finalmente, as actividades que se van realizar debido á formación de grupo son as seguintes:

- Speaking
- Patinaxe
- Natación.

15. Accións de acordo co proxecto lector

- Obxectivos específicos para educación infantil
 - Ampliar o campo visual.
 - Desenvolver a agudeza perceptiva visual.
 - Desenvolver a memoria mediata.
 - Ir ampliando progresivamente o vocabulario.
 - Promover actividades que favorezan a lectura.
 - Potenciar o uso da biblioteca de aula.
 - Propiciar que os alumnos utilicen a lectura como actividade no seu tempo de lecer e ocio.
 - Traballar a comprensión lectora en todas as áreas, non só na lingüística.

- Actividades

O xogo será o elemento motivador no noso plan. Xogos variados individuais, con metodoloxía concreta e cun tempo axeitado, tendo sempre en conta os obxectivos que queremos conseguir: velocidade, memoria, redución de fixacións, comprensión, etc.

 - Exercicios para ampliar o campo visual físico.
 - Observación de láminas de linguaxe.
 - Coñecemento dos diversos personaxes do plan lector.
 - Lectura de imaxes (nomear a imaxe).
 - Lectura de imaxes (sons vocálicos).
 - Lectura de imaxes (sons fonéticos consonánticos).
 - Exercicios de recordo. Que comiches? Diálogos na asemblea.
 - Contacontos.
 - Coñecemos palabras novas por medio das láminas de linguaxe.
 - Explicación do conto.
 - Iniciación á lectura de contos.

- Utilización da biblioteca de aula.

15. Programas educativos no ciclo de infantil

A. Programa de estimulación con bits de intelixencia

Todos nacemos cun gran potencial e nós soamente axudaremos ao seu desenvolvemento.

Poñendo o empeño na estimulación conseguiremos que os nosos nenos e nenas obteñan unha situación favorable necesaria para o desenvolvemento das súas capacidades.

Todo isto facémolo a través dun programa de estimulación da intelixencia que consiste no uso de diferentes láminas sobre temáticas como arte, animais, vexetais, instrumentos musicais, monumentos, etc. que durante dúas semanas se traballan na clase, ampliando a información que sobre elas reciben os alumnos de xeito progresivo.

Deste xeito, favorecemos as conexións neuronais a partir de estímulos sensoriais en formato de imaxe e contribuímos a un enriquecemento importante do vocabulario dos alumnos.

B. Programa de estimulación perceptivo-cognitivo

Por medio de diversas láminas creativas pretendemos que os nenos e nenas interioricen de maneira práctica diferentes conceptos identificando os termos específicos que designan as distintas capacidades.

A través de diversos xogos vemos a cadea de capacidades necesarias para chegar á resolución de actividades: os alumnos teñen que IDENTIFICAR, COMPARAR, RELACIONAR, DIFERENCIAR, CLASIFICAR, DEDUCIR, INDUCIR e DEFINIR. Realizamos esta actividade todos os días da semana como parte do circuíto dos "curruchos de xogo" nos que os nenos participan ao chegar á clase, motivándose así para comezar a xornada escolar.

Mapas conceptuais: mediante unha serie de mapas conceptuais aprendemos a SINTETIZAR todos os coñecementos que imos adquirindo nas unidades didácticas. Facemos un mapa conceptual por unidade, traballando os diferentes temas: educación vial, os alimentos, a familia, os animais, etc.

C. Psicomotricidade

Traballando pola maduración senso-neuro-motriz. O desenvolvemento nas diferentes etapas permite aos rapaces e rapazas organizar o sistema nervioso

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

correctamente; isto é importante para conseguir un dominio do corpo e que os órganos sensoriais sexan simétricos, acadando así unha boa coordinación.

- 3 anos: trabállase no coñecemento das diferentes partes do corpo e na capacidade de movemento de cada unha delas.
- 4 anos: centrámonos na coordinación entre as diversas partes do corpo.
- 5 anos: o equilibrio, a flexibilidade, a velocidade, etc. constitúen o eixo fundamental dos nosos esforzos. Trátase dunha fase preparatoria para a Educación Física na Primaria.

Todo isto traballáremolo por medio de diversos CIRCUIITOS PSICOMOTRICES de dificultade adaptada a cada curso, que pretenden preparar e axudar aos nenos e nenas no seu desenvolvemento motriz de maneira axeitada e automatizada. Estes aspectos traballaránse fomentando sempre hábitos de vida saudables e unha alimentación sana.

D. Proxecto plurilingüe

En Educación Infantil contamos cun proxecto plurilingüe detallado a continuación:

O CPR. Plurilingüe FED. Torre de Lemos é o único colexio plurilingüe da comarca de Lemos e integra en toda a etapa de Primaria o castelán, o galego e o inglés como linguas vehiculares dentro das aulas. No ensino Secundario tamén se incorpora o francés como segunda lingua estranxeira.

Os fundamentos nos que nos baseamos para o ensino das linguas son:

1. A lingua é un elemento fundamental para a comunicación, xa que permite expresar opinións, emocións e interactuar co resto de falantes que se interacciona. Nun futuro moi próximo, non ter competencia no manexo de linguas universais suporá unha limitación seria ás posibilidades de desenvolvemento do individuo como parte da sociedade na que vai actuar como persoa, estudante ou traballador. Según afirma Wittgenstein "Os límites da miña linguaxe son os límites do meu mundo".
2. A maneira máis adecuada de aprender unha lingua é mediante o seu uso. É preciso convivir con ela, escoitala, utilizala, ver que nos rodea dendeidades o máis temperás posible.
3. A didáctica da lingua ten que ser integral en todo o centro. A coordinación do equipo docente resulta fundamental para unificar as estratexias de ensino e

aprendizaxe, coordinar as actividades a desenvolver e aplicar as mesmas ferramentas de avaliación nas distintas etapas.

Segundo ciclo de educación infantil

Comprende tres grupos con preto de cincuenta alumnos para o curso 2023/2024. A metodoloxía é individualizada e personalizada para adaptarnos ao ritmo de crecemento, desenvolvemento e aprendizaxe de cada neno. Os alumnos edúcanse nun ambiente de afecto, comprensión e estímulo, fortalecendo a súa confianza e animándoos a emprender novos proxectos.

Todos os grupos teñen pizarras dixitais na aula, o que permite abrir unha ventá ao mundo e á innovación metodolóxica que isto supón. A través da robótica e de diferentes plataformas dixitais, pretendemos que os alumnos se acheguen ao mundo das novas tecnoloxías e aprendan conceptos básicos das mesmas.

Trabállanse todos os bloques de razoamento lóxico, orientación espacial, conceptos básicos, matemáticas, etc. a través do traballo diario da intelixencia emocional, co fin de proporcionar aos alumnos un desenvolvemento cognitivo e emocional completo.

Dende os tres anos levamos a cabo un programa de desenvolvemento do razoamento lóxico matemático a través do método ABN de matemática manipulativa. Tamén se traballa a psicomotricidade fina de maneira divertida e diaria como paso previo para a aprendizaxe da escritura.

Desenvolvemos un método globalizado de lectura para esta etapa, a través do cal introducimos aos alumnos nun mundo das letras de forma natural a través dun conto titulado *Letrilandia, o país das letras*. Este método, lévanos a que unha ampla porcentaxe dos alumnos chegue á E. Primaria coa lectura comprensiva adquirida. Tamén traballamos a grafomotricidade, o que permite aos alumnos unha aprendizaxe gradual e completa, de modo que aos 5 anos son capaces de ler e escribir adecuadamente.

Ademais, para traballar a primeira aproximación dos nenos á lectura, contamos co apoio da biblioteca. É un espazo para EI e 1ºEP, no que os materiais están adaptados exclusivamente a estas idades. A través do mesmo, pretendemos iniciara os alumnos no goce e no desfrute da lectura con contacontos (realizados tanto polos mestres coma polos pais) , lectura de relatos, poesías, adiviñas, títeres... Todo elo, tendo en conta a motivación cara o alumnado para fomentar un bo hábito lector dende pequenos. Sen

esquecer as diversas actividades ao longo de todo o curso correspondendo as temáticas coas festividades da zona.

16. Proxecto plurilingüe para 2º ciclo de educación infantil

Fundamentación

Un proxecto lingüístico é a ferramenta que recolle os aspectos fundamentais do ensino e a práctica das linguas, proporcionando un tratamento integrado das mesmas dentro do centro escolar.

Denomínase plurilingüe porque inclúe máis de dúas linguas na competencia comunicativa do alumnado, no nos casos castelán, galego e inglés, destacando a interrelación e transferencia que se produce entre elas.

O programa plurilingüe consiste basicamente en desenvolver os contidos curriculares de áreas non lingüísticas noutras linguas, integrando o ensino de lingua e contidos, así como levar a cabo un tratamento integrado e coordinado de todas as linguas curriculares.

As tres linguas que interveñen no proxecto son vehiculares, é dicir, o alumnado aprende de forma natural en contextos naturais de aprendizaxe dentro e fóra da aula mediante o uso unhas veces do castelán, outras do galego e outras do inglés, sempre nun entorno lúdico e afectuoso.

- Presencia horaria das distintas linguas

A distribución horaria na etapa organízase por semanas cun total de 25 sesións de 55 minutos, agás a sesión inicial diaria que é de 40 minutos. En todo caso e para facilitar o cómputo final, no recadro que se presenta a continuación cada sesión equivale a unha hora:

Educación Infantil	Sesións Semanais
Áreas en castelán	11.5
Descubrimento e Exploración da Contorna (método ABN, lóxico matemática).	5
Comunicación e Representación da Realidade (lectoescritura, expresión oral, asamblea).	6.5

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Áreas en inglés	7
Crecedemento en Harmonía (psicomotricidade, expresión corporal)	2
Comunicación e Representación da Realidade (speaking)	3
Descubrimento e Exploración da Contorna (Tics, expresión plástica).	2
Áreas en galego	6.5
Crecedemento en Harmonía.	4.5
Relixión/ Atención Educativa	1
Descubrimento e Exploración da Contorna (expresión musical).	1
TOTAL	25

En EI trabállanse as tres áreas(Comunicación e Representación da Realidade, Crecedemento en Harmonía e Descubrimento e Exploración da Contorna) demaneira integrada nos tres idiomas. Sen embargo, xa se establece unha pequena aproximación de cada unha das linguas ás materias ou ámbitos de coñecemento no que se van impartir en etapas posteriores segundo establece o Proxecto Lingüístico do centro. Lembrar ademais, que a lingua elixida polas familias de EI como materna é o castelán, de ahí que o número de sesións impartidas neste idioma sexa maior.

Os alumnos que presenten NEE recibirán apoio dentro da aula, na medida do posible, na mesma lingua que se imparta a sesión, tendo sempre en conta o benestar do alumnado. Isto fai que sexa necesario manter unha coordinación no traballo entre o mestre de referencia e o de apoio. Esta necesidade de coordinación non queda reducida aos docentes que coinciden dentro da aula nun momento determinado, senón que implica a todo o profesorado que imparte clase nun mesmo grupo. Este aspecto será clave para asegurar o éxito do programa.

A coordinación de aula, que resulta imprescindible para marcar obxectivos e actividades, levarase a cabo unha vez por semana fóra do horario escolar. Será os martes pola tarde, cando todo o profesorado permanece no centro para o desenvolvemento de reunións de coordinación e sesións de claustro. Nestas xuntanzas estarán presentes os mestres de linguas estranxeiras participantes no programa

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

cocoordinador do mesmo e o titor de cada grupo, para tomar decisións acerca dos obxectivos e as actividades programadas para cada semana, evitando a repetición de contidos e/ou actividades.

Haberá un caderno de actividades de aula no que se recollerá a programación semanal e no que se fará constar se unha actividade non se puido levar a cabo ou se, pola contra, se fixo alguna outra actividade que non estivera programada.

Finalmente, a coordinación tamén debe existir entre as diferentes etapas, neste caso con EP, tamén plurilingüe, á hora de establecer criterios metodolóxicos e de tratamento das linguas para evitar os cambios excesivamente bruscos cando se pase dunha á outra.

- Obxectivos establecidos para cada lingua

O obxectivo xeral no tratamento integrado das linguas é o establecemento de obxectivos e metodoloxías comúns, criterios de avaliación compartidos e contidos repartidos entre as distintas linguas, de maneira que o alumnado poida rendabilizar as aprendizaxes lingüísticas e desenvolva ao máximo a súa competencia comunicativa plurilingüe. En xeral para a etapa son os seguintes:

1. Utilizar a lingua como instrumento de aprendizaxe, comunicación, representación e disfrute, de expresión de ideas e sentimentos, valorándoa coma instrumento de comunicación cos demais e de regulación da convivencia.
2. Combinar o uso da lingua oral con outros tipos de linguaxe en función da situación comunicativa.
3. Comprender as mensaxes emitidas por outros, tanto adultos coma compañeiros, e as súas intencións comunicativas nas distintas linguas, adoptando unha actitude positiva cara a elas.
4. Iniciarse na lectura e na escritura nas distintas linguas valorándoa como instrumentos de comunicación, información e goce.

- Aspectos metodolóxicos de actuación nas distintas linguas.

Hai varios aspectos a ter en conta:

1. Cada unha das linguas empregadas adquire a natureza de vehicular, é dicir, presenta a dobre función de ser instrumento e obxecto de aprendizaxe.
2. Ao longo da xornada escolar, calquera situación será aproveitada para favorecer a comunicación de xeito natural nas distintas linguas.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

3. Enfoque globalizado: o alumnado percibe a realidade de xeito global e implícasepoñendo en acción todas as súas capacidades. Hai que propoñersituacións de aprendizaxeglobais, cun sentido concreto, conectadas coa súa realidade inmediata, intereses e necesidades, traballandosimultaneamente os contidos das diferentes áreas nas tres linguas.

4. O traballo das rutinas desde o comenzo da vida escolar en tres anos é unha das bases da nosametodoloxía. As rutinas serven para interiorizar contidos e afianzar a linguaxe, de maneira que o alumno se sinta seguro á hora de producir oralmente. Dentro destas rutinas tamén se traballan de maneiraglobalizada aspectos como a lectoescritura, coñecemento do contorno, linguaxe matemática, cancións, etc.

- Criterios de avaliaciónnas distintas linguas.

O sistema de avaliación utilizará diversos instrumentos e criterios homoxéneos en todos os niveis, que permitan desenvolver o principio de avaliación continua, con momentos de valoración ao final de cada nivel ou etapa.

Estes criterios son para todas aslinguas:

- Comprende e disfruta dos contos e textos que escoitanas diferentes linguas.
- Aмосa interese e participa nas actividades relacionadas co conto.
- Aprende e interpreta as canciónscoseusmovementos.
- Emprega o vocabulario adquirido nassúasproducciónsorais e escritas.
- Escoita e comprende contos e textos adecuados aoseu nivel.
- Recoñece os sons e asociaos coas súas grafías.
- Repasa e escribe as letras traballadas, tanto en minúscula como en maiúscula.
- Realiza con interese as actividades de conciencia fonolóxica.

A avaliación continua trimestral deberá proporcionar información sobre o uso que cada alumno fai de cada unha das linguas.

- Procedementos de avaliación

Entre os procedementos de información, a observación directa e sistemática convértese nun instrumento de primeira orde, permitindo ao profesorado realizar o seguimento ao longo do proceso educativo, valorando e axustando a súa intervención educativa en función dos datos obtidos.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Os procedementos de avaliación concíbense e practícanse do seguinte xeito:

- Individualizada, centrándose na evolución de cada alumno, tendo en conta a súa situación inicial e particularidades.
- Integradora, xa que contempla a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación seleccionados.
- Cualitativa, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
- Continua, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases. Así mesmo, contéplase a existencia de elementos de autoavaliación que impliquen aos alumnos/as no proceso.

- Instrumentos de avaliación

As características da avaliación en Educación Infantil, permiten ao profesorado desta etapa canalizar a súa acción educativa facilitando ao alumnado cantidade e variedade de experiencias de aprendizaxe, co fin de que cada neno acade o máximo desenvolvemento posible nas súas capacidades de acordo coas súas posibilidades.

Avaliar consiste en realizar un seguimento ao longo do proceso educativo que permita poñer en relación os criterios de avaliación, asociados ás capacidades que se pretenden desenvolver, coas características e posibilidades do alumno, orientando e reconducindo o proceso de ensino/aprendizaxe. O referente para establecer os criterios de avaliación constitúeno os obxectivos xerais, os obxectivos das áreas e os contidos, así como as competencias básicas.

Como instrumentos de observación con cada alumno, poderanse utilizar os seguintes:

- Avaliación inicial.
 - Entrevistas coas familias.
 - Conversacións cos alumnos.
 - Situacións de xogo (tanto na aula como fóra dela).
 - Producións dos nenos e nenas.
 - Boletíns trimestrais.

17. Medidas de atención á diversidade

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Co fin de dar unha resposta axeitada ás necesidades educativas de todo o grupo-clase realizaranse axustes ou modificacións de modo que cada alumno poida conseguir os obxectivos propostos participando da dinámica xeral da aula.

As actividades de ensino-aprendizaxe adoptadas para ofrecer unha resposta educativa axeitada ás peculiaridades do grupo-clase seguirán as seguintes orientacións didácticas:

Levar a cabo actividades con diversos graos de realización.

Deseñar actividades diversas para traballar un mesmo contido.

Propoñer actividades que permitan diferentes posibilidades de execución.

Planificar actividades de libre execución por parte dos alumnos segundo os seus intereses.

Planificar actividades que teñan aplicación na vida cotiá.

Priorizar métodos que favorezan a expresión directa, a reflexión, a expresión e a comunicación nas distintas linguas.

Adequar a linguaxe en función do nivel de comprensión dos alumnos.

Seleccionar técnicas e estratexias metodolóxicas que, sendo útiles para todos os alumnos, tamén o sexan para os que presentan necesidades educativas especiais.

- Dar prioridade a técnicas e estratexias que favorezan a experiencia e reflexión: aprendizaxe por descubrimento.

- Favorecer o tratamento globalizado dos contidos.

- Partir de centros de interese sobre os que se globalice o tratamento dos contidos.

- Proporcionar os materiais necesarios para a realización das actividades de avaliación en función das características do alumno.

18. Procedementos para avaliar a propia programación

Ao rematar cada trimestre o docente revisará o cumprimento dos obxectivos establecidos na programación de cada unha das áreas e trasladará os resultados obtidos á aplicación Proens. Analizaranse os seguintes aspectos:

1. Grao de desenvolvemento dos contidos, facendo referencia tanto á secuenciación como á temporalización de contidos programados.
2. Grao de consecución dos obxectivos fixados.
3. Grao de adquisición das competencias básicas traballadas.
4. Materiais e recursos empregados.

5. Metodoloxía.
6. Medidas de atención á diversidade levadas a cabo: actividades de reforzo, recuperación e/ou ampliación.
7. Nivel de desenvolvemento das actuacións correspondentes ao Plan Lector e o Proxecto TIC.
8. Funcionamento das actividades extraescolares que poidan estar en relación cunha determinada materia e revisión das actividades complementarias levadas a cabo.
9. Avaliación: procedemento e resultados.

9.2 EQUIPO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Compoñentes:

- Hilda Ruíz Casanova, titora de 1º EP e coordinadora.
- Leticia Fernández Corujo, titora de 2º de EP.
- Mar Fernández Sánchez, titora de 3ºEP.
- Ibán Pérez Rodríguez, titor de 4º EP e mestre de Educación Musical en toda a etapa.
- Saleta Pérez Garrido, titora de 5º EP.
- Nela Loureiro Vieitez, titora de 6º EP.
- Mª Victoria Aceiro Martínez.
- Rosa María Rodríguez Camino.
- Adrián Jacob Vázquez Rivera, mestre de EF en toda a etapa.
- María Vázquez Álvarez, orientadora e PT.
- Clara Rodríguez Fernández, especialista en AL.

Reunións de Equipo: o equipo de EP reunirase cunha periodicidade mensual para analizar aqueles aspectos salientables do desenvolvemento dos catro cursos, a nivel académico e de convivencia., aproveitando a permanencia no colexio os martes pola tarde.

2. Concreción curricular

No Currículo de Primaria, posto en coñecemento dos docentes por parte da Consellería de Educación a través do DOG do día 29 de xuño de 2015 (Decreto 86/2015 de 25 de xuño), aparecen reflectidos os obxectivos curriculares para toda a etapa de Primaria, obxectivos que mantén o RD. 157/2022, de 1 de marzo, que desenvolve para a CPR. PLURILINGÜE FED. TORRE DE LEMOS

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

comunidade autónoma galega o decreto 155/2022, de 15 de setembro. A continuación indicaremos cada un deles e a consecución dos mesmos na aplicación cotiá:

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

En relación cos obxectivos presentados anteriormente, o centro ofrece aos seus alumnos e alumnas unha educación integral, plurilingüe (nas etapas de educación infantil e primaria) e de calidade, resultado da combinación de catro elementos básicos:

- Educación plural, inclusiva, igualitaria e equitativa

Potenciamos a educación plural, inclusiva, igualitaria e equitativa do noso alumnado achegando a cada un o que precisa en cada momento, dirixindo os nosos esforzos á atención á diversidade do alumnado.

- Centrada no cambio metodolóxico

O cambio metodolóxico do centro apostará polo fomento do uso de metodoloxías activas na aula, convertendo o alumnado en protagonista do seu propio proceso de aprendizaxe e ao profesorado en guía que o acompañe.

- Educación emocional

Propoñemos desenvolver no noso alumnado os coñecementos e habilidades sobre as emocións co obxectivo de capacitalos para afrontar de maneira efectiva os retos cotiáns, coa finalidade última de aumentar o benestar persoal e social. Ademais, tamén se prestará especial atención ao coñecemento dos propios sentimentos e emocións e á xestión dos mesmos.

- Convivencia escolar

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Será un aspecto clave a traballar no centro co alumnado, de forma que adquiren habilidades que lles permitan establecer relacións interpersoais positivas, baseadas no respecto aos demais e ás súas formas de pensar e actuar, na igualdade, na tolerancia ante as diferenzas, na resolución pacífica e dialogada dos conflitos e comprometida coa xeración dun clima de convivencia axeitado no centro.

2.1. Contribución á adquisición das competencias

Entendemos por competencias clave as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

A incorporación de competencias no currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles dende unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos e de aí o seu carácter básico.

A inclusión das competencias básicas no currículo permite integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais (incorporadas ás diferentes materias) como as non formais.

O desenvolvemento das competencias ten influencia non só nos contidos, senón tamén na metodoloxía e deberá ser avaliada a consecución deste obxectivo en cada unha das materias.

Identifícanse oito competencias clave. Son as seguintes:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia plurilingüe.
3. Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).
4. Competencia dixital (CD).
5. Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
6. Competencia cidadá (CD).
7. Competencia emprendedora (CE).
8. Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC).

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e de competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

2.2. Criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais.

A incorporación e o tratamento dos elementos transversais realizarase de maneiras diferentes:

- A través do traballo diario nas diferentes áreas ou materias trátanse contidos transversais de distinta natureza, non só dentro das actividades desenvolvidas na aula, senón tamén outras a realizar na casa.
- A través das actividades extraescolares e complementarias que se organicen desde os diferentes departamentos e equipos de traballo que funcionan a nivel de centro e que se desenvolven tanto dentro coma fóra do horario lectivo: charlas formativas para alumnado e familias sobre temas de interese; actividades extraescolares que potencian os hábitos de alimentación saudables e a práctica de exercicio físico; a aprendizaxe de idiomas estranxeiros; os clubs de lectura a través da biblioteca do centro; a radio escolar; a participación en certames diversos (poesía, narrativa, fotografía, deseño de carteis, etc.).
- A través da participación en diversos programas e plans: ensino plurilingüe, Voz Natura, Xogade, biblioteca escolar, plan de dixitalización, promoción de estilos de vida saudables, plan director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e os seus entornos, plan de prevención e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, plan contra a violencia de xénero, plan contra o consumo de drogas e alcohol, etc.
- A educación en valores cívicos, sociais e democráticos fundamentais para a convivencia (respecto, tolerancia, perseverancia, igualdade, xustiza, etc.) xunto coa educación emocional son dous aspectos fundamentais do Proxecto Educativo do centro desde hai anos, sobre os que se traballa en calquera momento e situación de aprendizaxe que se produza, tanto dentro das aulas coma en espazos comúns ou momentos de lecer.

2.3. Criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

O enfoque competencial do proceso de ensino e aprendizaxe influirá no desempeño do labor docente que se centrará na creación de situacións e experiencias de aprendizaxe nas que o alumnado sexa quen de poñer en valor o aprendido, desde un punto de vista conceptual, atitudinal e multidisciplinar.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

A metodoloxía que se vai empregar en toda a etapa basearase nos seguintes puntos:

- Salientar as aprendizaxes básicas e seleccionar os contidos máis relevantes para acadar as competencias clave.
- Facer un enfoque globalizado dos contidos.
- Acadar a funcionalidade das aprendizaxes para a súa aplicación en contextos diversos.
- Aprender a aprender, participando activamente nos traballos, procesos e na toma de decisións para ser cada vez máis autónomos.
- Metodoloxía activa que favoreza as aprendizaxes significativas.
- Atención á diversidade do alumnado, tanto na práctica docente coma na selección de contidos, tempos e ritmos de aprendizaxe.
- Aprendizaxe cooperativa e interactiva a través da participación activa e dinámica: habilidades, destrezas, actitudes, conceptos, intereses.
- Reorganización dos coñecementos coa axuda do grupo.

Todo isto ponse de manifesto a través de métodos que lles permitan aos nenos aprender desde a realidade e desde as concepcións previas, a mostrar curiosidade e interese por todo o que os rodea, sempre dende a atención á diversidade.

Ademais, é importante a cooperación conxunta e que vaian progresando ao seu ritmo acadando así maior autonomía.

2.4. Criterios xerais sobre o uso de materiais e recursos didácticos

O equipo docente ten liberdade para a elección dos materiais que empregarán no desenvolvemento do seu labor docente. Para elo utilizará materiais impresos ou dixitais, de elaboración propia ou pertencente ao equipo editorial que mellor se adapte ás súas necesidades.

- Materiais:
 - Libros de texto.
 - Fichas, actividades, etc.
 - Libros de consulta e de lectura.
 - Apuntamentos: esquemas, fotocopias, mapas etc.
 - Material de reforzo e ampliación.
 - Materiais específicos de para cada unidade, boletíns, pósters, flashcards, wordcards, etc.

- Bits para Linguacastelá.
- Materiais específicos de matemáticas: bloques multibase, dados, regletas...
- Outro material: folletos, dicionarios, etc.
- Material en formato dixital.
 - Recursos didácticos:
- Encerado dixital.
- Material informático.
- Ordenador.
- Proxector.
- Equipos audiovisuais do centro.
- Biblioteca do centro e de aula.
- Material deportivo.
- Material de laboratorio.
- Material musical.

2.5. Criterios de oferta educativa, agrupamentos en ámbitos, itinerarios e optatividade.

O centro oferta ao seu alumnado ensino nas tres etapas obrigatorias, entre elas EP. Trátase dun colexio de liña un que conta con 6 unidades de EP nas que se escolarizan nenos e nenas que cursan todos as mesmas materias, podendo elixir entre relixión e Proxecto Competencial en cada un dos cursos.

O equipo docente conxuntamente co equipo directivo, analizarán a conveniencia de realizar agrupamentos de materias en ámbitos, aspecto que polo momento, non se considera axeitado desenvolver no centro.

1.6. Criterios para o deseño de actividades complementarias

Ao inicio de cada curso escolar planifícase o programa de saídas que se prevé desenvolver ao longo do ano. Coma nas restantes etapas, as actividades planifícanse en función das diferentes propostas que van chegando desde outras institucións coma concello, deputación, oficina de información á muller, biblioteca municipal, etc., as máis das veces en relación con conmemoracións destacadas ou festividades locais.

- Un dos criterios que se seguen desde o centro é o de establecer vínculos entre o alumnado e a tradición cultural da contorna, ademais do reforzamento

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

de distintos valores sociais, cívicos e humanos. Deste xeito incorporase tamén o tratamento de aspectos transversais dun xeito lúdico e ameno.

- Outro criterio destacado é o de utilidade e servizo ao proceso de formación e aprendizaxe do alumnado, elixindo e propoñendo actividades que favorezan a adquisición dos obxectivos establecidos e axuden no desenvolvemento das competencias.
- Finalmente, a transversalidade é o terceiro criterio básico: trátase de normalizar a aprendizaxe do alumnado en calquera ámbito e a través de actividades e situacións diversas, unhas máis lúdicas e outras desde un ámbito máis formal.

A nivel xeral de centro está estipulada a realización dunha saída proposta polo equipo docente/alumnado cada trimestre:

- 1º trimestre: actividade de outono en relación coa natureza ou a práctica dalgún deporte.
- 2º trimestre: actividade de neve e deportes de inverno.
- 3º trimestre: actividade de auga (praia, práctica de deportes acuáticos, etc.).
- Tamén se realiza cada ano unha actividade de inmersión lingüística de varios días en diferentes localidades (Madrid, Asturias, etc.) cos alumnos de 5º e 6º EP.

Isto complementase con aqueloutras actividades que se vaia propoñendo realizar ao longo do curso debido ao seu interese para o alumnado e as súas familias.

1.7. Criterios para o deseño dos plans de reforzo personalizados para o alumnado que deba permanecer máis dun ano no mesmo curso e tamén para o alumnado que promocióne con materias pendentes de cursos anteriores.

Os alumnos de EP que deban permanecer un ano máis no mesmo curso, seguirán un plan específico de reforzo durante ese ano co fin de acadar o nivel de desenvolvemento axeitado das competencias clave. Para a elaboración destes plans o equipo docente do alumno reunirse co titor/a e coa xefa do DO unha vez realizadas as avaliacións iniciais, para establecer as liñas de actuación no referente ás necesidades educativas que presenta o alumnado, ás medidas que xa se adoptaron o curso anterior,

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

á temporalización, estratexias e actividades metodolóxicas a seguir a nivel xeral e en cada unha das áreas, aos recursos materiais e persoais que se van utilizar, ao procedemento de avaliación e a aspectos organizativos do proceso de ensinanza e aprendizaxe. A continuación informárase ás familias do contido de dito plan.

Os alumnos que promocionen ao curso seguinte con algunha materia non superada do curso anterior, recibirán os apoios necesarios para a recuperación das aprendizaxes non acadadas, así como un plan de traballo individualizado que elaborará o mestre que imparta esa materia no curso actual seguindo as directrices establecidas polos distintos departamentos didácticos.

2.8. Criterios xerais para a avaliación e promoción na EP

A avaliación do alumno realizarasetendo en conta o grao de adquisición das competencias e dos obxectivos da etapa, de maneira continua, global e formativa tendo en conta o progreso do alumnado no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

Ao rematar os cursos 2º, 4º e 6º o equipo docente tomará decisións sobre a promoción do alumnado, que pasará automaticamente de curso ao rematar 1º, 3º e 5º.

1. Promocionarán ao curso ou á etapa seguinte todos os alumnos/as que se considere que acadaron os obxectivos mínimos correspondentes ao curso ou á etapa realizados, así como quenesteñanacadado o grao establecido das competencias correspondentes. De non ser así, poderán repetir unhasoa vez durante a etapa, sendo esta unha medida excepcional que se adoptará logo de esgotar o resto de medidas de reforzo e apoio nos casos en que se consideren necesarias co fin de resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

2. A decisión de promoción tomaraa de maneiracolexiada o equipo docente do alumno/a en cuestión, tendo especial relevancia a opinión do titor/a.

3. Tomaranse en consideración os resultados obtidos polos alumnos nasavaliacións individualizadas de 3ºEP e a final de etapa en 6ºEP. Terán carácter orientativo, pero en ningún caso determinarán a promoción ou non do alumnado.

Ao rematar os cursos 2º e 4º cada titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno, indicando as medidas de reforzo necesarias para o ciclo seguinte, se as houber. Sucederá o mesmo ao remate do 6º curso de EP.

2.9. Criterios xerais para o outorgamento de matrículas de honra ou mención honoríficas en EP.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Aqueles alumnos que rematen a etapa cunha cualificación media no terceiro ciclo igual ou superior a 9.5 puntos, obterán unha mención honorífica que figurará no seu expediente académico.

2.10. Crietiosxerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Cada docente realizará unha valoración final das súas programacións ao rematar o curso escolar. Nela valoraranse o grao de cumprimento da programación realizada así como calquera modificación que fora preciso realizar no transcurso do ano. Todas esas valoracións incluíranse nun anexo que figurará ao final da memoria final de curso.

2.11. Criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.

O centro participará naqueles proxectos, programas e plans que axuden a acadar os obxectivos plantexados e favorezan o traballo e a adquisición das competencias por parte do alumnado.

O tratamento de aspectos transversais tamén será definitivo á hora de optar por uns plan ou outros.

2.12. Procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

A revisión da concreción curricular realizarase cada ano antes do inicio do curso escolar. Para elo teranse especialmente en conta as novidades normativas, instrucións, etc. que se teñan que aplicar, así como aqueles aspectos que se demostraran mellorables durante o desenvolvemento do curso anterior.

3. Obxectivos da etapa

- *Educación integral*

Obxectivos:

- Formar a cada alumno en todos os seus ámbitos, non sóna adquisición de contidos. Será igual ou máis importante o traballo de aspectos coma a convivencia, o traballo en equipo, a resolución de conflitos, a autoxestión etc. de acordo co Proxecto Educativo e o ideario do centro.
- Atender a cada alumno tendo en conta a súa orixe, capacidade de adaptación e integración no grupo.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Dar resposta ás necesidades educativas que presente cada alumno, traballando na prevención das dificultades de aprendizaxe e ofrecendo cantos recursos temos ao alcance para poder facer fronte a elas unha vez detectadas (reforzo educativo, apoio, ACI).
- Traballar para que cada alumno adquira un hábito de estudo e traballo diario e sexa quen de facer fronte con eficacia ás demandas das tarefas e actividades nas que teña que participar e resolver.

Estratexias:

- Tentaremos acadar os obxectivos propostos propiciando un clima de proximidade con compañeiros e mestres.
- Continuaremos cos cambios metodolóxicos introducidos o curso pasado para que sigan facendo aos alumnos cada vez máis protagonistas da súa aprendizaxe.
- Fomentarase a incorporación de metodoloxía activa que fomenten a participación, a colaboración entre iguais e o manexo de distintas ferramentas e soportes (traballo cooperativo, autorregulación, coavaliacións, uso das tics como instrumento de aprendizaxe, etc.).

Avaliación:

- Incorporación de instrumentos e mecanismos de avaliación variados adaptados ás necesidades de cada alumno.
- Observación diaria do traballo e da evolución dos alumnos.
- Teranse en conta as probas obxectivas para avaliar o progreso de cada alumno, así coma os datos extraídos das autoavaliacións e das coavaliacións, que nos mostren os progresos no ámbito persoal do alumno.
- Información aos pais de cada alumno sobre a súa evolución académica polo menos unha vez ao trimestre.

4. Adquisición das competencias clave

Entendemos por competencia clave a capacidade de poñer en práctica de forma integrada e en contextos e situacións diversos os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

A incorporación das competencias clave ao currículo permite facer fincapé naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos.

Cada materia contribuirá ao desenvolvemento das competencias clave e estas lograranse a través do traballo en diferentes materias.

O desenvolvemento das competencias ten influencia non só nos contidos, senón tamén na metodoloxía, que deberá contribuír ao seu desenvolvemento, e no proceso de avaliación, xa que deberá ser avaliado o progresivo grao de adquisición das mesmas.

En cada unha das materias do currículo aparecerán reflectidos os referentes que permitan o desenvolvemento das competencias clave. Destexeito, en cada programación didáctica estarán incluídas referencias explícitas á súa contribución a aquelas competencias ás que se orienta en maior medida.

5. Contidos

Aparecerán recollidos nas programacións didácticas de cada materia e darán conta da secuenciación e temporalización dos mesmos. Cada profesor indicará as unidades didácticas que serán tratadas cada mes e o número de sesións que se adicará a cada unha delas.

6. Estratexias metodolóxicas

- Explicación diaria na aula.
- Traballo individual.
- Representacións simbólicas con cambio de roles.
- Actividades lúdico-deportivas.
- Mellora do autoconcepto e a autoestima, mediante o recoñecemento dos propios logros e valoración dos erros como fonte da aprendizaxe posterior.
- Coñecemento da contorna.
- Reflexión a través do diálogo para a adquisición de hábitos saudables de alimentación, hixiene e actividade física no momento que xurda.
- Promoción das bibliotecas escolar e de aula.
- Realización de actividades lectoras diversas.
- Fomento da creación literaria.
- Emprego dos recursos TIC dos que dispón o centro.

- Traballo diario na casa.
- Metodoloxías activas adaptadas ás necesidades de cada un.

7. Atención ás dificultades

- Obxectivo: Intentar conseguir que os nenos con dificultades acaden os obxectivos establecidos para eles así coma o axeitado nivel de desenvolvemento das competencias.
- Estratexias: Apoiófóra e dentro da aula por parte do equipo docente e as mestras de AL e PT, coordinado polo Departamento de Orientación do Centro, mediante intervencións e materiais específicos e individualizados.
- Avaliación: Mediante probas orais e/ou escritas, traballos individuais/grupais así coma seguimento do traballo persoal diario de cada alumno, participación en proxectos, investigacións, programas e plans, etc.
- Adaptacións metodolóxicas: para os nenos con dificultades de aprendizaxe , tanto nas probas obxectivas coma nos seus deberes, materiais, explicacións na aula , tempos, espazos, etc...
- Adaptacións curriculares: para os nenos con necesidades educativas especiais, tanto nas probas obxectivas coma nos seus deberes, materiais, explicacións na aula etc...

8. Motivación

- Obxectivo: conseguir que os alumnos veñan motivados a colexio.
- Estratexias:
 - Incorporación de novas metodoloxías nas que o alumno sexa o protagonista da súa propia aprendizaxe.
 - Facer da curiosidade a nosa mellor ferramenta.
 - Utilizar o reforzo positivo.
 - Crear un clima axeitado, no que prime o respecto polas normas de convivencia, diferenciando as horas de estudo das de lecer.
- Fomentar un ambiente de escoita mutua profesores-alumnos e alumnos-profesores e participación directa nas aulas.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Avaliación: Observar o seu estado anímico. Ver os erros e as dificultades coma unha fonte de aprendizaxe e reforzar os éxitos para fortalecer a motivación persoal de cada un.

9. Accións de acordo co proxecto lector

- Obxectivo: Conseguir unha lectura fluída e comprensiva, procurando que os alumnos gocen lendo.
- Estratexias: Contribuír ao desenvolvemento do Proxecto Lector do centro mediante a utilización da biblioteca de aula e a colaboración coa biblioteca do centro.
 - Levarase a cabo “A maratón lectora”, que se desenvolverá segundo vaia reflectida na programación do Plan Lector.
 - Os alumnos de 3º de EP terán a lectura obrigatoria de tres libros ao longo do curso, un deles en galego e os outros dous en castelán.
- Avaliación: Avaliación continua da comprensión lectora respondendo a preguntas concretas de forma oral ou escrita sobre o libro lido ou mediante a realización de diferentes traballos.

10. Cálculo e resolución de problemas

- Obxectivos: Conseguir que os alumnos empreguen regras nemotécnicas para un cálculo mental rápido e comprensivo. Ser capaces de empregar estratexias para resolver problemas da vida diaria e para mellorar a comprensión e interpretación dos mesmos.
- Estratexias: Dedicación semanal a actividades de cálculo mental, escrito e resolución de problemas.
- Utilízanse materiais matemáticos específicos para cada tema nos tres ciclos da etapa.
- Avaliación: Avaliación inicial, continua e sumativa, tendo en conta sempre o traballo diario do alumno.

11. Accións do plan de integración das TIC

- Obxectivos: aplicación de programas informáticos de interese e páxinas web adaptadas a cada contido.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Estratexias: os alumnos disporán en cada aula de soporte dixital o que permite acceder e utilizar unha gran cantidade de recursos que abren unha nova ventáa ao mundo, ademais da realización de actividades interactivas onde se repasan os conceptos adquiridos.
- Avaliación: observación diaria, elaboración e presentación de traballos, procura de información...

12. Titorías

Levarase a cabo a reunión inicial presencial no colexio na que cada titor informará sobre os aspectos máis relevantes do inicio do novo curso ás familias. Estas xuntanzas están programadas para o mércores 13 de setembro ás 19:00h.

As horas de titoría asignadas a cada grupo aparecen recollidas no seguinte cadro:

GRUPO	HORA
1º EP	Hilda, luns 15:30 a 16:30h
2º EP	Leticia, martes 15:30-16:30h
3º EP	Mar, luns de 17:30 a 18:30h
4º EP	Ibán, martes 15:30-16:30h
5º EP	Saleta, martes 15:30-16:30h
6º EP	Nela, viernes 10:50-11:45h

Todas as familias serán convocadas polos tutores/as a unha titoría presencial ao longo do 1º trimestre para comentar aspectos destacados da evolución amosada por cada alumno/a. Nas restantes avaliacións, os docentes só citarán aos pais dos alumnos/as que presenten algún tipo de dificultade. Nos demais casos, as titorías poderán ser telefónicas ou virtuais. Iso si, as familias poderán solicitar unha reunión de titoría presencial sempre que o consideren oportuno ao longo do curso escolar.

Información ás familias sobre as datas de avaliación:

A entrega de notas correspondentes á 1ª e á 2ª avaliación coincidirá co comezo dos períodos vacacionais de Nadal e Semana Santa:

- 1ª AVALIACIÓN: 21 de decembro.
- 2ª AVALIACIÓN: 22 de marzo.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Pola contra, as notas correspondentes á avaliación final entregaranse o día 28 de xuño de 2024.

13. Criterios comúns para toda a etapa

- O equipo docente elaborará unhas normas básicas de convivencia, da que se informará tanto ás familias coma aos propios alumnos/as, e que permanecerá exposta en cada aula para que os alumnos/as a vexan.
- As probas escritas faranse en folios (raizados, cuadrículados ou brancos). As probas cualificaranse numericamente de 1 a 10. Os profesores empregarán para rexistrar os progresos dos alumnos os cadernos de profesores e medios dixitais.
- Ao longo de cada trimestre os titores informarán aos pais daqueles alumnos que consideren necesario para así poder tomar as medidas pertinentes, ou ben recoñecer o esforzo e a boa marcha do alumnado noutros casos. Seguiremos a utilizar a plataforma de comunicación Educamos. Consideramos de gran importancia o seu uso, dada a situación actual, para ter coas familias unha comunicación máis fluída.

14. Clases de apoio

Os alumnos que o precisen recibirán as clases de apoio fóra ou dentro da aula e en horario escolar. Estes apoios serán impartidos polo equipo docente e coordinados polo Departamento de Orientación.

15. Materiais e recursos didácticos

Materiais:

- Libros de texto.
- Fichas, actividades, etc.
- Libros de consulta e de lectura.
- Apuntamentos: esquemas, fotocopias, mapas etc.
- Material de reforzo e ampliación.
- Materiais específicos de para cada unidade, boletíns, pósters, flashcards, wordcards, etc.
- Bits para Lingua castelá.
- Materiais específicos de matemáticas: bloques multibase, dados, regletas...
- Outro material: folletos, dicionarios, etc.

–Material en formato dixital.

•Recursos didácticos:

- Encerado dixital.
- Material informático.
- Ordenador.
- Proxector.
- Equipos audiovisuais do centro.
- Biblioteca do centro e de aula.
- Material deportivo.
- Material de laboratorio.
- Material musical.

15. Procedementos de avaliación

- Instrumentos de avaliación

- Probas escritas, oraisou físicas.
- Rúbricas de avaliación e autoavaliación.
- Escalas numéricas.
- Traballosindividuais.
- Traballo diario na aula (realización de actividades relacionadas cos temas traballados, exercicios, debates, presentacións, tarefas individuais e/ou en grupo, etc.).
- Realización de tarefas na casa: os alumnos dos distintos grupos podderán levar tarefas para facerna casa, que poderán ser estudo/repaso de contidostraballados, exercizos, rematar tarefas iniciadas na aula, etc., sempre de maneira proporcionada e a criterio do docente.
- Atitude cara á materia, compañeiros e mestres.
- Uso da linguaestranxeira de xeito tanto oral coma escrito nas materias de LinguasEstranxeiras e nas materias plurilingües.

- Criterios de cualificación

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe. Para levala a cabo axeitadamente, establécenseuns criterios que permitan contrastar as informaciónsrecollidas polo mestrena práctica docente diaria coa consecución dos obxectivos establecidos para cada materia.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Os elementos que se terán en conta á hora de efectuar a cualificación dos alumnos serán os seguintes:

- Probas obxectivas, tanto orais coma escritas ou físicas:
- Queremos dar peso dentro da cualificación global de cada área a rendemento específico amosado polos alumnos nas diferentes probas orais, escritas e físicas que realicen ao longo do trimestre para comprobar o nivel de coñecementos adquiridos.
- Todas as probas se puntuarán sobre dez.
- Rúbricas de avaliación e autoavaliación para cualificar diferentes aspectos relacionados con algúns obxectivos de aprendizaxe de algunhas materias e coas que os alumnos coñecerán de antemán os criterios cos que serán avaliados.
- Traballo diario individual tanto na aula coma na casa: todos os días os alumnos terán que realizar unha serie de tarefas de forma individual relacionadas con cada materia na aula e nas súas casas, actividades que serán corrixidas e revisadas polo docente. Preténdese desenvolver un hábito de traballo diario no alumno.
- Neste ámbito inclúense as actividades individuais relacionadas coa materia que propoñan os docentes e que deberán realizarse mantendo uns mínimos de dedicación, presentación e rigor.
- A realización ou non destas tarefas influirá positiva ou negativamente tendo un peso porcentual específico na cualificación final da materia.
- Interese e actitude: non se pode esquecer que unha actitude positiva cara á aprendizaxe favorece a adquisición de coñecementos. É por isto que aos alumnos se llesterá en conta o interese amosado de cara ás diferentes materias e a actitude e o respecto cara aos diferentes elementos (persoais e materiais) que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe.

14. Atención á diversidade

Tentarase dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado. Ademais poñerase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria: necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe polas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia familiar.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

No caso de dificultades de aprendizaxe en algún alumno, poñeranse en funcionamento os medios máis convenientes, tanto organizativos como curriculares, que permitan dar resposta a esa necesidade:

- **Reforzo educativo:**

Para elo o alumnado disporá dun amplo programa de reforzo escolar e adaptacións metodolóxicas cando sexan precisas.

- **Adaptacións curriculares:**

En caso de ser necesario, o equipo docente, en colaboración co Departamento de Orientación, elaborará as adaptacións curriculares individualizadas que cada alumno precise. Estas adaptaranse significativamente aos contidos e aos criterios de avaliación do currículo e estarán dirixidas a alumnado con NEE. As ACI faranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades do alumno. A avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas adaptacións.

Previsese que ao longo do presente curso haxa tres alumnos/as na etapa con Adaptacións Curriculares por presentar diferentes tipos de desfase no seu proceso de ensino-aprendizaxe. Ao longo do curso tamén se realizarán baterías psicopedagóxicas na etapa a criterio do D.O.

- **Medidas de ampliación:**

En calquera curso é frecuente atoparse con alumnos que asimilan rapidamente os conceptos explicados na aula e que realizan as actividades de cada unidade con moita máis rapidez que o resto de compañeiros. Por este motivo debemos ter medidas de ampliación para evitar que os alumnos perdan o interese ante o coñecemento evidente dos conceptos traballados.

As medidas de ampliación que podemos utilizar son a información adicional (bibliografía específica), presentación de traballos, exercicios máis complexos para algúns alumnos, dependendo de cada discente e das súas capacidades. Destexei tamén poñemos en práctica a atención individualizada.

Outro xeito de motivalos é implicalos na axuda de algún compañeiro/a que se atope con algunha dificultade na comprensión ou na realización das tarefas que se están a realizar.

- **PTI (Programa de traballo individualizado)**

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Aplicado a alumnos de 1º EP que precisen unha intervención específica.

15. Actividades complementarias e extraescolares

A nivel xeral de centro está estipulada a realización dunha saída proposta polo equipo docente/alumnado cada trimestre:

- 1º trimestre: actividade de outono en relación coa natureza ou a práctica dalgún deporte.
- 2º trimestre: actividade de neve e deportes de inverno.
- 3º trimestre: actividade de auga (praia, práctica de deportes acuáticos, etc.).

Tamén se realiza cada ano unha actividade de inmersión lingüística de varios días en diferentes localidades (Madrid, Asturias, etc.).

Este curso participarase de novo na actividade de Voz Natura.

En canto aos deportes, o colexio participará en Carreiras populares e diversas actividades que poidan xurdir o longo do curso, ademais de no programa Xogade.

Conmemoracións:

1º Trimestre: Samain, Magosto, Día da Constitución.

2º Trimestre: Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, San Brais, Día da Muller traballadora.

3º Trimestre: Día do Libro, Día das Letras Galegas, Maíos, ofrenda á Virxe por parte do alumnado de Relixión

16. Reflexión trimestral da EP

- 1ª AVALIACIÓN
 - Realizarase unha avaliación inicial de todos os alumnos ao longo das primeiras semanas do curso, que servirá para marcar o punto de partida do proceso de ensino-aprendizaxe en cada un dos grupos.
 - Repasaranse, ao inicio do primeiro trimestre, os contidos vistos no curso anterior e incidirase naqueles que estean máis frouxos, tendo sempre en conta as capacidades dos alumnos. Retomarase o hábito de estudo e traballo diario despois do período de vacacións.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Incidirase no cumprimento das normas reflectidas no Plan de Convivencia do Centro.

- 2ª AVALIACIÓN

- Comprobarase se se acadaron os obxectivos do primeiro trimestre e volveranse programar en función das conclusións acadadas.
- Seguirase insistindo no uso correcto das normas de convivencia, hábitos de estudo e traballo diario.

- 3ª AVALIACIÓN

Comprobarase se o programado nos distintos niveis (contidos, normas etc.) puido levarse a cabo e terase en conta para a programación do curso seguinte.

9.3. EQUIPO DE ENSINO SECUNDARIO

1. Compoñentes

1. Isabel Rodríguez Ferreiros, profesora de Lingua e Literatura galega en toda a etapa, de Lingua Castela e Literatura en 3º e 4º ESO e de Oratoria en 3º ESO e castelá coordinadora da etapa.
2. Luis Conde Carnero: profesor de Xeografía e Historia, Relixión, Proxecto competencial de 3º ESO e titor de 4º ESO.
3. Nerea Pérez Castro: profesora de Francés en 1º e 2º ESO.
4. Iván García Luaces: profesor de Educación Física e Proxecto Competencial de 1º e 2º ESO.
5. Noelia López Da Costa: profesora de Física e Química, Educación Dixital, Tecnoloxía e Dixitalización, Dixitalización, e titora de 1º ESO.
6. Esther Rodríguez Camino: profesora de Inglés en 4º ESO.
7. Patricia Martínez Rodríguez : profesora de Matemáticas e titora de 3º ESO.
8. Mª Carmen Castaño Aira: profesora de Música.
9. Sara Álvarez Otero: profesora de Educación Plástica e Visual.
10. Rosa Mª Rodríguez Camino: profesora de Inglés en 1º e 3º de ESO.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

11. María Vázquez Álvarez: profesora de Valores, de Filosofía e orientadora da etapa.
12. Victoria Aceiro Martínez: profesora de Inglés en 2º ESO, de Lingua Castelá en 1º e 2º ESO e titora de 2º ESO.
13. Ángel Dapena Gil: profesor de Economía e Proxecto Competencial en 4º ESO.
14. Eva Vázquez López: profesora de Bioloxía e Xeoloxía en toda a etapa.

2. Fins da educación secundaria obrigatoria

No Decreto 156/2022 do 15 de setembro, establécese o currículo para Educación Secundaria Obrigatoria, sendo de aplicación este ano para todos os cursos da etapa.

Nel mantense o enfoque competencial e insístese no desenvolvemento das competencias como base para a formación integral do alumnado.

Búscase acadar unha aprendizaxe competencial, autónoma, significativa e reflexiva en todas as materias; que o alumnado adquira os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motor; que consolide os seus hábitos de estudo, traballo e vida saudable de cara á súa incorporación a estudos superiores ou ao mundo laboral e que se formen no exercicio dos seus dereitos e obrigas como parte da sociedade á que pertence.

3. Concreción curricular

3.1. Adecuación dos obxectivos xerais de cada etapa ao contexto do centro.

No Currículo da ESO, posto en coñecemento dos docentes por parte da Consellería de Educación a través do D. 156/2022, do 15 de setembro, aparecen reflectidos os obxectivos curriculares para toda a etapa de Secundaria. A continuación indicaremos cada un deles e a consecución dos mesmos na aplicación cotiá:

1. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

2. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

3. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

4. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

5. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para con sentido crítico adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

6. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

7. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

8. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

9. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

10. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

11. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade, valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

12. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

13. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

14. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

En relación cos obxectivos presentados anteriormente, o centro ofrece aos seus alumnos e alumnas unha educación integral, plurilingüe (nas etapas de educación infantil e primaria) e de calidade, resultado da combinación de catro elementos básicos:

1. Educación plural, inclusiva, igualitaria e equitativa

Potenciamos a educación plural, inclusiva, igualitaria e equitativa do noso alumnado achegando a cada un o que precisa en cada momento, dirixindo os nosos esforzos á atención á diversidade do alumnado.

2. Centrada no cambio metodolóxico

O cambio metodolóxico do centro apostará polo fomento do uso de metodoloxías activas na aula, convertendo ao alumnado en protagonista do seu propio proceso de aprendizaxe e ao profesorado en guía que o acompañe.

3. Educación emocional

Propoñemos desenvolver no noso alumnado os coñecementos e habilidades sobre as emocións co obxectivo de capacitalos para afrontar de maneira efectiva os retos cotiáns, coa finalidade última de aumentar o benestar persoal e social. Ademais, tamén se prestará especial atención ao coñecemento dos propios sentimentos e emocións e á xestión dos mesmos.

4. Convivencia escolar

Será un aspecto clave a traballar no centro co alumnado, de forma que adquiran habilidades que lles permitan establecer relacións interpersoais positivas, baseadas no respecto aos demais e ás súas formas de pensar e actuar, na igualdade, na tolerancia ante as diferenzas, na resolución pacífica e dialogada dos conflitos e comprometida coa xeración dun clima de convivencia axeitado no centro.

3.2. Contribución á adquisición das competencias clave segundo o Decreto 156/2022.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Entendemos por competencias clave os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

A incorporación de competencias no currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles dende unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos e de aí o seu carácter básico.

A inclusión das competencias clave no currículo permite integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais (incorporadas ás diferentes materias) como as non formais.

O desenvolvemento das competencias ten influencia non só nos contidos, senón tamén na metodoloxía e deberá ser avaliada a consecución destes obxectivos en cada unha das materias.

Identifícanse sete competencias clave. Son as seguintes:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia plurilingüe (CP)
3. Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
4. Competencia dixital (CD).
5. Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
6. Competencia cidadá (CC).
7. Competencia emprendedora (CE).
8. Competencia e conciencia e expresións culturais (CCEC).

En cada programación didáctica estarán incluídas referencias explícitas á súa contribución naquelas competencias ás que se orienta en maior medida. Os obxectivos e a selección de contidos buscarán asegurar o desenvolvemento das diferentes competencias e os criterios de avaliación servirán para valorar o progresivo grao de adquisición das mesmas.

A avaliación do grao de adquisición das competencia clave en cada un dos cursos da etapa debe estar integrada coa avaliación de cada unha das materias ou ámbitos, na medida en que, os criterios de avaliación de cada materia ou ámbito, nun determinado curso da etapa, están relacionados univocamente coas obxectivos da devandita materia

ou ámbito, e estes están relacionados coas competencias clave a través dos correspondentes descritores operativos recollidos no perfil de saída.

3.3. Contidos

Aparecerán recollidos nas programacións didácticas de cada área. Para iso, cada profesor indicará a secuenciación e temporalización das unidades didácticas que serán tratadas cada trimestre, o número de sesións que se dedicará a cada unha delas, os instrumentos e criterios de avaliación segundo se establece no Decreto 156/2022 de 15 de setembro.

3.4. Estratexias

Para acadar os obxectivos previstos, as liñas de actuación fundamentais en relación co alumnado son as seguintes:

- Desenvolvemento da súa autonomía, espírito crítico e iniciativa persoal, para o que proporemos diversas actividades de creación, investigación, busca de información en ámbitos diversos, realización de experimentos, tarefas de autoxestión, etc., de maneira progresiva ao longo de todo o ano.
- Inclusión, igualdade e equidade a través do traballo de valores básicos e fundamentais para unha convivencia pacífica, respectuosa e democrática.
- Atención á diversidade do alumnado para axudalo a desenvolver o seu proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva.
- Detección temperá de dificultades de aprendizaxe para o seu pronto tratamento.
- Educación emocional para fortalecer a seguridade en si mesmos dos alumnos e contribuír mellorar a súa autonomía.
- Gabinete psicopedagóxico como elemento de acompañamento, diagnose e apoio do tratamento das dificultades do alumnado.
- Reforzo educativo dentro e fóra da aula.
- Aplicación dun plan individualizado de reforzo a aqueles alumnos que o precisen, por repetir curso ou promocionar ao curso seguinte con materias suspensas.
- Apoio, formación e axuda ao alumnado e ás súas familias.
- Uso das TIC e TAC.
- Actividades lúdico-deportivas.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Debates, representacións simbólicas con cambio de roles.
- Segmentación de tarefas e programación de traballo individual e en grupo.
- Agrupamentos flexibles.
- Mellora do autoconcepto e da autoestima, recoñecemento dos propios logros e valoración dos propios erros como fonte de aprendizaxe posterior.
- Análise e valoración de diferentes medios de información e comunicación audiovisual, sendo capaces de seleccionar a información recibida por medio do desenvolvemento dun sentido crítico que non os faga manipulables.
- Uso de diferentes aplicacións informáticas encamiñadas á presentación de traballos, cálculos numéricos, busca de información en Internet, etc.
- Realización de investigacións de campo e coñecemento da contorna.
- Establecemento de relacións comparativas entre as diferentes materias (interdisciplinariedade).
- Reflexión a través do diálogo para a adquisición de hábitos saudables de alimentación, hixiene e actividade física no momento que xurda.
- Promoción da biblioteca escolar.
- Realización de actividades lectoras diversas: análise de textos, lecturas, etc.
- Comentario e análise de lecturas individuais e/ou colectivas nas diferentes áreas e fomento da creación literaria.
- Exposición e defensa de traballos na aula.
- Fomento da práctica colaborativa dos alumnos dentro do grupo-aula para mellorar a adquisición de contidos e contribuir a acadar o nivel de competencia axeitado.
- Estratexias de resolución de problemas e razoamento lóxico-matemático.
- Colaboración nas actividades levadas a cabo na radio escolar.
- Participación no proxecto "Voz Natura" do centro.

En relación coas familias:

- Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as (ANPA).
- Actividades levadas a cabo nas titorías baixo guía e supervisión do Equipo de Orientación do colexio.
- Festas, celebracións e convivencias.
- Actividades lúdico-deportivas e conmemoracións.
- Actividades de formación e concienciación a través da escola de pais.

3.5. Criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais.

A incorporación e o tratamento dos elementos transversais realizarase de maneiras diferentes:

- A través do traballo diario nas diferentes áreas ou materias trátanse contidos transversais de distinta natureza, non só dentro das actividades desenvolvidas na aula, senón tamén doutras a realizar na casa.
- O plan de convivencia e as normas de aula que elabora cada grupo para regular a convivencia duns con outros dentro de cada aula e a nivel xeral de centro, así como a educación afectivo-sexual, consumo de drogas, alcohol, igualdade de xénero, discriminación por razóns sexuais ou identidade de xénero, etc., abórdanse dentro das titorías semanais de cada grupo co apoio das intervencións periódicas que fai o persoal de Asuntos Sociais e Drogodependencias do Concello nos centros de ensino.
- A través das actividades extraescolares e complementarias que se organizan desde os diferentes departamentos e equipos de traballo que funcionan a nivel de centro tamén se reforza o tratamento dos temas transversais, tanto en horario escolar como extraescolar: charlas formativas para alumnado e familias sobre temas de interese; actividades extraescolares que potencian os hábitos de alimentación saudables e a práctica de exercicio físico; a aprendizaxe de idiomas estranxeiros; os clubs de lectura a través da biblioteca do centro; a radio escolar; a participación en certames diversos (poesía, narrativa, fotografía, deseño de carteis, etc.).
- A través da participación en diversos programas e plans: ensino plurilingüe, Voz Natura, Xogade, biblioteca escolar, plan de dixitalización, promoción de estilos de vida saudables, plan director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e os seus entornos, plan de prevención e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, plan contra a violencia de xénero, plan contra o consumo de drogas e alcohol, etc.
- A educación en valores cívicos, sociais e democráticos fundamentais para a convivencia (respecto, tolerancia, perseverancia, igualdade, xustiza, etc.) xunto coa educación emocional son dous aspectos fundamentais do Proxecto Educativo do centro desde hai anos, sobre os que se traballa en calquera momento e situación de

aprendizaxe que se produza, tanto dentro das aulas coma en espazoscomúnsou momentos de lecer.

3.6. Criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Temos en conta o feito de que todo o profesorado emprega o procedemento da aprendizaxe significativa nas súas aulas como método básico no proceso de ensino-aprendizaxe. Así pois, as novas aprendizaxes baséanse nas aprendizaxes previas que posúe o alumno. Foméntase a adquisición de novos contidos a partir dos que xa posúe o alumnado e a posta en práctica dos contidos aprendidos na vida cotiá. Porén, tentaremos formar a cada alumno en todos os seus ámbitos, non só na adquisición de contidos. Será igual ou máis importante o traballo de aspectos coma a convivencia, o traballo en equipo, a resolución de conflitos, a autoxestión, a motivación persoal, resiliencia, etc. de acordo co Proxecto Educativo e o Ideario do Centro.

En consonancia co plantexado na LOMLOE establecida a través do Decreto 156/2022, optarase por una metodoloxía activa que faga aos alumnos e alumnas protagonistas da súa aprendizaxe (traballo colaborativo, aprendizaxe por descubrimento, autorregulación, coavaliacións, etc.).

Por outra banda, farase unha observación diaria do traballo e da evolución dos alumnos, teranse en conta as probas obxectivas para avaliar o seu progreso, así coma os datos extraídos das autoavaliacións e das coavaliacións que nos mostren a evolución no ámbito persoal.

Para acadar os obxectivos propostos utilizaremos os seguintes métodos:

1. Combinaremos os estilos directivos baseados na exposición de contidos por parte do profesor, que supón unha actitude receptiva por parte dos alumnos/as, coa incorporación de metodoloxías activas nas que o alumnado pase a ser protagonista do seu proceso de aprendizaxe no que actuará de maneira individual, por parellas ou en grupo en función da actividade que realice.
2. Exposicións orais e escritas das tarefas desenvolvidas.
3. Aprendizaxe por descubrimento: o profesor actúa coma guía.
4. Ensino recíproco: os alumnos convértense en profesores nalgúns momentos e deste xeito reforzan os seus coñecementos e axudan aos demais no seu proceso de ensino-aprendizaxe.
5. Interdisciplinarietàade.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

6. Disposición espacial do alumnado na aula en grupos, parellas, etc. para realizar diferentes traballos segundo a materia, debates, presentacións, traballos colaborativos, etc. e o estilo de aprendizaxe utilizado en cada momento.
7. Autocorrección de probas (ensino a partir dos propios erros).
8. Xogos e actividades lúdicas.
9. Autorregulación do alumnado, organización e programación das tarefas a realizar na aula ou na casa, de maneira individual ou colectiva.
10. Aprendizaxe cooperativa.

3.7. Criterios xerais sobre o uso de materiais e recursos didácticos:

O equipo docente ten liberdade para a elección dos materiais que empregará no desenvolvemento do seu labor docente ao inicio de cada curso escolar. Para elo utilizará materiais impresos ou dixitais, de elaboración propia ou pertencente ao equipo editorial que mellor se adapte ás súas necesidades, respectando os prazos establecidos pola administración referentes á durabilidade dos libros de texto e ao programa de préstamo.

Os materiais empregados na etapa de Secundaria son, en xeral, os que seguen:

1. Libros de texto.
2. Cadernos para realización de exercicios.
3. Bibliografía variada.
4. Materiais para prácticas das materias de Ciencias.
5. Dicionarios, atlas ...
6. Material específico de Educación Física, Plástica e Música.
7. Apuntamentos.
8. TIC: aplicacións informáticas, dispositivos móbiles, cámaras dixitais, Internet, encerado dixital, bitácoras de diferentes materias, plataforma Educamos, aulas virtuais, etc.
9. Material de ampliación ou reforzo para alumnos con dificultades para acadar os obxectivos mínimos.
10. Material para a recuperación de materias pendentes de cursos anteriores.
11. Cada profesor indicará na programación didáctica da súa área os materiais específicos para o desenvolvemento da súa materia: libros de lectura obrigatoria por trimestre, cadernos de exercicios específicos para determinados aspectos (exercicios

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

de cálculo, ortografía, comprensión lectora, etc.), traballos especializados segundo a materia que se imparta, etc.

Con respecto aos recursos didácticos utilizados empregaremos os seguintes:

- Material informático nas diferentes áreas.
- Material de laboratorio para as materias de ciencias.
- Páxinas web de elaboración propia ou atopadas na rede.
- Blogs de diferentes materias e departamentos.
- Vídeo proxector para exposicións.
- Ordenadores.
- Encerado dixital.
- Radio escolar.
- Prensa escrita.
- Biblioteca escolar.
- Material musical, deportivo e de EPVA.

3.8. Criterios de oferta educativa, agrupamentos en ámbitos, itinerarios e optatividade:

Ao tratarse dun centro de liña un e contar cun número de alumnos moderado, non se considera viable a adopción de medidas deste tipo. Aínda así, procurase respectar as diferentes opcións do alumno no tocante ás materias optativas que se ofertan nos cursos de 3º e 4º, onde se adoptan medidas organizativas excepcionais para que os alumnos teñan a posibilidade de cursar as materias que elixan.

O equipo docente conxuntamente co equipo directivo, analizarán a conveniencia de realizar agrupamentos de materias en ámbitos, aspecto que polo momento, non se considera axeitado desenvolver nesta etapa.

3.9. Criterios para o deseño de actividades complementarias

Ao inicio de cada curso escolar planifícase o programa de saídas que se prevé desenvolver ao longo do ano. Como nas restantes etapas, as actividades planifícanse en función das diferentes propostas que van chegando desde outras institucións coma concello, deputación, oficina de información á muller, biblioteca municipal, etc., as máis das veces en relación con conmemoracións destacadas ou festividades locais.

- Un dos criterios que se seguen desde o centro é o de establecer vínculos entre o alumnado e a tradición cultural da contorna, ademais do reforzamento

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

de distintos valores sociais, cívicos e humanos. Deste xeito incorporase tamén o tratamento de aspectos transversais dun xeito lúdico e ameno.

- Outro criterio é o de utilidade e servizo ao proceso de formación e aprendizaxe do alumnado, elixindo e propoñendo actividades que favorezan a adquisición dos obxectivos establecidos e axuden no desenvolvemento das competencias.
- Finalmente, a transversalidade é o terceiro criterio básico: trátase de normalizar a aprendizaxe do alumnado en calquera ámbito e a través de actividades e situacións diversas, unhas máis lúdicas e outras desde un ámbito máis formal.

A nivel xeral de centro está estipulada a realización dunha saída proposta polo equipo docente/alumnado cada trimestre:

- 1º trimestre: actividade de outono en relación coa natureza ou a práctica dalgún deporte.
- 2º trimestre: actividade de neve e deportes de inverno.
- 3º trimestre: actividade de auga (praia, práctica de deportes acuáticos, etc.).

Isto complementase con aquelas outras actividades que se vaia propoñendo realizar ao longo do curso debido ao seu interese, tanto para o alumnado como para as súas familias:

Deportes:

1. Certames locais uo provinciais relacionados cos diferentes deportes.
2. Carreiras populares.

Conmemoracións:

1. Día da Constitución, Estatuto de Autonomía
2. Día da Paz, Letras Galegas, Maios, Panxoliñas, Entroido, San Brais, etc.
3. Día do Libro.
4. Semana da Prensa (radio e revista escolar). Posta en marcha da Televisión Escolar.
5. Ofrenda á Virxe por parte do alumnado de Relixión, Belén vivinte.
6. Día da muller na ciencia e día da muller traballadora.

3.10. Criterios para o deseño dos plans de reforzo personalizados para o alumnado que deba permanecer máis dun ano no mesmo curso e tamén para o alumnado que promocióne con materias pendentes de cursos anteriores.

- Alumnos/as que non promociónan ao curso seguinte:

Os alumnos da ESO que deban permanecer un ano máis no mesmo curso, seguirán un plan específico de reforzo durante ese ano co fin de acadar o nivel de desenvolvemento axeitado das competencias clave e criterios de avaliación, o que implica a consecución do nivel axeitado de obxectivos xerais de etapa. Para a elaboración destes plans o equipo docente do alumno ou alumna reunirse co titor/a e coa xefa do D.O. unha vez realizadas as avaliacións iniciais, para establecer as liñas de actuación no referente: necesidades educativas que presenta o alumnado, medidas que xa se adoptaron o curso anterior, temporalización, estratexias metodolóxicas a seguir a nivel xeral e en cada unha das áreas, recursos materiais e persoais que se van utilizar, procedemento de avaliación e aspectos organizativos do proceso de ensinanza e aprendizaxe. A continuación informarase ás familias do contido de dito plan, do que se levantará acta.

- Alumnos/as que promociónan ao curso seguinte pero con materias pendentes:

Os alumnos que promociónen ao curso seguinte con algunha materia non superada do curso anterior contarán cun plan de traballo individualizado que elaborará o mestre que imparta esa materia no curso actual seguindo as directrices establecidas polos distintos departamentos didácticos.

Para o alumnado que teña materias pendentes que se extinguen deberá recuperalas co currículo establecido no Decreto 156/2022, do 15 de setembro. A estes efectos terase en conta:

- a) Nas materias con igual denominación entre o sistema novo e o sistema que se extingue, recuperarase co currículo das materias novas.
- b) Nas materias que cambian de denominación entre os dous sistemas establécese a correspondencia contemplada no anexo I da Resolución do 6 de Xuño de 2023.
- c) As materias de libre configuración de primeiro e de segundo curso e a materia de Tecnoloxía do terceiro curso non teñen correspondencia coas materias do novo sistema, polo que o alumnado deberá matricularse delas, pero non terá obrigaón de recuperalas.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Deixarase constancia desta circunstancia mediante unhadilixencia, conforme ao modelo do anexo II, da Resolución do 6 de Xuño de 2023, nos documentos de avaliación. Estas materias constarán no expediente académico e nos documentos de avaliaciónco termo de <<Exento/a>> (EX), non terán cualificación numérica e non computarán a efectos do cálculo da nota media.

O departamento didáctico que corresponda elixiráao profesorado que realice o seguimento e a avaliación das materias ou ámbito pendentes, tendo en conta o seguinte:

- a. Cando se trate da mesma materia ou ámbito será elixido, preferentemente, o profesorado que imparta a materia ou o ámbito á alumna ouao alumno no actual curso académico.
- b. No resto de materias ou ámbitos, será elixido, preferentemente, o profesorado que teña coñecemento do proceso de aprendizaxe e da realidade educativa da alumna ou do alumno por terlle impartido docencia no curso anterior ou por impartirle docencia no curso actual.

O profesorado, coordinado pola xefatura do departamento didáctico, informará sobre os aspectos básicos dos plans de reforzo ao alumnado e, de ser o caso, as nais, os paisou as persoastitoraslegais.

O seguimento do plan de reforzo e avaliación das materias ou ámbitos pendentesrealizarase en cada sesión de avaliación parcial e nasesesión de avaliación final. Para estes efectos, programaranse actividades e/ou probas de avaliaciónao longo do curso para verificar a superación desas materias ou ámbitos.

3.11.Criterios xerais para a avaliación, promoción e titulación.

O profesorado avaliará ao alumnado tendo en conta todos os elementos que compoñen o currículo e os criterios de cualificación das materias serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias clave.

A avaliación será realizada polo equipo docente, que estará constituído polo conxunto de profesores de cada grupo de alumnos, que actuará de forma colexiada, coordinado polo titor e asesorado polo D.O. do centro.

As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, tomaraas o conxunto de profesores do alumno, atendendo ao logro dos obxectivos e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

A repetición será unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

3.11.1 Promoción

Os alumnos promocionarán ao seguinte curso cando superen todas as materias ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

De maneira excepcional, se un alumno non cumpre coa condición de promoción anteriormente exposta, o equipo docente poderá autorizar a promoción dun alumno cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

1. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos nos que estea matriculado o alumno/a ese ano, sexa igual ou superior a 5.
2. Que a suma dos períodos lectivos semanais establecido no Anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
3. Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno seguir con éxito o curso seguinte.
4. Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
5. Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución educativa.

Os alumnos que promocionen ao curso seguinte sen ter superadas todas as materias deberán seguir un plan de reforzo en cada unha das materias e superar as avaliacións correspondentes a dito plan.

Os que non promocionen deberán permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderáselle aplicar no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. Este alumnado contará cun plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior.

Un alumno/a poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo de todo o ensino obrigatorio. Excepcionalmente poderá repetir unha

vez máis o 4º curso, sempre que o equipo docente considere que con esta medida se favorecerá a adquisición das competencias establecidas para a etapa.

3.11.2. Obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria

O alumnado que supere todas as materias da etapa, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte do alumnado sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

1. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado ese ano académico sexa igual ou superior a 5.
2. Que a xuízo do equipo docente o alumno/a teña adquiridas as competencias establecidas no perfil de saída.
3. A xuízo do equipo docente o alumno/a acadara os obxectivos da etapa.

O alumnado con dezoito anos cumpridos que non obteña o título de graduado en ESO disporá, durante os dous anos inmediatamente seguintes ao remate da escolarización, dunha convocatoria anual de probas ou actividades personalizadas para superar as materias pendentes nos termos que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. En todo caso, as probas terán lugar no mes de xuño e serán incompatibles con estar cursando as ensinanzas de adultos e presentarse ás probas para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria previstas no artigo 68.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Para tales efectos, o profesorado informará, cando menos, dos obxectivos, os criterios de avaliación, os contidos, os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación para cada materia en que a alumna ou alumno estea inscrito, así como dos criterios de titulación.

O título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria permitirá acceder ao bacharelato, á formación profesional de grao medio, aos ciclos de grao medio de artes plásticas e deseño, ás ensinanzas deportivas de grao medio e ao mundo laboral.

O alumnado que curse a Educación Secundaria Obrigatoria e non obteña o título de graduado en educación secundaria obrigatoria recibirá un certificado de escolaridade en que se farán constar os anos e materias cursadas.

3.11.3. Criterios xerais para o outorgamento de matrículas de honra ou mención honoríficas en ESO

Aqueles alumnos que na avaliación final de 4º ESO obteñan unha nota media nese curso igual ou superior a 9 puntos, obterán unha mención honorífica que figurará no seu expediente académico. Dita mención poderá concederse como máximo a un 5% do total do alumnado matriculado nese curso.

En caso de representar eses alumnos unha porcentaxe superior ao 5%, procederase a varemar a nota media obtida por cada un, obtendo a mención honorífica aquel cuxa nota media sexa superior.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra. Para o cálculo da nota media da avaliación final de 4º ESO non se terán en consideración as cualificacións obtidas nas materias de Relixión nin de Proxecto Competencial.

3.12. Criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

O conxunto de profesores elaborará as súas correspondentes programacións didácticas, nas que se verán reflectidos: unidades didácticas, criterios de avaliación para cada unha delas co seu peso correspondente, competencias clave, obxectivos de etapa e contidos, ademais dos correspondentes criterios de avaliación, recuperación e aspectos metodolóxicos.

O centro docente fará públicas as programacións didácticas co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa. Así mesmo, nos primeiros días de actividade lectiva de cada curso académico o profesorado, coordinado pola xefatura do departamento didáctico, conforme ao establecido no centro, informará sobre os aspectos da programación didáctica ao alumnado e, de ser o caso, as nais, os pais ou as persoas titoras legais. A maiores proporcionaráselle ás familias os criterios de promoción e/ou titulación.

O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo o grao de cumprimento respecto ao planificado, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e as propostas de modificación e/ou mellora.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Esta información será valorada e analizada polo departamento didáctico cunha frecuencia mínima mensual deixando constancia nas correspondentes actas de reunión. Así mesmo, cada docente realizará unha valoración periódica eoutrafinal das súas programacións ao rematar o curso escolar na aplicación PROENS. Nelas valoraranse o grao de cumprimento da programación realizada así como calquera modificación que fora preciso incorporar no transcurso do ano.

3.13. Criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.

O centro participará naqueles proxectos, programas e plans que axuden a acadar os obxectivos plantexados e favorezan o traballo e a adquisición das competencias por parte do alumnado.

O tratamento de aspectos transversais tamén será definitivo á hora de optar por uns plans ou outros.

3.14. Procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

A revisión da concreción curricular realizarase cada ano antes do inicio do curso escolar. Para elo teranse especialmente en conta as novidades normativas, instrucións, etc. que se teñan que aplicar, así como aqueles aspectos que se demostraran mellorables durante o desenvolvemento do curso anterior. Todo iso se reflectirán nas programacións de aula que realice cada docente e no apartado corresponde da aplicación PROENS.

3.15. Criterios de avaliación

Nas programacións didácticas de cada materia aparecerán reflectidos os criterios que o currículo establece para cada área e ciclo, segundo o Decreto 156/2022. Estes criterios favorecerán a adquisición das competencias clave e a consecución dos obxectivos propostos.

Os criterios de avaliación son referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto

en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Ao comezo do curso cada profesor realizará unha avaliación inicial na súa materia, co fin de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, mediante a adopción, de forma coordinada, de aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo. Esta avaliación inicial en ningún caso implicará cualificación para o alumnado.

O alumnado con materias pendentes de cursos anteriores poderá recuperalas mediante un plan individual de reforzo do que se fará un seguimento trimestral por parte do mestre e que será avaliado na sesión de avaliación ordinaria correspondente a cada trimestre.

O profesorado avaliará ao alumnado tendo en conta todos os elementos que compoñen o currículo e os criterios de cualificación das materias serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias clave.

A avaliación será realizada polo equipo docente, que estará constituído polo conxunto de profesores de cada grupo de alumnos, que actuará de forma colexiada, coordinado polo titor e asesorado polo D.O. do centro.

Se no proceso de avaliación continua se detectasen dificultades de aprendizaxe, adoptaranse as medidas de reforzo educativo coa finalidade de que o alumnado adquira as aprendizaxes necesarias para continuar o proceso educativo.

3.16. Procedementos de avaliación

A avaliación será un proceso formativo, continuo e integrador, que posibilite a obtención de información relevante desde distintos ámbitos e de maneira continua, tanto sobre o progreso do alumnado coma sobre o procedemento de ensino e aprendizaxe levado a cabo polo profesor.

Fomentarase o uso de estratexias e recursos variados na avaliación que favorezan a resposta e a atención á diversidade do alumnado.

Introduciranse estratexias de autoavaliación para favorecer a motivación do alumnado, de xeito que sexan capaces de detectar as súas fortalezas e os ámbitos nos que precisan mellorar ou ser apoiados.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

A avaliación entre iguais tamén deberá ser un aspecto esencial da avaliación, de xeito que se valore o traballo colaborativo, observando puntos de mellora e analizando fortalezas coma equipo cooperativo.

a. Instrumentos de avaliación:

- Probas escritas.
- Probas orais.
- Actividades individuais e grupais que serán avaliadas por medio de rúbricas e escalas.
- As rúbricas , escalas, etc. tamén se utilizarán para avaliar o traballo diario do alumnado, tanto na aula coma na casa: realización de exercicios; saídas ao encerado; corrección de cadernos; presentación de traballos/tarefas/proxectos que se fan de forma autónoma fomentando o espírito crítico, o emprendemento e a creatividade, así como a capacidade para traballar de maneira individual, en parella ou en grupo; determinación á hora de mellorar o proceso de aprendizaxe; espírito colaborativo; uso que fai dos valores traballados; respecto ás normas de convivencia; actitude cara á materia, o docente e os compañeiros; etc.
- Outras probas específicas de cada materia (probas físicas, presentación de láminas e probas musicais).

b. Criterios de cualificación:

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino e aprendizaxe. Para levala a cabo axeitadamente, establécense uns criterios que permitan contrastar as informacións recollidas polo profesor na práctica docente diaria coa consecución dos obxectivos establecidos para cada materia e a adquisición das competencias.

Na programación didáctica de cada unha das materias aparecen reflectidos os criterios de cualificación, así como o peso que teñen cada un deles dentro das distintas unidades didácticas.

Os elementos que se terán en conta á hora de efectuar a cualificación dos alumnos serán os seguintes

- Probas ou traballos obxectivos, tanto orais coma escritos. Queremos dar peso dentro da cualificación global de cada área ao traballo específico amosado polos alumnos a través do seu rendemento nas diferentes probas orais e escritas que realice ao longo do trimestre para comprobar o nivel de coñecementos e competencias adquiridas. Todas as probas se puntuarán sobre dez.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Traballo diario individual e colectivo tanto na aula coma na casa. Preténdese desenvolver un hábito de traballo diario no alumno.

O profesor informará ao seu alumnado dos criterios de cualificación que se terán en conta á hora de avaliar a un/ha alumno/a e dos instrumentos cos que se avaliará individualmente a cada un deles.

c) Publicidade ao alumnado e a pais: o profesor de cada materia en ESO porá en coñecemento de alumnos/as e pais os criterios que se seguen na etapa para avaliar aos alumnos e os criterios xerais de cualificación.

3.17. Medidas de atención á diversidade

O centro conta con varias aulas de apoio con profesorado especializado que desenvolve o seu labor en coordinación co profesorado da aula e o Departamento de Orientación.

A atención á diversidade que se realiza concrétese en:

- Detección e atención temperá de dificultades de aprendizaxe.
- Apoio dentro e fóra da aula.
- Aplicación dos distintos protocolos de atención ao alumnado que presenta necesidades especiais.
- Adopción de medidas extarordinarias (ACIS).
- Avaliación individualizada adaptada ás necesidades de cada alumno.

a. Agrupamento específico

Aqueles alumnos que o precisen por presentar NEE, recibirán a atención específica axeitada dentro ou fóra da aula, co profesor de apoio ou o especialista do DO segundo sexa necesario en cada caso. Este tipo de apoio realizarase no que denominamos agrupamentos específicos e só se levarán a cabo en casos excepcionais valorados polo Departamento de Orientación e o equipo da etapa, unha vez realizadas as probas de avaliación inicial.

Durante o curso 2023-2024 non está previsto realizar ningún agrupamento específico no centro.

b. Medidas de recuperación

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Faranse probas de recuperación en todas as materias. Estas probas realizaranse despois da entrega de notas correspondente a cada trimestre.

c. Cadro de avaliacións ESO

AVALIACIÓNS ESO	
1ª AVALIACIÓN	Inicio: 11/09/2023
	Finaliza coa entrega de notas o 21/12/2023
2ª AVALIACIÓN	Inicio: 08/01/2024
	Finaliza o 22/03/2024 coa entrega de notas.
3ª AVALIACIÓN	Inicio: 03/04/2024.
	Finaliza o 21/06/2024.
	Avaliación final de xuño 23/06/2023. Entrega de notas 28/06/2023.

d. Avaliación de pendentes

Cada Departamento establecerá o procedemento para que os alumnos con materias pendentes de cursos anteriores as podan recuperar. Ver o apartado correspondente a cada un dos Departamentos Didácticos.

d) Medidas de ampliación

En calquera curso podemos atoparnos con alumnos ou alumnas que asimilan rapidamente os contidos explicados na aula e que realizan as actividades de cada unidade con moita máis rapidez ca o resto de compañeiros.

Por este motivo debemos ter medidas de ampliación para evitar que os alumnos se desmotiven ante o coñecemento evidente do traballado.

As medidas de ampliación que podemos utilizar son a información adicional (bibliografía específica), presentación de traballos, exercicios máis complexos para algúns alumnos, etc., dependendo de cada alumno ou alumna e das súas capacidades. Deste xeito tamén poñemos en práctica a atención individualizada.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Outro xeito de motivalos é implicalos na axuda dalgún compañeiro/a que se atope con algunha dificultade na comprensión ou na realización das tarefas que se están levando a cabo.

e) Adaptacións curriculares individualizadas (ACI)

En caso de ser necesario, o equipo docente, en colaboración co Departamento de Orientación, elaborará a Adaptación Curricular Individualizada., pero polo de agora non se prevé a realización de ningunha esta etapa.

3.18. Acordos xerais do equipo de ESO para a etapa

Normas de convivencia: o titor/a dará a coñecer ao alumnado correspondente as normas básicas de convivencia, recollidas nas Normas de Organización e Funcionamento do centro, que quedarán expostas en cada aula e no taboleiro do corredor de Secundaria.

Reunións de Equipo:o equipo de Secundaria reunirse cunha periodicidade mensual para analizar aqueles aspectos salientables do desenvolvemento dos catro cursos, a nivel académico e de convivencia., aproveitando a permanencia no colexio os martes pola tarde.

Información ás familias: cada titor informará ás familias dos alumnos/as do seu grupo ao longo do curso a través da plataforma Educamos, de xeito telefónico ou presencialmente. As familias poderán acceder ao centro e serán convocados a unha reunión presencial de inicio de curso.

Plataforma Educamos: usarase para calquera tipo de intercambio de información entre as familias e o titor/a/mestre. Só se aceptarán xustificantes enviados a través de documentos oficiais ou da aplicación informática.

Reunións cos delegados: unha vez por avaliación os titores da etapa reuniranse cos delegados para analizar o desenvolvemento do trimestre, a consecución dos obxectivos propostos a nivel de aula ou calquera aspecto relacionado co funcionamento en xeral. Unha vez realizadas, informarase á Dirección do Centro das conclusións acadadas, os acordos establecidos ou as propostas presentadas.

Titorías

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Cada titor/a establecerá unha data semanal para poñerse en contacto coas familias do alumnado do seu grupo. A comunicación cos pais poderá ser virtual a través de Educamos, chamadas telefónicas ou reunións presenciais.

Durante o 1º trimestre todas as familias serán convocadas a unhatoría presencial na que se abordarán aspectos destacados relacionados coa evolución amosada polos seusfillos/as. Nos restantes trimestres as conversas cos titores serán telefónicas ou virtuais por norma xeral, aínda que as familias poderán solicitar xuntanzas presenciais cando o consideren necesario.

Cadro de titorías en ESO:

GRUPO	HORA DE TITORÍA
1º ESO	Noelia, martes 10:25h-11:15h
2º ESO	Viky, mércores 17.00h-18.00h
3º ESO	Patricia, venres 10.25h-11.15h
4º ESO	Luis, luns 12.35h-13.25h

D) OUTROS EQUIPOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

A. DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA

Membros do departamento:

1. M^a Esther Rodríguez Camino, profesora de Inglés en ESO.
2. Rosa M^a Rodríguez Camino, profesora de Inglés en EP e ESO.
3. Luis Conde Carnero, profesor de Xeografía e Historia, Francés e Relixión en ESO.
4. M^a Mar Fernández Sánchez, profesora de EP.
5. Raquel Vidal Arias, profesora de EI.
6. Clara Rodríguez Fernández, especialista en AL.
7. Ana Inmaculada González Fernández, profesora de EI.
8. Saleta Pérez Garrido, profesora de Lingua Galega e Lingua Castelá en EP e coordinadora do departamento.
9. Leticia Fernández Corujo, profesora en EP.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

10. Victoria Aceiro Martínez, profesora de Inglés en EI, EP e Lingua Castelá, Xeografía e Historia e Inglés en ESO.
11. Isabel Rodríguez Ferreiros, profesora de Lingua Galega e Lingua Castelá.
12. Nerea Pérez Castro, profesora de Francés en ESO.

➤ **Obxectivos**

Os obxectivos xerais para a área de lingua aparecen acompañados, cada un deles, das estratexias a realizar e a avaliación das mesmas. Traballaremos os seguintes:

1. Comprender discursos orais e escritos e expresalos con competencia nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica, adaptándose a cada etapa educativa.

Para acadar este obxectivo:

- Realizaranse exercicios de comprensión e expresión oral e escrita como trabalinguas, refráns, poesías, etc.
- Elaboraranse contos e narracións breves, dando resposta a preguntas sobre textos dados.
- Participarase activamente en intercambios lingüísticos orais.
- Realizaranse debates.
- Utilizaranse estratexias básicas de comunicación, tanto lingüísticas como extralingüísticas (mímica, xestos e debuxos).

2. Expresarse oralmente de xeito correcto adoptando actitudes de respecto e de colaboración cara aos demais.

Para conseguilo realizaranse exercicios de:

- escoita activa.
- Realización de debates, exposicións orais, presentacións, etc.
- Actividades de resolución de conflitos de forma cívica e democrática, etc.

3. Utilizar as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para elaborar e valorar diferentes tipos de información.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Para conseguilo recorrerase a:

- O curruncho da lectura.
- Emprego dos recursos tecnolóxicos presentes no centro.
- Uso da biblioteca do centro e de aula, así como da sala de ordenadores.
- Procura de información na Internet.
- Colaboración nos diferentes programas de radio que se realizan dende o centro.
- Utilización dos medios audiovisuais para realizar traballos de aula.
- Participación no Proxecto Lector do Centro. Un programa de grande importancia para fomentar a formación de lectores competentes, así como a creación e consolidación de hábitos de lectura e a maior presenza da biblioteca escolar como centro de recursos da información e da aprendizaxe e como dinamizadora da vida cultural do centro.

4. Poñer en práctica, en creacións propias lingüísticas e literarias, os conceptos aprendidos na aula.

Para lograr este obxectivo tentaranse as seguintes estratexias:

- Redaccións.
- Composicións poéticas e narrativas.
- Exercicios de creación colectiva e individual: elaborar textos a partir dun comezo ou dun final dados, crear poemas a partir dunha serie de palabras que ofrece o profesor, etc.
- Participación en certames literarios e xornalísticos promovidos dende diferentes estamentos.
- Elaboración de guións para programas de radio.

5. Coñecer a historia e evolución das linguas oficiais de Galicia, valorando a riqueza das sociedades plurilingües.

Levarase este obxectivo a cabo a través de:

CPR. PLURILINGÜE FED. TORRE DE LEMOS

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Traballos con textos escritos de tradición cultural, dos medios audiovisuais e dixitais.
- Cantigas tradicionais.
- Exercicios de recoñecemento de palabras segundo a súa orixe.
- Traballos de investigación como recollida de textos de tradición oral, lendas, etc.

6. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

Abordamos este tema mediante:

- A análise de textos publicitarios.
- A corrección de expresións pexorativas.
- A realización de xogos simbólicos (monicreques, disfraces, etc.) con diferentes roles.

7. Ler con fluidez e valorar a lectura como fonte de coñecemento e pracer.

Como estratexias tentaremos realizar:

- Actividades de lectura comprensiva nas linguas oficiais e nas estranxeiras estudadas no colexio.
- Lectura obrigada dun número de libros por trimestre nas materias de Lingua Castelá e Lingua Galega.
- Lectura diaria.
- Elaboración de actividades relacionadas co Plan Lector do centro e coa biblioteca.
- En todos os cursos de primaria, secundaria e en 6º de EI dedicarase un tempo diario á lectura e buscarase traballar máis co alumnado a expresión escrita e oral.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

8. Valorar a riqueza literaria das linguas da nosa comunidade achegándonos ao estudo de textos literarios.

Para conseguir este obxectivo realizarase:

- Análise de textos dos diferentes autores estudados en cada etapa.
- Achegamento á poesía infantil a través de textos curtos.
- Lectura colectiva de obras literarias.

Para avaliar a consecución dos obxectivos anteriormente detallados terase en conta:

- O seguimento continuo de cada actividade realizada nas aulas, segundo os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- O uso de recursos expresivos e o interese e motivación para aprender.
- A progresiva asimilación dos contidos e a adquisición das competencias traballadas.
- No desenvolvemento das distintas actividades ponse de manifesto a adquisición da educación en valores (respecto, tolerancia, empatía, esforzo, igualdade, traballo colaborativo), eixos transversais que se traballan en todo o proceso educativo, sempre baseado na educación emocional do alumnado.

➤ **Criterios de cualificación**

En **Educación Infantil** realízase un seguimento continuo dos alumnos e alumnas baseado na observación diaria, directa e indirecta.

En **Educación Primaria e Secundaria:**

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe. Para levala a cabo axeitadamente, establécense uns criterios que permitan contrastar as informacións recollidas polo profesor na práctica docente diaria coa consecución dos obxectivos establecidos para cada materia.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Os elementos que se terán en conta á hora de efectuar a cualificación dos alumnos serán os seguintes:

- **Probas obxectivas: orais e/ou escritas:**

Queremos dar peso dentro da cualificación global de cada área ao rendemento específico amosado polos alumnos a través das diferentes probas que realicen ao longo do trimestre para comprobar o grao de consecución dos contidos e competencias adquiridas.

Todas as probas se puntuarán sobre dez.

Con respecto ás materias **plurilingües**, en función do emprego da lingua estranxeira, tanto de xeito oral como escrito, a nota final das materias poderá variar positiva ou negativamente a cualificación trimestral.

- **Traballo diario individual e colectivo tanto na aula coma na casa:**

Todos os días os alumnos realizarán unha serie de tarefas de forma individual na aula e/ou nas súas casas, actividades que serán corrixidas e revisadas polo docente e por eles mesmos, nun proceso da autocorrección. Preténdese desenvolver un hábito de traballo diario no alumno e a autonomía na realización das tarefas .

Neste ámbito inclúense as actividades individuais ou grupais que propoñan os docentes relacionadas coa materia e que deberán realizarse mantendo uns mínimos de dedicación, presentación e rigor.

A realización ou non destas tarefas reflectirase na cualificación final do alumno.

- **Adquisición de competencias:**

A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso, o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Por último, fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, no seu caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais.

Tentaremos formar a cada alumno en todos os seus ámbitos, non só na adquisición de contidos. Será igual ou tan importante o traballo de aspectos coma a convivencia, o traballo en equipo, a resolución de conflitos, a autoxestión, etc. de acordo co Proxecto Educativo e o Ideario do Centro.

Continuaremos cos cambios metodolóxicos, que neste curso se volverán centrar na utilización de aulas virtuais en todas as materias a través da plataforma Educamos. Os alumnos serán cada vez máis protagonistas da súa aprendizaxe (traballo colaborativo, autorregulación, coavaliacións, etc.)

Por outra banda, farase unha observación diaria do traballo e da evolución do alumnado, teranse en conta as probas obxectivas para avaliar o seu progreso, así coma os datos extraídos das autoavaliacións e das coavaliacións que nos mostren a evolución no ámbito persoal.

- **Actividades relacionadas co Plan Lector do centro**

A partir de 3º de EP e ata 6º EP o alumnado realiza tres lecturas obrigatorias ao longo do curso.

Os criterios empregados para avaliar as probas de lectura aparecen recollidos na programación de cada materia.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Na ESO as lecturas obrigatorias serán seis (tres en lingua galega e tres e lingua castelá). As probas de lectura poderán ser orais, escritas e/ ou telemáticas e computarán positivamente ata un 10% da nota final.

A escolla das lecturas por parte do profesorado segue un criterio de interese, actualidade e fomento dos valores, sen descoidar o coñecemento de obras clásicas da nosa literatura nos cursos de Secundaria.

- **Actividades complementarias**

O Departamento de Lingua vén realizando, durante os últimos anos, unha serie de actividades entre as que destacan as seguintes: contacontos, monicreques, certames literarios, participación na Semana da Prensa, celebración do Día do Libro, o Día das Letras Galegas, colaboración co Proxecto Lector do centro e coa radio escolar, biblioteca, asistencia a representacións teatrais, cine, etc.

Todas as actividades previstas para o presente curso escolar aparecen reflectidas nesta PXA no correspondente epígrafe de cada etapa educativa.

B.DEPARTAMENTO DE CIENCIAS

- **Compoñentes**

O departamento de Ciencias do noso centro está formado por trece docentes:

1. Hilda Ruiz Casanova (E. Primaria)
2. Ibán Pérez Rodríguez (E. Primaria)
3. Adrián Vázquez Rivera (E. Primaria e E. Infantil)
4. Iván García Luaces(ESO.)
5. Sara Álvarez Otero (ESO.)
6. Patricia Martínez Rodríguez (ESO.)
7. M^a Carmen Castaño Aira (ESO.)
8. María Vázquez Álvarez (DO. e ESO.)
9. Nela Loureiro Viéitez (E. Primaria)
10. ÁngelDapenaGil (ESO.-COORDINADOR DE DPTO.)
11. Cristina Méndez López (E. Infantil)
12. Eva Vázquez López (ESO.)
13. Noelia López Da Costa (ESO.)

➤ **Obxectivos xerais**

Os seguintes obxectivos son os relacionados coa área de ciencias e que aparecen acompañados das estratexias e avaliación correspondentes que serán levadas a cabo por cada un dos membros deste departamento. Todos eles están baseados nos correspondentes DECRETOS relativos ós currículos das diferentes etapas: DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, para EI.; DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, para EP (de plena implantación en toda a etapa dende o presente curso por derogación definitiva nos cursos pares do DECRETO 105/2014, do 4 de setembro) e DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, para ESO (de plena implantación para toda a etapa dende o presente curso por derogación definitiva nos cursos pares do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño). Ademais, continuarase co cambio metodolóxico que apostará polo fomento do uso de Metodoloxías Activas na aula, convertendo ao alumnado en protagonista dos seus propios procesos de aprendizaxe e ao profesorado en guía que os acompañe nos mesmos. Todo o anterior vai orientado a desenvolver un alumnado competente que saiba e saiba facer, é dicir, que adquira contidos pero tamén competencias.

1. Revisar e modificar as programacións de aula segundo sexa necesario.

Estratexias

- Emprego de materiais utilizados en cada tema.
- Seguimento e revisión das programacións de aula.
- Adecuación paulatina ao novo PEC.

Avaliación

- Adquisición dun documento útil e de consulta ao longo deste ano.
- Metavaliación da propia programación.

2. Aplicar a comprensión lectora na aula.

Estratexias

- Lectura detida de problemas, gráficas, noticias, artigos científicos, etc.
- Análise do vocabulario.
- Activación das ideas previas.
- Esmiuzamento de cada parágrafo.
- Extracción da idea principal.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Lecturas de diversos artigos de carácter cultural e artístico a partir dos cales os alumnos terán que realizar pequenos traballos monográficos e de investigación.
- Adquirir un vocabulario máis técnico e novidoso naquelas materias que os alumnos cursan por primeira vez.

Avaliación

- Reunións de avaliación da programación.
- Comprobación mediante distintas probas da consecución da comprensión e razoamento lóxico.

3. Aplicar estratexias didácticas para desenvolver a habilidade na resolución de problemas relacionados coas materias do presente departamento.

Estratexias

- Fomento da resolución de problemas tipo.
- Reformulación verbal do problema.
- Formulación de preguntas para a análise do enunciado do problema.
- Explicación dos razoamentos durante o proceso de solución do problema.
- Fomento da práctica de exercicios con enunciados relacionados coa vida cotiá (tipo avaliación orientativa), que conteñan tanto información relevante coma non relevante. Distinción correcta dos diferentes tipos de datos.
- Análise de forma razoada do resultado final dos problemas.
- Debuxar o problema.

Avaliación

- Reunión de avaliación da programación.
- Avaliación diaria e continua dentro da aula, así como diversas probas orais e escritas.
- Invención de problemas por parte dos alumn@s.
- Estratexias de autoavaliación para favorecer a motivación do alumnado, de xeito que sexan capaces de detectar as súas fortalezas e os ámbitos nos que precisan apoio.

4. Mellorar no cálculo mental e escrito.

Para continuar mellorando o cálculo, faremos fincapé nas seguintes estratexias:

Estratexias

- Realización de exercicios de cálculo mental e escrito adaptados á idade de cada grupo.
- Resolución de problemas sinxelos a través do cálculo mental e escrito.
- Xogos na aula relacionados co cálculo mental e obradoiro de matemáticas manipulativas (por exemplo: uso de regletas).
- No primeiro ciclo de educación primaria realizaranse todas as sesións que o profesor considere oportuno, nas que deban empregar o cálculo.
- Utilización do método ABN de comprensión de cálculo.
- Traballar a velocidade no cálculo mental mediante a realización de actividades nas que se poña un tempo máximo para a súa realización.
- Faranse "olimpiadas matemáticas dentro da aula" para potenciar o interese polas matemáticas: poderán ser individuais.
- Tratamento lúdico da ensinanza das matemáticas.

Avaliación

- Probas orais, escritas ou telemáticas.
- Traballos individuais ou colectivos.
- Probas exclusivas de cálculo que poderán ser orais ou escritas.
- Faranse probas "tipo xogo" que serán avaliadas nas que se poña tempo máximo.

5. Afianzar as operacións básicas ao longo de toda a educación, tendo como obxectivos de cada etapa os seguintes:

- E. Infantil (ao finalizar a etapa): razoamento lóxico, manexo da táboa numérica do 1 ao 100, sumas con levadas e sen levadas e restas sen levadas.
- E. Primaria (ao finalizar 4º EP.): consolidación de multiplicación, división por dúas cifras e as catro operacións básicas con decimais.
- E. Secundaria: aplicación das operacións e cuestións sobre a vida cotiá.

Estratexias

- Práctica continuada das operacións básicas (suma, resta, multiplicación, división, potencias e radicais) con dificultade adaptada a cada etapa.
- Entrega e revisión de cadernos; uso de materiais axeitados.
- Uso de métodos manipulativos de cálculo en EI. e EP.

Avaliación

- Traballo diario individual.
- Probas orais, escritas ou telemáticas.

6. Introducir progresivamente os diferentes conxuntos numéricos para poder usar en 4º curso de ESO o conxunto dos números reais.

Estratexias

- Xogos matemáticos, exercicios de aplicación da vida cotiá, como é o caso dos exercicios de tipo económico que se realizan nas materias de matemáticas e economía; traballos en grupo, recursos TIC., etc., axeitados a cada idade.

Avaliación

- Observación diaria, probas orais e escritas, cadernos de traballo, etc.

7. Fomentar de xeito gradual o uso das TIC nas diferentes áreas.

Estratexias

- Programas informáticos proporcionados polas editoriais, recursos de internet, presentacións, medios audiovisuais, etc.
- Uso de ordenadores ou outros dispositivos dentro da aula ordinaria ou na aula multimedia/de informática.
- Procura de información en diferentes páxinas web.
- Uso de editores de partituras.
- Aplicacións matemáticas (Geogebra, Wmaxima, Excel,...)
- Sesión semanal de novas tecnoloxías en inglés, dentro do horario escolar na etapa de educación infantil.
- Visitas virtuais a museos ,concertos online, así como traballo con repositorios como *europaena*, ou *ceres.es*.

Avaliación

- Análise do uso e resultados obtidos dos recursos anteriormente citados nas distintas áreas.

8. Coñecer o funcionamento do corpo humano. Interpretar e interactuar co mundo físico.

Estratexias

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Observación de fenómenos naturais, recursos TIC, actividades fóra da aula en contacto co medio (sesións de orientación deportiva, etc.), e incluso na aula, dende os cursos máis pequenos, coa fin de experimentar os diferentes recursos e comprender moito mellor a realidade de diferentes procesos relacionados coas ciencias, proxectos sobre animais e plantas relacionados coas intelixencias múltiples, etc.
- Emprego de maquetas e simulacións especializadas no corpo humano.
- Uso correcto de coñecementos sobre o funcionamento do corpo humano para desenvolver e afianzar hábitos de coidado e saúde corporal.
- Uso correcto dos coñecementos científicos para analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio, valorar as repercusións que sobre él teñen as actividades humanas e contribuír á defensa, conservación e mellora do mesmo.
- Emprego de materiais habituais de laboratorio.
- Coñecer o comportamento do corpo en relación coa actividade física: capacidades físicas básicas, funcionamento do corazón, etc.

Avaliación

- Caderno de traballo, valoración das saídas, probas orais, escritas, boletíns de exercicios, caderno de prácticas, etc.
- Realización de proxectos nos que se traballen as competencias clave.

9. Mellorar a percepción visual, a orientación espazo-temporal e o sentido do ritmo e a escoita (principalmente no aspecto musical).

Estratexias

- Reflexión sobre as formas xeométricas, representadas en dúas e tres dimensións e sobre as cores de obxectos da vida cotiá.
- Uso de debuxos na resolución de problemas.
- Uso de software de xeometría dinámica.
- Uso de modelos moleculares.
- Utilización de modelos a escala de distintas formas e cores.
- Análise de audicións musicais, sendo capaces de recoñecer distintos elementos da mesma.
- Traballo do deporte da orientación en educación física.
- Traballo de percusión corporal , con soporte musical.

Avaliación

- Valoración dos resultados obtidos nas distintas actividades realizadas para a mellora destas capacidades.

10. Introducción de novas metodoloxías didácticas co obxectivo de aumentar a motivación e a participación do alumnado, a necesidade de aprender a aprender, desenvolver a súa autonomía, o seu espírito crítico e iniciativa persoal, o emprendemento, a creatividade, a curiosidade, a participación, o esforzo e o traballo persoal, entre outros.

Estratexias

- Clase invertida ou FlippedClassroom.
- Gamificación .
- Uso de dispositivos móbiles.
- Aprendizaxe colaborativa e cooperativa.
- Autorregulación do alumnado.
- Metodoloxías activas e o seu uso na aula (ABP, ABR,...).

Avaliación

- Análise de resultados obtidos con estas novas metodoloxías.
- Avaliación do proceso de ensinanza, da práctica docente e a análise dos resultados obtidos.

Dende o Departamento de Ciencias preténdese transmitir tanto un coñecemento científico, un saber integrado estruturado por materias segundo a etapa, como dar a coñecer e aplicar os métodos para a identificación e resolución de problemas en diversos campos.

➤ **Actividades complementarias**

As actividades complementarias que está previsto realizar ao longo do curso 2023-2024 son as seguintes:

- Obradoiro sobre primeiros auxilios e educación vial, dirixido por persoal técnico sanitario.
- Participación en actividades programadas polo Concello.
- Participación en Voz Natura.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Levarase a cabo un proxecto no que os alumnos deberán responsabilizarse do coidado de diferentes seres vivos (xardín botánico).
- Visita ao planetario do I.E.S. A Pinguela.
- Participación na feira científica Galiciencia.
- Participación en charlas sobre educación sexual e anti-drogas, dirixidas polo centro de planificación familiar.
- Participación en charlas levadas a cabo por parte dunha persoa especialista nun deporte determinado.
- Participación en charlas sobre educación financeira (programa EDUEMPRENDE).

➤ **Recuperación de materias pendentes de cursos anteriores**

As especificacións do plan individualizado de reforzo para os alumnos con materias pendentes, propostas polo Departamento de Ciencias son as que seguen:

EP.

- 1º de Educación Primaria:

A pesar de que neste curso non existe a posibilidade de alumnos con materias pendentes, é preciso destacar a importancia que terá no mesmo a detección de dificultades ou as carencias na adquisición de determinados items de cursos anteriores. Por este motivo, aínda que non se detalla un plan individualizado de reforzo, si que será posible que a mestra leve a cabo medidas individuais de reforzo co fin de detectar e traballar aqueles aspectos que os alumnos non teñan adquiridos, principalmente a través da realización de fichas.

- Nos restantes cursos os alumnos terán que entregar trimestralmente fichas, boletíns ou traballos sobre os cales o mestre poderá comprobar se os contidos traballados neles están adquiridos ou non. Adicionalmente, poderanse aplicar medidas mais individualizadas que xulgue oportuno cada mestre/a e axuden á consecución dos contidos traballados: clases individualizadas, colocar ó alumno/a nun lugar destacado no aula, etc.

- Das medidas de reforzo aplicadas e resultados acadados deixárase constancia nun informe de seguimento trimestral no que se resolverá, se é o caso, a recuperación/reforzo ou non da materia pendente.

ESO.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Os alumnos deberán entregar trimestralmente boletíns ou traballos, proporcionados polo docente, nos prazos establecidos. Ademais, realizarán unha proba trimestral sobre os contidos traballados nos boletíns ou traballos.

O peso que terá a entrega de boletíns ou traballos na cualificación será do 40%, mentres que as probas escritas realizadas trimestralmente valoraranse cun 60%, excepto en Educación Física, na que se realizarán probas prácticas.

Se algún alumno non superase a materia de forma trimestral poderá presentarse a un exame no mes de maio onde se avaliarán os contidos das avaliacións non superadas, de modo que esa proba escrita suporá o 100% da nota. Adicionalmente, poderanse aplicar medidas mais individualizadas que xulgue oportuno cada mestre/a e axuden á consecución dos contidos traballados: clases individualizadas, colocar ó alumno/a nun lugar destacado no aula, etc.

- Das medidas de reforzo aplicadas e resultados acadados deixarase constancia nun informe de seguimento trimestral no que se resolverá se procede ou non a recuperación da/s materia/s pendente/s.

C. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (ver punto 2 deste apartado).

D. DEPARTAMENTO DE LINGUAS ESTRANXEIRAS

Membros do equipo:

- Rosa M^a Rodríguez Camino, mestra de inglés en EP e ESO e coordinadora de bilingüismo.
- Victoria Aceiro Martínez, mestra de inglés en EI, EP e ESO. Coordinadora de Plurinfantil.
- Nerea Pérez Castro, profesora de francés en ESO.
- M^a Esther Rodríguez Camino, coordinadora do Departamento, de plurilingüismo e profesora de inglés en ESO.

Os acordos acadados polos membros do equipo para o curso escolar 2023-2024 son os seguintes:

- Seguir fomentando a aprendizaxe das linguas estranxeiras no centro dada a súa condición de colexio plurilingüe.
- Seguir traballando para que as dúas linguas estranxeiras presentes no centro (inglés e francés) se convirtn cada vez máis en lingua vehicular dentro das aulas mediante o uso

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

diario das mesmas como canle de comunicación entre docentes e alumnos en todas as etapas educativas.

- Seguir desenvolvendo e mellorando a coordinación e apoio existente entre o equipo de mestres de linguas estranxeiras e os docentes das materias plurilingües para acadar o mellor aproveitamento posible das mesmas.

- Realizar actividades complementarias relacionadas coas linguas estranxeiras nas distintas etapas como representacións teatrais, contacontos, actividades de inmersión lingüística, etc.

➤ **Educación Infantil:** mantense o proxecto de ensino plurilingüe denominado PLURINFANTIL nos tres cursos da etapa. Os alumnos traballarán e xogarán nun entorno caracterizado pola variedade lingüística e unha gran variedade de oportunidades de comunicación empregando distintos idiomas.

A metodoloxía utilizada basearase no cambio constante de actividade: contos, cancións, xogos, etc. nun ambiente agradable e próximo. Haberá unha rutina de traballo fixa en cada sesión. O traballo diario dos mestres centrarase na adquisición de estruturas básicas de comunicación e o vocabulario correspondente a cada área de coñecemento.

➤ **Educación Primaria:** prestarase especial atención á escritura das palabras, á familiarización dos alumnos coa fonética inglesa e á adquisición de vocabulario.

A metodoloxía basearase na aprendizaxe de vocabulario, estruturas gramaticais, formas verbais, lectura comprensiva de textos adaptados, uso oral da lingua estranxeira e comprensión de producións orais sinxelas.

Avaliación: realizarase tendo en conta as catro destrezas: speaking, writing, reading, listening, ademais de grammar e vocabulary. Todos os alumnos serán avaliados individualmente de todas elas pola mestra de referencia a través da realización de probas e actividades de diversa natureza.

Tamén se traballarán a tradución directa e inversa de textos na lingua estranxeira e se adicará un tempo diario para a práctica da lectura e a comprensión lectora de diferentes tipos de textos.

➤ **Educación Secundaria:**

Inglés: potenciaranse os intercambios comunicativos en inglés dentro da aula e traballaranse os aspectos gramaticais e estruturais máis destacados de cada lingua. A

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

avaliación centrarase no control das catro destrezas: speaking, writing, reading e listening coa realización de probas individuais en todas elas segundo se recolle na programación individual de cada materia. Tamén haberá que realizar traballos, proxectos, etc. de natureza diversa tanto individualmente como en grupos.

Francés:

Só os alumnos de 1º e 2º de ESO cursarán a materia de segunda lingua estranxeira (Francés) durante o curso 2023-2024.

Todos eles lerán e traducirán textos adaptados á súa idade para asimilar o vocabulario traballado durante o curso. Tamén realizarán exercicios de fonética, redaccións, interpretación de diálogos escoitados na aula, gramática e outras actividades que fomentan a adquisición das catro destrezas básicas da lingua.

Dende o Departamento de linguas estranxeiras formúlase a intención de reforzar a presenza e o uso destas linguas por parte do profesorado e do alumnado como instrumento de comunicación dentro da aula. Os aspectos gramaticais traballaranse a través da realización de diversas actividades e proxectos a desenvolver, tanto na aula coma na casa, e de maneira individual ou grupal co fin de acadar unha aprendizaxe significativa do idioma que corresponda en cada caso.

Tamén haberá presenza das linguas estranxeiras traballadas polo alumnado nas actividades tanto da biblioteca coma da radio escolar co obxectivo de potenciar a destreza oral dos alumnos no referente ao uso desas linguas.

➤ **Recuperación de materias pendentes de cursos anteriores**

EP

Todos os alumnos que teñan a materia (Inglés) suspensa de cursos anteriores poderán superala se obteñen avaliación positiva nos dous primeiros trimestres do curso actual sen necesidade de facer ningún exame ou entregar ningún traballo a maiores, xa que os contidos dos dous primeiros trimestres de calquera dos cursos inclúen a totalidade dos contidos traballados durante o curso anterior.

ESO

Todos os alumnos que teñan a materia (Inglés e/ou Francés) suspensa de cursos anteriores poderán superala se obteñen avaliación positiva nos dous primeiros trimestres do curso actual sen necesidade de facer ningún exame ou entregar ningún traballo a maiores.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

En caso contrario, deberán presentarse a un exame extraordinario de recuperación no mes de maio. Tratarase dunha proba de estrutura similar a calquera outra que se realice de xeito extraordinario e incluírá os contidos mínimos que se deben acadar para superar a materia.

E. EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) do centro vén funcionando dende a súa creación conforme ao Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo (artigo 18). Na actualidade está formado por seis profesores dos tres niveis educativos, PAS e tamén por unha alumna de 3º de ESO. O equipo está composto polos seguintes membros: Cristina Méndez López (mestra de EI), Mar Fernández Sánchez (mestra de EP), Ibán Pérez Rodríguez (mestre de EP), Leticia Fernández Corujo (mestra de EP), Nela Loureiro Viéitez (mestra de EP) Isabel Rodríguez Ferreiros (coordinadora do EDLG e profesora de ESO), Ana Fouces Rodríguez (alumna de ESO) e Araceli Pérez Fernández (representante do PAS no centro). Todos os membros son nomeados pola directora.

O EDLG ten diferentes funcións dentro do centro entre as que podemos destacar as seguintes:

- Realizar a configuración do EDLG para cada ano académico.
- Presentar, a través do Claustro, as propostas e obxectivos normalizadores que este equipo ten para o presente ano, de xeito que cheguen ao Equipo Directivo.
- Indicar os obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no Proxecto Educativo de Centro (PEC).
- Elaborar o Plan xeral para o uso do idioma, no que se especifican as medidas adoptadas para potenciar o uso da lingua e as actividades tendentes á consecución dos obxectivos propostos.
- Fomentar a valoración positiva do uso da lingua en todos os membros da comunidade educativa.

As persoas que formamos parte do EDLG comprometémonos a cumprir un obxectivo: potenciar o uso da nosa lingua en todos os ámbitos educativos, fomentando o seu emprego a nivel institucional e axudando ao correcto funcionamento da Lei de Normalización Lingüística do ano 1983. Así pois, encargáronos do deseño, posta en

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega. Para conseguir este obxectivo seguimos uns criterios de actuación entre os que destacamos os seguintes:

1. Os avisos da Dirección aos membros da Comunidade Educativa estarán escritos en galego.
2. As indicacións e sinalizacións dentro do centro estarán sempre en galego, ademais de empregar outras linguas (oficiais e estranxeiras).
3. Impartiranse en galego as diferentes materias de acordo coa lei, aínda que fomentamos o respecto pola liberdade de expresión de todos e todas.
4. Os informes educativos internos e externos do centro elaboraranse en galego, aínda que poderán aparecer tamén en castelán.
5. Empregaremos o galego nas reunións que se teñan no centro: claustros, reunións de departamentos, xuntanzas coas familias, etc., atendendo á decisión persoal dos docentes.
6. Realizaremos os trámites necesarios para adaptar o alumnado inmigrante á nosa cultura.
7. Informaremos dos casos en que sexa necesaria a solicitude de exencións (no caso de alumnado de 6º EP e Secundaria).

O EDLG estará ao servizo de todos os membros da comunidade educativa para realizar as traducións e revisións lingüísticas necesarias, así como para asesorar en xeral a todo o profesorado ante calquera conflito lingüístico que se presente, como fai dende hai anos. Fomentaremos a recuperación e mantemento dos costumes e tradicións propias da nosa comarca, participando nos diferentes eventos que se presenten ao longo deste curso escolar.

Como obxectivo principal concretado no presente curso académico 2023/2024, o EDLG propónse realizar actividades de fomento do uso do idioma a nivel oral, coidando especialmente o respecto pola lingua, evitando calquera actitude discriminatoria de cara ao galego e concienciando ao alumnado da enorme riqueza que posuímos ao estar dotados de lingua propia. Isto levarémolo a cabo en colaboración co equipo da biblioteca do centro e da radio escolar, xa que a meirande parte das actividades previstas dende os mesmos desenvolveranse en galego.

Outras actividades programadas para o presente ano, tendo en conta as especiais características do curso en canto ás posibilidades de realización, son as seguintes:

- Celebración do Magosto, probablemente a finais de outubro.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Realización de actividades polo Samaín.
- Celebración da “vendima”.
- Realización de actividades que teñan como tema central a Ribeira Sacra.
- Colaboración coas actividades que se realicen con motivo do Día da Constitución e do Estatuto de Autonomía.
- Participación nos concursos de Nadal do Concello de Monforte de Lemos: tarxetas de felicitación, panxoliñas, poesías...
- Celebración do San Brais, no mes de febreiro.
- Participación no Entroido.
- Conmemoración do Día de Rosalía de Castro (23 de febreiro).
- Fomento da participación en todos os certames literarios e/ou lingüísticos promovidos por calquera institución pública ou privada (ou polo propio centro).
- Celebración dos Maios.
- Participación no Certame de Narración e Debuxo con motivo das do Día das Letras Galegas, organizado pola Biblioteca Municipal *Lois Pereiro* de Monforte de Lemos.
- Celebración do Día das Letras Galegas. Neste curso 2023/2024 recordarase a figura e a obra de Luísa Villalta.
- Colaboración no certame literario “A maxia dos libros” e o “Maratón de Lectura” que, partindo do Proxecto Lector, é un concurso baseado na animación á lectura para todos os niveis educativos.
- Realización de documentos informativos que aparecerán recollidos na páxina web do EDLG (Madia leva!).
- Colaboración no proxecto de radio escolar.
- Colaboración co proxecto elaborado anualmente polo equipo de Voz Natura.

Ademais destas actividades específicas do noso departamento, o ENDL colaborará con outros departamentos do centro en diferentes actos que se celebren ao longo do curso.

Os membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro realizarán reunións periódicas, en principio trimestrais, e no momento que sexa necesario para decidir posibles actuacións, planificar actividades ou avaliar as actividades xa realizadas e valorar se se acadaron os obxectivos que se perseguían.

Retomando os aspectos de mellora da memoria do pasado curso académico 2022/2023 con respecto a este ano, continuaremos fomentando o uso da lingua oral a través de probas orais (sobre lecturas, por exemplo), ou tempo dedicado á conversa

dentro da materia específica de galego. Todo o profesorado que imparte lingua continuará esixindo o uso da lingua propia dentro da aula (entre o propio alumnado e non sóco profesor/a), xa que o uso e dominio da mesma é un requisito indispensable para superar a materia.

F. EQUIPO DE DEPORTES

Compoñentes:

- Noelia López Da Costa, (ESO, coordinadora).
- Iván García Luaces ,(ESO).
- Raquel Vidal Arias, (E.I)

O cometido deste equipo é a planificación, control e avaliación de todas as actividades deportivas nas que participe o alumnado do colexio: competicións locais, intercentros, rexionais, etc. Dentro delas atópanse as actividades extraescolares de natureza deportiva, que son este ano: natación, patinaxe, música e movemento, fútbol e escola de baile.

Pretendemos consolidar e, a poder ser, aumentar a participación da tempada pasada no programa Xogade.

Para a dinamización do tempo de lecer, tanto en Educación Secundaria como en Educación Primaria, pretendese realizar saídas a diferentes instalacións deportivas da zona (Clube Fluvial, Parque do Vivero, pistas de atletismo da Pingela...) co obxectivo de proporcionarlle aos nenos e nenas novas maneiras de ocupar o seu tempo libre, minimizando os conflitos e favorecendo a relacións afectivas entre eles.

Como en anos anteriores, seguiremos a desenvolver o proxecto "Running da Torre" co obxectivo de fomentar o deporte entre os máis cativos participando como centro nas carreiras populares da Ribeira Sacra. Ademais, valóranse como propostas a celebración do día da educación física na rúa previa a unha quedada de convivencia e a realización de charlas con personalidades do mundo deportivo. Por outro lado, plantéxase a colaboración en carreiras e activiades deportivas solidarias.

Dun xeito máis concreto, os principais obxectivos que marcamos para este curso son os seguintes:

- Valorar e coordinar o funcionamento das diferentes actividades deportivas.
- Conseguir un número cada vez maior de nenos que fagan deporte.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Incrementar a participación de equipos do centro no programa Xogade.
- Dinamizar os tempos de lecer para convertilos nun espazo máis educativo.
- Promover hábitos de vida saudables: alimentación, exercicio físico, descanso e relacións sociais.

G. BIBLIOTECA ESCOLAR

○ Compoñentes do equipo

- Raquel Vidal Arias (Educación Infantil)
- Mar Fernández Sánchez (Educación Primaria)
- Hilda Ruiz Casanova (Educación Primaria)
- Saleta Pérez Garrido (Educación Primaria) Coordinadora do departamento.
- Isabel Rodríguez Ferreiros (Educación Secundaria)

○ Liñas xerais de actuación

Coma no curso anterior, estarán operativas as dúas bibliotecas das que dispoñemos no centro, "Bibliopeques", situada no primeiro andar para os alumnos de EI e 1º de EP, e a Biblioteca escolar situada no terceiro andar para o resto de alumnado. Este ano, como novidade, contaremos ademais cun espazo destinado á xestión e préstamo de libros para o uso exclusivo dos alumnos de EP.

Durante o curso 2023-24 seguiremos desenvolvendo o proxecto comezado en anos anteriores cando lle demos un xiro, tanto á aparencia como á xestión das nosas bibliotecas.

O noso obxectivo é seguir promovendo a transformación da biblioteca nun centro de documentación e recursos, que reúna as condicións precisas para un bo funcionamento, e que a converta no eixo en torno ao cal xire a actividade pedagóxica do centro. Por iso, non contamos cun só espazo dedicado á biblioteca escolar, senón que faremos unha diversificación do mesmo, tendo diferentes zonas en distintos puntos do centro, nas que a biblioteca estea máis próxima a cada etapa.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Será un proxecto que vincule a todas as áreas, coordinado polo Equipo da Biblioteca, quen deberá programar e organizar as actividades específicas que se levarán a cabo, e dotar dos recursos necesarios ao resto do profesorado para poder desenvolver as súas. O obxectivo xeral será que o alumnado consolide o seu hábito lector ao mesmo tempo que adquire as competencias clave, favorecendo a alfabetización múltiple. Todo desde a perspectiva dun modelo de biblioteca que asegure unha educación non discriminatoria, compensadora das desigualdades sociais e orientada á igualdade das persoas.

Á hora de planificar unha biblioteca é primordial ter en conta aos alumnos, por iso é necesaria a existencia dun fondo bibliográfico atractivo e accesible. Por ese motivo, este ano seguiremos coa catalogación dos fondos bibliográficos adquiridos o curso pasado, para o que utilizaremos un programa creado no propio centro.

A nosa biblioteca está dividida en diferentes zonas:

- Zona de préstamo e xestión.
- Zona de procura de información.
- Zona de lectura.
- Zona creativa.
- Recuncho Infantil.

Así mesmo, temos diferentes espazos para os distintos idiomas presentes no noso día a día (español, galego, inglés e francés).

As distintas seccións da biblioteca escolar están representadas por debuxos de animais e divididas en seccións e rangos de idade, o que permite unha localización máis rápida dos libros, xa que os alumnos teñen as distintas equivalencias en dous grandes carteis que presiden a biblioteca e etiquetas identificativas nos diferentes andeis.

En canto ás actividades realizadas, cabe salientar que intentamos programar actividades que fomenten e impulsen a lectura e a escritura, relacionándoas con outras áreas e materias, para demostrar ao alumando a importancia das actividades interdisciplinares.

Unha biblioteca integrada na vida pedagóxica do centro constitúe un dos principais recursos para a aprendizaxe autónoma. Para facelo posible, é preciso favorecer o acceso do alumnado a fontes documentais diversas, analizar criticamente a información obtida e transformala en coñecemento.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

O noso obxectivo será potenciar a lectura e escritura nos nosos alumnos ,ademais de ofrecer oportunidades para que o alumnado e o profesorado poidan avanzar nos seus obxectivos, ampliando a calidade dos procesos de aprendizaxe ou de ensinanza en que están inmersos.

Actividades

A. Globais e permanentes

➤ **Formación de usuarios: Os alumnos bibliotecarios**

O propio alumnado será o encargado da xestión do préstamo de libros. Durante o curso escolar 2023-24 os encargados de realizar este labor serán os alumnos e alumnas de 6º EP.

Eles serán tamén os responsables de coordinar a convivencia no espazo da biblioteca, mantendo unha actitude correcta, amable e colaboradora co alumnado que a frecuenta. Terán como obxectivo principal que os seus compañeiros entendan as normas e o funcionamento xeral e que aprendan a gozar dela.

Durante o mes de setembro as mestras que formamos parte do equipo levaremos a cabo a formación, ensinándolles as principais características do sistema de préstamo e as pautas principais para a coordinación do mesmo.

Con todo, a formación de usuarios vai máis alá de aprender o manexo e o funcionamento do sistema de préstamo. Por iso, será necesaria a implicación de todo o profesorado elaborando experiencias de aprendizaxe que desenvolvan a autonomía do alumno e vinculen á biblioteca á práctica diaria das aulas. Así pretendemos contribuír a que as alumnas e alumnos adquiren as seguintes capacidades:

- Desenvolverse na biblioteca con autonomía e saber empregar os servizos que ofrece en función das súas necesidades.
- Coñecer as posibles fontes documentais (dicionarios, enciclopedias...) e os súas principais características.
- Obter, seleccionar e interpretar a información e contrastala en diversas fontes usándoa dun modo crítico segundo o obxectivo da procura.

➤ **Apadriñamento lector**

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

O alumnado de ESO axudará os nenos e nenas de EI, 1º e 2º a achegarse á biblioteca. Cada alumno ou alumna dun curso de secundaria apadriñará un compañeiro ou compañeira dos máis cativos do centro que teña dificultades coa lectura e realizarán diferentes actividades encamiñadas a axudalos a mellorar a lectura e á fomentar o gusto pola mesma. Entre esas actividades podemos destacar as seguintes: lectura de contos, dramatización dos mesmos e acompañamento dos nenos e nenas á biblioteca e ás actividades que nela se realicen.

Sempre que sexa posible, os máis pequenos tamén lles lerán aos seus padriños as lectura que elixan.

Con esta actividade non só pretendemos promover o gusto pola lectura, senón tamén crear vínculos entre o alumnado das diferentes etapas do centro.

➤ **Contacontos**

Un pai/nai da etapa de Educación Infantil acudirá á biblioteca unha para interpretar un conto previamente seleccionado.

➤ **Clube de lectura "Torrelectura"**

Todos os obradoiros e clubs de lectura contarán cunhas activades deseñadas polos propios alumnos bibliotecarios en colaboración coas mestras do equipo e serán retransmitidos pola radio escolar.

➤ **Voluntarios de lectura**

Un grupo de voluntarios do club de lectura acudira ó Centro da Terceira Idade para lerlle aos maiores unha serie de textos ou pequenos relatos previamente seleccionados coas súas mestras.

➤ **III Carreira literaria-solidaria**

Para celebrar o día do libro, faremos unha carreira moi especial. Todos os alumnos do colexio elaborarán os seus propios dorsais, escribindo neles o título do seu libro favorito e farán un debuxo que represente o máis significativo do libro. Cada corredor terá que dar un euro para poder participar e con parte do diñeiro recadado compraremos un lote de libros que doaremos a algunha asociación.

B. Actividades por avaliacións

EI

Para traballar a primeira aproximación dos nenos á lectura, utilizaremos a biblioteca. É un espazo para EI e 1ºEP, no que os materiais están adaptados exclusivamente a estas idades. A través do mesmo, pretendemos iniciar a os alumnos no goce e no disfrute da lectura con contacontos (realizados tanto polos mestres coma polos pais) , lectura de relatos, poesías, adiviñas, monicreques... Todo elo, tendo en conta a motivación cara o alumnado para fomentar un bo hábito lector dende pequenos. Sen esquecer as diversas actividades ao longo de todo o curso correspondendo as temáticas coas festividades da zona.

Durante este curso traballaranse conceptos diferentes en cada avaliación:

1ª avaliación:

Kamishibai "O monstro de cores": Realizarase o conatacontos coa axuda do Kamishibai para facer posteriormente una asemblea sobre o mesmo. Ao rematar, falaremos das emocións que vimos e das que sentimos. Colorearemos o monstro correspondente segundo nos sintamos ese día.

Semana do Samaín. Ao longo da semana correspondente a estas datas, os alumnos, acompañados da súa mestra , irán á biblioteca a ler cada día un conto diferente e falar sobre estas datas, costumes e tradicións.

2ª avaliación: II Xustas medievais.

Aproveitando a celebración da Feira Medieval de Monforte de Lemos, realizaremos diversas actividades relacionadas coa época: ambientación da biblioteca, saída disfrazados con vestimentas da época á zona medieval da cidade, contacontos do medievo, xogos medievais...

3ª avaliación: O meu libro favorito

"Érase una vez un dragón". Lectura do conto e asemblea do mesmo. Unha vez rematada, faremos varios grupos e daremos unas fotos do conto. Deben colocar por orde as escenas.

EP

Desenvolveranse as seguintes actividades:

Actividades para 1º, 2º e 3º de EP:

CPR. PLURILINGÜE FED. TORRE DE LEMOS

1º Avaliación: “...e colorín colorado este conto está rematado.”

Durante a primeira avaliación o alumnado dos cursos de 1.º, 2.º e 3.º de Educación Primaria escollerá tres ou catro contos por curso, para que cada alumno poda elixir un personaxe deses contos, é dicir, a cada alumno/a lle corresponderá un personaxe diferente. Unha vez elixidos, imprimiranse e se lles dará a cada un para que os coloreen e posteriormente podan ser colocados polos corredores do colexio, indicando o camiño cara á biblioteca que é onde comezan ou rematan todas as historias dos contos.

2º avaliación: II xustas medievais

Con motivo da celebración da feira medieval da cidade, os alumnos de EP realizarán actividades en torno á mesma e a figura de Miguel de Cervantes.

3º avaliación: “Un sorbo de lectura”

Proposta Didáctica de animación á lectura consistente en pegar nun taboleiro uns vasos de cartón decorados polos alumnos/as de 1.º, 2.º e 3.º de Educación Primaria e nos que introducirán segundo o curso como segue:

- 1.º EP, refráns.
- 2.º EP, trabalinguas.
- 3.º EP, poesías.

Posteriormente leranos aos seus compañeiros/as de clase.

Actividades para 4º, 5º e 6º de EP:

1º Avaliación: Scaperoom literario

Os alumnos realizarán un xogo de pistas baseado en textos literarios facendo que, ademais, teñan que manexar, interpretar e ler devanditos textos para poder resolver os quebracabezas e pistas da Escape Room.

2º avaliación:

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Con motivo da celebración da feira medieval da cidade, os alumnos de EP realizarán actividades en torno á mesma e a figura de Miguel de Cervantes.

3º avaliación: O Tren da lectura

Proposta Didáctica de animación á lectura consistente na realización dun tren, en papel continuo, cos seus correspondentes vagóns. Repartiranse os vagóns do seguinte xeito:

- VAGÓN DE INFANTIL 3 ANOS. GARABATOS
- VAGÓN DE INFANTIL 4 ANOS. LETRAS

Xogando coas letras. Letras de distintos tamaños e cores. Montado sobre papel charón.

- VAGÓN DE INFANTIL 5 ANOS. PALABRAS

Xogando coas palabras. Montaranse sobre papel charón palabras alusivas ao mundo do libro e a lectura: libro, fantasía, ilusión, letras,...

- VAGÓN DE 1º. TÍTULOS DE CONTOS.

Todos saendun libro aberto que situaremos nun extremo do vagón. Buscamos todos aqueles títulos de contos que aos alumnos entusiásmenlles e gustan de escoitar e ler.

- VAGÓN DE 2º. PERSONAXES DE CONTOS.

Nun extremo situamos un personaxe a tamaño xigante que elixiremos entre todos. O resto do vagón adornarase con debuxos de personaxes de contos clásicos e modernos.

- VAGÓN DE 3º. A BIBLIOTECA.

Recolleranse nel as normas de uso dunha biblioteca, portadas de libros, carné de biblioteca a tamaño xigante, andeis con libros, debuxos de nenoslendo.

- VAGÓN DE 4º. O TEATRO
- VAGÓN DE 5º. LEMAS SOBRE A NECESIDADE DE LER.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Os alumnos decorarán o vagón con lemas relacionados con “ler é...”, por exemplo: cultura, diversión, entretemento, etc, ou con “gústame ler porque ...” , por exemplo: “entendo o que outros me escriben e comunícomemellor cos que me rodean”, etc.

○ VAGÓN DE 6º. A POESÍA.

Dividirase o vagón en dúas metades. Nunhadelascolocaríanse fotos e poesías de grandes poetas: Rafael Alberti, Gustavo Adolfo Bécquer, Juan Ramón Jiménez, Miguel Hernández, etc...Naoutra parte, textos poéticos creados polo alumnado. Todo sobre anacos de papel charón de distintas cores.

ESO

➤ **1ª avaliación: “Profes” por un día.**

Os alumnos de ESO farán de mestres de Lingua e Literatura para os seus compañeiros de EI e EP. A temática das clases estará relacionada coa lectura, os contos, a poesía, a biblioteca, libros, autores e en definitiva o achegamento do alumnado ao fascinante mundo das letras dunha forma lúdica, divertida e creativa.

➤ **2ª avaliación: O conde de Lemos, mecenas do Século de Ouro.**

Con motivo da celebración da feira medieval da cidade, os alumnos de ESO realizarán actividades en torno á mesma e a figura do conde Lemos, mecenas de grandes escritores do Século de Ouro.

➤ **3º avaliación: ScapeRoom literario.**

Os alumnos realizarán un xogo de pistas baseado en textos literarios facendo que, ademais, teñan que manexar, interpretar e ler devanditos textos para poder resolver os quebracabezas e pistas da Escape Room.

H. EQUIPO DE ARTES PLÁSTICAS

Neste equipo inclúense os departamentos de Pástica e Música do centro.

PLÁSTICA:

• **Compoñentes do equipo:**

- a. Victoria Aceiro Martínez (coordinadora do equipo)
- b. Sara Álvarez Otero
- c. Anai González Fernández

- **Accións previstas:**

Ao longo deste curso temos previsto levar a cabo as seguintes actividades:

- Panel Benvida, na entrada principal do Colexio.
- Ambientación de Outono, Halloween, Nadal e Primavera.
- Proxecto de "Voz Natura".
- Decorado Festival de Nadal e Festival Fin de Curso.

- **Colaboracións:**

- Cos distintos Equipos de traballo e Departamentos nas conmemoracións do Día da Constitución, Día do Libro, Letras Galegas, Día da Paz, e calquera outra na que se requira a nosa aportación.

- **Proxecto de arte mural:**

Este proxecto da protagonismo aos alumnos e alumnas do Centro, que participan tanto na elaboración dos bosquexos como na execución do traballo.

O propósito é renovar os espazos compartidos implicando aos alumnos e alumnas na tarefa, dándolles un marco diferente no que expresar a súa creatividade.

MÚSICA

O equipo está composto por:

- Ibán Pérez Rodríguez (coordinador).
- Mari Carmen Castaño Aira

Dende o departamento de música levaranse a cabo diversas actividades ao longo do curso que a continuación se enumeran:

No referente aos alumnos e alumnas do ciclo de primaria:

- Este ano a materia de música continúa a impartirse no ciclo de Educación Infantil no colexio cun máis que positivo resultado o ano anterior.
- Este ano a materia de música impartirase em Inglés en EP como parte do programa de Plurilingüismo do centro.
- Os alumnos dos últimos cursos de Primaria farán traballos de investigación sobre diversas temáticas musicais.
- No día das Letras Galegas alumnos de distintos niveis interpretarán diversas cancións de corte tradicional galego, tanto de xeito coral como instrumental.
- Manterase a celebración dos festivais de Nadal e fin de curso nos que os alumnos participarán con actividades musicais, cancións, etc.

No referente aos alumnos da ESO:

- Os alumnos da ESO participarán nos festivais que se programe realizar con actuación tamén de tipo instrumental ou vocal.
- Realizarán tamén actividades de ritmo e doutros tipos coas que se realizarán videos para publicar en distintos medios.
- Asistirán ao concerto didáctico en Santiago programado anualmente desde o departamento.
- Realizarán na aula diversas actividades musicais que serán publicadas nas redes sociais: actividades de percusión corporal, distintas instrumentacións, gamificacións para traballar os contidos vistos durante o curso, etc.

Por último, e como aspecto destacado, este ano comezará a camiñar a Escola de Música Torre de Lemos. Nela, o alumnado do centro poderán traballar aspectos como voz e diversos instrumentos (piano, guitarra e acordeón) baixo a dirección do Mestre e coordinador do departamento Ibán Pérez Rodríguez.

I. PROGRAMACIÓN EQUIPO DE VOZ NATURA

Un curso máis, o noso centro participa no programa medioambiental de Voz Natura, proxecto que apadriña a Fundación Santiago Rey Fernández-La Torre. Nesta edición o Programa cumpre 27 anos, polo que dende a fundación comunicaron que a temática é aberta. O noso proxecto leva por título «**O hábitat da Ribeira Sacra do século XXI**». O equipo de Voz Natura estará formado neste curso 2023-2024 por Luis Conde, Victoria Aceiro e Ángel Dapena.

- **Actividades**

O feito de que Voz Natura cumpla 27 anos motívanos a ser máis ambiciosos. Por esta razón optamos por un proxecto integral, que abrangue diferentes ámbitos do sector primario e da natureza.

O proxecto enmárcase dentro do eixe temático deste ano que promoven dende a Fundación Santiago Fernández Latorre "Coñecemento e protección da flora e fauna autóctonas". Centrarémonos en recuperar especies arbóreas e plantas autóctonas da Ribeira Sacra e faremos un estudio das necesidades que terían aqueles animais que están en perigo de extinción e incluso que xa non forman parte do hábitat da zona. Faremos semilleros nun pequeno viveiro, e unha vez que medren utilizaremos as árbores para

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

reforestar zonas queimadas no seu día e afectadas pola erosión. Asimesmo contaremos cunha incubadora na que colocaremos ovos daquelas aves en perigo de extinción.

Confeccionaremos unha guía de plantas e de animais por municipios coa situación actual, propoñendo accións as autoridades para recuperar esas zonas degradadas. Seguiremos coproxecto de viticultura, crearemos un horto vertical e colaboraremos na reforestación de montes. Asimismo, colaboraremos con novos emprendedores que puxeron en marcha proxectos en aldeas modelo, porque desamaneira daremos a coñecer estas fórmulas ideais para fixar poboación no ámbito rural. Asimismo, recuperaremos o noso museo etnográfico. Elaboraremos unha maqueta na que quedarán reflectidas as diferentes accións que faremos durante o curso.

• **Obxectivos**

O proxecto que levaremos a cabo este ano ten varios obxectivos:

- Concienciar ao alumnado da importancia que ten o coidado da natureza, dos territorios e das paisaxes.
- Identificación das distintas especies arbóreas e os animais característicos da Ribeira Sacra.
- Profundizar sobre a importancia do sector primario na economía da Ribeira Sacra.
- Concienciar e facer ver ao alumnado a importancia que teñen iniciativas como as aldeas modelo, os bancos de terra, a ordenación do territorio e o papel das asociacións que traballan por evitar a extinción de especies arbóreas e animais.
- Coñecer en que se baseou a Asociación de Amigos do Camiño de Inverno para reivindicar a oficialidade desta ruta.
- Coñecemento da toponimia e das lendas, que cada alumno recollerá no seu entorno, é dicir, na Ribeira Sacra.
- Concienciar ao alumnado das potencialidades que ten a Ribeira Sacra.
- Concienciar aos alumnos da trascendencia de preservar o medio ambiente a través de desenvolvementos sostibles.
- Familiarizar aos alumnos na utilización e uso dos apeiros de labranza tradicionais e da agricultura ecolóxica.
- Coñecer a riqueza etnográfica da Ribeira Sacra.
- Profundizar sobre o aproveitamento integral dos bosques e dos montes da Ribeira Sacra, porque é posible explotalos non só a través da madeira, senón con outras actividades.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Coñecer as rutas de sendeirismo da zona, elaborando un mapa para que as coñeza toda a nosacomunidade educativa.

J.RADIO ESCOLAR

O equipo

Neste curso escolar forman parte do equipo da Radio Escolar Torre de Lemos os seguintes docentes:

- Luis Conde Carnero (coordinador do proxecto).
- Leticia Fernández Corujo.
- Nela LoureiroViéitez.

O proxecto

O proxecto da radio escolar permítenostraballarcunha perspectiva diferente en moitos conceptos que están presentes no labor diario da docencia. Este proxecto fai que traballemoscuestións importantes, entre as que destacan: a expresión e a comunicación oral e escrita; a coordinación de tarefas e o traballo en equipo; a colaboración ente alumnos/as de diferentes etapas; o fomento da imaxinación e a creatividade entre o alumnado; a motivación que supón sentirse protagonistas duntraballo que logo amosaráno mundo –hai que ter en conta que estamos falando dunha radio online- a mellora da autoestima e a seguridade en si mesmo dos alumnos xunto coa responsabilidade e o rigor nos propios cometidos.

O centro resulta beneficiado naproxección exterior do seuproxectoeducativo, porque a programación de RADIO TORRE DE LEMOS chegaaosfogares do mundo enteiro a través de Internet –as estadísticasreflicten no blog da radio que temosoíntesnamaioría dos continentes-. Trátase de proporcionar unha experiencia realmente radiofónica ó tempo que se fai participar nelaaos distintos estamentos da comunidade educativa (alumnado, docentes e pais).

Trátase dunproxecto e unha experiencia radiofónica que se realiza en varias linguas. Producimos e emitimos programas en galego, castelán, inglés e francés.

A radio escolar traballa en colaboración coa biblioteca do centro, espazo no que se integra, participando en varios proxectos innovadores. De feito, os estudos están nunha estancia contigua á biblioteca, co fin de facilitar a participación do alumnado nesteprojecto, que se enmarca dentro do ámbito da innovación educativa.

Este ano damos un paso máis. A principal novidade será a posta en marcha da revista dixitalVagalume –durante varios cursos publicáronse varios números en papel-.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

A creación desta revista ouxornal virtual permitirá que os alumnos vaian elaborando noticias sobre o que acontece no centro e fóra do mesmo. Así conseguiremos que redacten, o que, sen dúbida, favorecerá a elaboración dos guións da radio.

Co paso do curso poñeremos en marcha unha televisión escolar nunha clara aposta polos medios de comunicación. Produciremos informativos, magacines e documentais. Radio, revista e televisión constitúen un proxecto interdisciplinar no que estarán incluídas todas as materias, así como todas as etapas.

A principal novidade deste curso é que varios programas que elaborarán os nosos alumnos emitiranse en radio convencional. Será en ECO FM, radio municipal de Sober, que emite en toda a Ribeira Sacra. O ano pasado foi todo un éxito, e de feito o noso alumnado tivo un recoñecemento do Concello de Sober por este traballo.

Obxectivos

Os obxectivos que perseguimos son os seguintes:

- Facer do galegounhalingua de uso diario e vehicular entre o alumnado.
- Potenciar o uso e familiaridade con outraslinguas como a inglesa e francesa.
- Fomentar a responsabilidade individual de cada participante no que se refireássúasobrigas como colaborador da radio. Os escolares encargaranse de elaborar os guións, de preparar as novas e ter a punto os materiais que cumpran para facer os programas –terán o asesoramento do coordinador e das profesoras que participan no proxecto-. Deberán presentarse puntualmente no estudio de radio e realizar o programa nos días previstos segundo a programación establecida.
- Comunicarse e expoñeren público as súascreacións, perdendo o medo, mellorando a dicción e a expresión oral.
- Reforzar a autoestima do alumnado participante.
- Mellorar a súa competencia dixital a través da produción dos espazos.
- Fomentar a integración de todo o alumnado a través da radio escolar (pobre sociabilidade, escaso interese nas tarefas escolares) para mellora-la súa implicación no traballo de grupo.
- Fomentar otraballo en equipo e en grupo.
- Mellorara interrelación entre os distintos grupos de alumnos participantes. De aí que tratemos de fomentar o traballo en equipo de nenos de distintas etapas e idades.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Reforzar a noción de pertenza ao centro. Radio Torre de Lemos é a radio do colexio, representao e faisecotraballo de todos.
- Aprender a avaliar o propio traballo, sendo críticos, recoñecendo os erros e poñendo os medios para solucionarlos.
- Fomentar a expresión escrita mediante a redacción de noticias e elaboración dos guións e contidos dos programas.
- Fomentar e potenciar as ferramentas tecnolóxicas.

Metodoloxía

Os criterios metodolóxicos que conformarán esta nova experiencia de Radio Torre de Lemos serán os seguintes:

- A experiencia radiofónica dos nosos alumnos será eminentemente activa. Eles son os protagonistas de todo o proceso –recibirán en todo momento o asesoramento dos docentes-. Deciden en que sección desexan participar, seleccionan os contidos, escollen o material musical, realizan as gravacións, producen os programas, elaboran as entrevistas e as preguntas para os concursos. Tamén se ocupan da parte técnica: eles son os que manexan os equipos do estudio, logo dun breve período de adaptación, e se ocupan das tarefas rutinarias (abrir e pecha-lo estudio se non está o coordinador, prender e apagar os equipos, colocar e recoller os guións, distribuir o material musical e ordenalo na cede de teca, etc.) sen necesidade da intervención dun docente.
- Unha vez que se presentan voluntarios a principio de curso e deciden en que sección participan distribúense as quendas da programación. Cada neno sabe o día que ten que presentarse na radio e debe coidar de ser puntual. Tamén, se cómpre, debe preparar material (cuestionarios, novas, dedicatorias, música seleccionada, etc.) con antelación e depositalo no estudo para atopalo preparado o día de emisión.
- A programación de Radio Torre de Lemos está aberta ás suxestións dos seus usuarios. Ademais de colaborar nunha serie de seccións fixas (*Informativos, Dedicatorias, Tempo de Ler, A nosa música, Educación Viaria, etc.*) todos aqueles que desexen poden levar adiante unha sección cos temas preferidos.
- Cada sección da programación está a cargo de polo menos dous alumnos. Sempre que é posible os equipos están formados por nenos de distintas clases e idades, cun alumno/a maior, xeralmente máis experimentado, que vai introducindo a outro/a máis pequeno/a.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Aínda que a área de Galego é a máis ampla, tanto no apartado da comunicación oral como no da escrita, os contidos das diferentes seccións tamén permiten acadar os obxectivos e traballar os contidos de áreas coma Coñecemento do Medio (*nos programas informativos ou da Natureza*), Música (*A nosa música, Música Clásica*) ou EF (*Deportes*). Este curso incorporase Oratoria, materia que estará ligada a este proxecto fin de mellorar capacidade de expresión, redacción, selección de información, etc. Por outro lado, a materia de Proxecto Competencial de 3º ESO versará integramente sobre os medios e comunicación, con especial atención á radio.

A programación vai cambiando cada ano e responde ás necesidades do alumnado e ás súas preferencias. Os programas poden escoitarse en calquer momento, xa que permanecen colgados do blog de RADIO TORRE DE LEMOS, que ten a seguinte dirección: **<https://nuestraradiotorredelemos.wordpress.com/>**

Actividades

Os programas do curso 2023/2024:

A programación de Radio Torre de Lemos estará composta polos seguintes programas:

- Un informativo semanal no que se recollerán novas que acontezan no centro diariamente
- Un informativo quincenal de novas recollidas nos xornais da comarca de Lemos. Neste apartado incluso poden elaborar novas de produción propia.
- Programa relativo ás predicción meteorolóxica –periodicidade semanal-. Neste caso pódese acompañar con temática relacionada co medio ambiente.
- Programa musical, no que pretendemos recuperar unha sección clásica moi recordada no Val de Lemos. Titúlase « Discos Dedicados »
- Concursos, audiocontos de Nadal, monográficos, debates, entrevistas, reportaxes, obras de teatro radiofónicas.
- Elaboración de programas fora do centro. Levaremos os estudos a centros da terceira idade –convivencia interxeracional-, recintos deportivos e á rúa.
- Retransmisión en directo a través de Internet de partidos de fútbol e das competicións deportivas nas que participen os equipos do centro.
- Programas de debates e entrevistas.

k. GRUPO DE ACCIÓN SOCIAL

Ao longo do presente curso escolar o Grupo de Acción Social do centro ten previsto realizar as seguintes actividades:

Actividades

- Axudar ás familias máis necesitadas do colexio a través da doazón de uniformes, roupa e calzado de segunda man a través das campañas de recollida de roupa e calzado que se realizan cada ano.
- Participación na campaña anual de recollida de xoguetes e alimentos destinados a familias da comarca a través de Cruz Vermella e Cáritas.
- "Carreira solidaria" e "Día do bocata solidario" co obxectivo de recaudar fondos para a creación de bolsas de axuda que os máis necesitados do centro poderán gastar no comedor, para mercar algunha prenda do uniforme escolar, libros ou material, programaranse estas dúas actividades. A venta de bocatas e dorsais proporcionará os recursos que se utilizarán para esta fin.
- Actividades cos maiores do asilo polo Nadal. Manterase unha actividade que constitúe xa unha tradición entre o alumnado do centro e os maiores do asilo de Monforte

A través do GAS pretendemos seguir traballando a educaciónn valores e dentro dela, lograr que oalumnado se sinta útil para a sociedade, desenvolvéndose como persoa e medrando.

A FED. Torre de Lemos ten como obxectivo principal a educación integral dos alumnos e alumnas e o Grupo de Acción Social é unha opción para a retroalimentación deste obxectivo: que o alumnado forme parte da sociedade a través do seu centro educativo, aportando ou axudando a que o mundo que o rodea mellore.

A través do GAS queremos inculcar aos nenos e nenas a idea de que non vivimos nunha burbulla, que somos parte da sociedade e debemos participar activamente nela. Queremos mentalizar ao alumnado de que todo o que fagamos por e para os demais, o facemos en realidade por e para nós e máis nun momento no que as cousas non parecen ir de todo ben e no que moita xente precisa axuda.

Todos e cada un dos membros da comunidade educativa do colexio Torre de Lemos, están chamados a apoiar e aportar a este plan para acadar os nosos obxectivos:

- Acadar a participación activa do alumnado no grupo.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Amosar ao alumnado dunha maneira directa a sociedade na que vivimos dende o centro, para que sintan a necesidade de ser partícipes dela.
- Mentalizar aos alumnos de que sempre podemos facer algo útil e de verdade por e para os demais e para nós mesmos.
- Facer actividades para axudar principalmente a organizacións solidarias da nosa localidade.
- Implicar a profesores, pais, nais e alumnos de todas as etapas.
- Desfrutar axudando e sentíndonos útiles.

10.PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Durante o presente curso escolar manteremos os seguintes programas:

1. Ensino plurilingüe (EI, EP).
2. Radio na biblioteca (EI, EP, ESO).
3. Voz Natura (EI, EP, ESO).
4. Galiciencia (ESO).
5. Xogade.
6. Programas de inmersión lingüística.
7. Competencia clil en linguas estranxeiras, nivel C1.
8. Competencia dixital docente. Polos creativos.

11.ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

O Proxecto Lingüístico do centro vaise manter sen grandes variacións con respecto ao curso anterior e as únicas modificacións que presenta afectan á etapa de ESO debido á incorporación de materias optativas novas.

Como consecuencia do antedito, o Proxecto Lingüístico do centro queda como segue:

1. Mantemento do programa PLURINFANTIL no tres cursos de EI, onde se imparten en inglés Expresión corporal, Psicomotricidad, Plástica e Robótica.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

2. Mantemento do ensino PLURILINGÜE en toda a etapa de EP, coas materias de EF, Plástica e Música en inglés.
3. Mantemento do castelán como lingua vehicular elixida polas familias do alumnado de EI.
4. En 3º de ESO os alumnos cursarán as materias de Educación Dixital e Oratoria como materias optativas.
5. En 4º ESO este ano impartiranse as materias de Economía/Física-Química, Educación Dixital e Filosofía ao ser elixidas polos alumnos como materias optativas.
6. A presenza das linguas estranxeiras, especialmente a inglesa, nas actividades extraescolares e complementarias ofertadas desde o centro concrétase na actividade extraescolar de inglés para o alumnado de EI, EP e ESO.
7. Durante o curso tamén se realizarán actividades de inmersión lingüística tanto no colexio coma fóra del: representacións teatrais, contacontos, cine, viaxes, etc. para os diferentes grupos.

DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS LINGUAS (Decreto 79/2010)

➤ **EI:**

A lingua materna elixida polas familias é o castelán. Non obstante, tanto o galego coma o inglés forman parte da rutina diaria nas aulas.

A distribución horaria das linguas nesta etapa queda como segue:

Educación Infantil	Sesións Semanais
Áreas en castelán	11.5
Descubrimento e exploración da contorna (método ABN, lóxicomatemática).	5
Crecedemento en Harmonía (lectoescritura, expresión oral).	6.5
Áreas en inglés	7
Crecedemento en Harmonía (psicomotricidade, expresión corporal)	2
Comunicación e Representación da realidade (speaking)	3
Descubrimento e exploración da contorna (Tics, expresión	2

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

plástica).	
Áreas en galego	6.5
Creceamento en Harmonía (asamblea).	4.5
Relixión/ Atención Educativa	1
Descubrimento e exploración da contorna (expresión musical).	1
TOTAL	25

➤**EP:**

Nesta etapa as materias de Lingua, CN, e CS impartiranse en galego en todos os cursos. Lingua Castelá, Matemáticas e Valores /Relixión en castelán, tamén en todos os grupos. As materias de Música, Plástica e EF, impartiranse integramente en inglés en toda a etapa. A materia de Lingua estranxeira (inglés) impartirase en galego nos cursos impares e en castelán nos cursos pares.

1º EP			
MATERIA	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
Lingua Galega	4h		
CN, CS	5h		
L. Castelá		4h	
Inglés	2h		
Plástica			1h
Música			1h
E.F.			2h
Matemáticas		5h	
Relixión/PC		1h	
TOTAL	11h	10h	
4h			
2º EP			
Lingua Galega	4h		
CS, CN	5h		

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

L. Castelá		4h	
Inglés	2h		
Plástica			1h
Música			1h
E.F.			2h
Matemáticas		5h	
Relixión/PC		1h	
TOTAL	11h		10h
4h			
3º EP			
Lingua Galega	4h		
CN, CS	5h		
L. Castelá		4h	
Inglés		3h	
Plástica			1h
Música			1h
E.F.			2h
Matem.		4h	
Relixión/PC		1h	
TOTAL	9h		12h
4h			
4º EP			
Lingua Galega	4h		
CS, CN	5h		
L. Castelá		4h	
Inglés	3h		
Plástica			1h
Música			1h
E.F.			2h
Matemáticas		4h	
Relixión/PC		1h	

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

TOTAL	12h	9h	4h
5º EP			
Lingua Galega	4h		
CN,CS	5h		
L. Castelá		4h	
Inglés		3h	
Plástica			1h
Música			1h
E.F.			2h
Matemáticas		4h	
Relixión/PC		1h	
TOTAL	9h	12h	4h
6º EP			
Lingua Galega	4h		
CS, CN	4h		
L. Castelá		4h	
Inglés	3h		
Plástica			1h
Música			1h
E.F.			2h
Matemáticas		4h	
Relixión/PC		1h	
Valores		1h	
TOTAL	11h	10h	4h
EP	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
TOTAL	63h	63h	24h

➤ESO

Na etapa de Secundaria a distribución das linguas queda do seguinte xeito:

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

1º ESO		
MATERIA	GALEGO	CASTELÁN
BEX.	3h	
Xª-Hª	3+1h	
E.F.	2h	
EPV	2h	
Galego	3h	
Castelán		4h
Inglés		3h
Francés	2h	
Matemáticas		4h
Relixión/PC		1h
Tecn. E Dixit.		3h
Titoría		1h

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Total	16h	16h
2º ESO		
F-Q		3h
Xª-Hª	3+1h	
E.F.	2h	
Galego	3h	
Francés	2h	
Música		2h
Relixión/PC	1h	
Tecnoloxía		3h
Castelán		3+1h
Inglés	3h	
Matemáticas		5h
Titoría	1h	
HORAS	16h	17h

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

3º ESO		
E. Dixit/Oratoria		3h
Relixión/PC		1h
Valores		1h
Lingua Galega	3h	
Matemáticas		4h
Xª-Hª	3h	
Lingua Española		3h
Inglés	3h	
Música		2h
E.F.	2h	
Bioloxía- Xeoloxía	2h	
Física e Química		2h
Plástica	2h	
Titoría	1h	
HORAS	16h	16h
4º ESO		
MATERIA	GALEGO	CASTELÁN
Relixión/Valores		1h
Lingua Galega	3h	
Matemáticas		4h
Xª-Hª	3h	

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Lingua Española		3h
Inglés		3h
E.F.	2h	
F-Q/Economía		3h
Filosofía	3h	
BEX	3h	
E. Dixit./EPVA	3h	
Titoría		1h
HORAS	17h	15h

ESO	GALEGO	CASTELÁN
TOTAL HORAS	65h	64h

TRATAMENTO DOS ALUMNOS QUE PRECISAN DUNHA ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA DEBIDO Á BAIXA COMPETENCIA NALGUNHA DAS LINGUAS OFICIAIS.

O Proxecto Lingüístico de Centro é o ámbito onde se contemplan as actuacións lingüísticas con aquel alumnado de orixe estranxeira que fale linguas distintas á lingua vehicular ou aqueloutro que se incorpore ao sistema educativo galego procedente doutra comunidade autónomaou doutro país e non teña competencia nalgunha das linguas oficiais ou en ambas.

Por ese motivo é preciso establecer unha serie de actuacións específicas que lles permitan adquirir a competencia lingüística necesaria, tanto en galego coma en castelán, e deste xeito acceder aos contidos curriculares das diferentes áreas, interaccionar e relacionarse co resto dos compañeiros/as e integrarse na sociedade, acadando os obxectivos lingüísticos e cognitivos que se establecen legalmente.

Para facer fronte a esta situación, dende o centro adoptaranse as seguintes medidas de carácter xeral:

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

1. Durante o primeiro ano de escolarización no colexio, o obxectivo principal é conseguir que o alumnado sexa capaz de comunicarse nalgunha das linguas oficiais, galego ou castelán. Se se trata de ensino plurilingüe, ese alumnado recibirá axuda dun mestre de apoio, co que traballará dentro ou fóra da aula, segundo os casos, para continuar coa súa aprendizaxe da(s) lingua(s) de referencia.

2. A atención específica ao alumnado estranxeiro realízase en castelán e, unha vez adquirida unha competencia comunicativa básica, introdúcese o galego. En Educación Secundaria solicítase a exención en Lingua Galega e Literatura para aquel alumnado que procedente doutros países presente lagunas importantes a nivel académico e precise reforzar outras materias, de maneira que a adquisición da lingua galega se realice de forma progresiva e non perxudique a súa posta ao día dentro do sistema educativo galego.

En Educación Secundaria solicítase a exención en Lingua Galega e Literatura para aquel alumnado que procedente doutros países presente lagunas importantes a nivel académico e precise reforzar outras materias, de maneira que a adquisición da lingua galega se realice de forma progresiva e non perxudique a súa posta ao día dentro do sistema educativo galego.

Polo momento solicitáronse tres exencións nesta materia para alumnado recién incorporado procedente de países centro e sudamericanos, así como a prórroga por segundo ano para dúas alumnas colombianas que se incorporaron o ano pasado.

Ese alumnado estranxeiro permanecerá na aula durante as sesións da materia para favorecer a súa inmersión lingüística en galego.

Xunto coas anteriores, tamén se adoptarán as seguintes medidas de carácter específico:

- a. Solicítase a exención en segunda lingua estranxeira (francés) para os alumnos que asistan a un programa de reforzo nas áreas instrumentais básicas ou presente adaptacións curriculares significativas neses áreas. Nesta situación atópase unha alumna de 2º de ESO que presenta dificultades de aprendizaxe.

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN NA PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

- Continuar coa formación do profesorado para que mellore a súa competencia lingüística en linguas estranxeiras. Este ano varios mestres de EP e ESO están matriculados na Escola Oficial de Idiomas para sacar o nivel C1.
- Continuar co proxecto plurilingüe en EI e EP.
- Aula de informática: está a disposición de profesorado e alumnado. Nela impártese a materia de Tecnoloxía en ESO. Tamén se utiliza como aula multimedia ou de apoio.
- Aula de apoio do segundo andar: nela traballan os mestres de apoio de EP. Tamén se dan aquí clases de relixión/Proxecto competencial dentro da etapa.
- Aula do D.O.: é o espazo no que desenvolve o seu traballo a orientadora.
- Aula de Audición e Linguaxe.

- Galería principal: ao ser lugar de entrada do alumnado de EI o seu uso queda totalmente restrinxido.

19. SERVIZO DE CUSTODIA

Durante o curso 2023-2024 o servizo de custodia queda como segue:

- Custodia de mañá ou "madrugadores": todos os días desde as 8.00h ata a entrada dos alumnas a clase e de 14.00h a 14.30h. É gratuíta para as familias.
- Custodia de tarde: de 15.30h a 16.30h será un tempo dedicado ao esparcemento e xogo do alumnado nas instalacións do centro, sendo gratuíta para todos os alumnos/as que se quedan a comedor. De 16.30h a 17.30h será un tempo dedicado á realización de tarefas escolares e ao estudo: 25€/5h semanais; 50€/10 horas semanais; 3€/hora solta.

20.PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

A actual Xunta Directaiva da ANPA continúa coa idea de manter unha actitude de proximidade e colaboración, tanto coas familias en xeral, coma co propio colexio para axudar en todos aqueles aspectos que se consideren prioritarios e de interese, tanto para os alumnos como para o propio centro.

O plan de actividades plantexado pola ANPA a comezo de curso contén os seguintes puntos de actuación:

1. Continuar coa campaña de captación de socios.
2. Celebración dunha festa de outono con magosto para recaudar fondos.
3. Lotería de Nadal.
4. Manter a colaboración co colexio naquelas actuacións que se consideren prioritarias en beneficio do alumnado.
5. Traballar na actualización e funcionamento do facebook da ANPA como plataforma de información e achegamento do colexio e a súa actividade aos pais dos alumnos, así como nun instrumento de colaboración e axuda.
6. Realizar unha actividade de RCP e primeiros auxilios co alumnado.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

A ANPA reunirse unha vez ao trimestre e as reunións serán públicas, é dicir, abertas a todos os pais que desexen participar nelas. O dereito a voto corresponderá unicamente aos membros da xunta directiva.

21. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

O Plan Xeral establecido para o presente curso escolar será avaliado de maneira periódica nas distintas reunións que tanto a nivel de Equipos de traballo coma de Etapas e Departamentos se desenvolverán ao longo do curso para valorar o grao de consecución dos obxectivos propostos e o nivel de desenvolvemento das diferentes actividades. Tamén se analizarán polo miúdo os resultados acadados nas distintas actuacións, o grao de implicación da comunidade educativa no seu desenvolvemento, as dificultades atopadas, así coma os puntos débiles aos que facer fronte, o Proxecto Lector, o Plan TIC e as Normas de Convivencia, ademais das programacións de cada área e as dos distintos equipos de traballo.

Tamén será importante coñecer a valoración das familias sobre axestión e funcionamento do colexio a nivel xeral, as actividades e servizos que ofrece e, por suposto, a práctica docente diaria e a evolución do alumnado.

Os órganos unipersoais avaliarán o seu funcionamento nas reunións de Equipo Directivo, os órganos colexiados farán unha análise dos obxectivos cumpridos ao final do curso, sendo recollidas as súas conclusións na Memoria final.

Tamén o Consello Escolar e o Padroado da Fundación establecen as súas conclusións chegado o mes de xuño e unha vez rematada a actividade docente do colexio.

O funcionamento xeral do centro será sometido a exame a través das enquisas que se envían ás familias cada anopara que den conta do seu grado de satisfacción cos distintos servizos, programas e actuacións que ofrece o centro, ademais de expresar a súa opinión sobre diferentes aspectos e as propostas que libremente poden realizar para contribuir a mellorar seu funcionamento.

Corresponde ao equipo directivo, unha vez rematado o curso escolar e logo de analizar os resultados obtidos nas enquisas, establecer as súas propias conclusións sobre o labor desenvolvido ao longo de todo o ano, que o trasladará ao Padroado da Fundación Educativa Torre de Lemos para a súa valoración final.

22. PROXECTO LECTOR DO CENTRO

O desenvolvemento do Plan lector do centro atópase estreitamente vinculado á actividade da biblioteca escolar, desde onde se articula e coordina.

1. Introdución

Con este proxecto preténdese fomentar o hábito lector no alumnado ademais do uso habitual da biblioteca, tanto de aula coma de centro.

O obxectivo fundamental deste proxecto é crear as situacións máis idóneas para que os distintos ámbitos que interveñen na formación integral dos alumnos se desenvolvan o mellor posible, fundamentalmente no relativo á lectura e á escritura.

Tanto na relación cos iguais como nas relacións cos demais na súa vida cotiá, o alumnado debe aprender a desenvolverse, expresarse, comunicarse e ir enriquecendo o seu vocabulario, a construción de frases, o diálogo, etc. Para todo isto resulta fundamental a lectura, non só a nivel oral, senón tamén a nivel escrito.

Tendo en conta que o estado xeral dos nosos alumnos en canto a nivel lector é medio, tanto no que respecta á velocidade lectora como á entoación atopando maiores dificultades na comprensión escrita ou lectora máis que na oral, o que se pretende co proxecto lector é deseñar un itinerario no que os alumnos partan da interpretación de imaxes en Educación Infantil, sigan coa identificación lingüística de sons, letras, palabras e parágrafos, pasen pola construción de imaxes e finalmente cheguen á interpretación, comprensión e valoración da lectura.

O descubrimento de ler debe basearse nuns procedementos lúdicos e creativos que inciten ao alumno/a a ler, que non sexa meramente unha obriga e que se inicien nesta motivación e interese pola lectura desde nenos, adquirindo o costume de ler e converténdose así en lectores habituais.

Buscarase motivar ao alumnado para que atope na lectura un medio de entretemento e aprendizaxe mellorando a súa comprensión lectora a través dunha metodoloxía activa e participativa; fomentando un incremento do hábito lector en todos os niveis educativos; tentando implicar ás súas familias no proceso lector dos seus fillos, sen esquecer a importancia que ten o uso da Biblioteca Escolar do Centro e a de Aula para facilitar o acceso a lecturas motivadoras.

Para logralo, afondaremos no traballo coordinado dos mestres co Departamento da Biblioteca.

2. Xustificación

Neste proxecto inclúiranse as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura, así como á adquisición das competencias clave.

Será de gran importancia para fomentar a formación de lectores competentes, así como a creación e consolidación de hábitos de lectura, a maior presenza da biblioteca escolar como centro de recursos da información e da aprendizaxe e como dinamizadora da vida cultural do centro.

Por outra banda, o plan anual de lectura e o proxecto lector do centro garantirán a progresiva capacitación do alumnado nas competencias clave, sobre todo nas referentes á competencia en comunicación lingüística (tanto oral coma escrita), á competencia dixital e á conciencia e expresións culturais.

3. Obxectivos

4.1 Obxectivos xerais

1. Desenvolver as habilidades lectoras propias de cada etapa para conseguir a suficiente fluidez.
2. Ampliar a comprensión lectora, non unicamente na área lingüística senón tamén nas demais áreas do currículo.
3. Elaborar un programa de lecturas axeitado a cada nivel.
4. Propiciar que os alumnos/as pasen de ser lectores pasivos a lectores activos e descubran o goce pola lectura e a utilicen nos momentos de lecer.
5. Promover desde o centro un ambiente favorable á lectura no colexio.
6. Que todo o profesorado se sinta implicado no Plan Lector e contribúa a mellorar a lectura e a que os textos sexan lidos correctamente independentemente da materia á que pertencen.
7. Potenciar o uso da Biblioteca de Aula e de Centro con diferentes iniciativas nas que se implique toda a comunidade educativa.
8. Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante todas as manifestacións do contorno.
9. Integrar dentro do desenvolvemento das sesións o análise e tratamento de fontes informativas (impresas ou dixitais) en relación cos contidos traballados nas mesmas.

3.2 Obxectivos en relación coa lectura

➤ En EP:

1. Mellorar a expresión oral.
2. Ler de forma expresiva.
3. Desenvolver estratexias para ler con fluidez e entoación axeitada.
4. Comprender distintos tipos de textos axeitados a súa idade.
5. Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correctamente.
6. Desenvolver habilidades de lectura crítica e interpretativa.
7. Ler de forma autónoma.
8. Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de goce, de información e de enriquecemento persoal.
9. Desenvolver actitudes emocionais e positivas a través da lectura no tempo de lecer.
10. Utilizar as ferramentas e recursos da Biblioteca Escolar.
11. Establecer, a través da escritura, unha vía de diálogo con outros lectores.
12. Utilizar as TIC como fonte de consulta e medio de expresión.
13. Desenvolver hábitos de coidado de libros.

➤ Na etapa de Secundaria, ademais:

14. Procurar tempos para a lectura como fonte de pracer.
15. Estimular os alumnos na adquisición e desenvolvemento da competencia lectora e atender á diversidade dos seus intereses, necesidades, capacidades e circunstancias persoais e sociais.
16. Desenvolver no alumnado o hábito da lectura, promover a consolidación do mesmo e relacionalo, tanto co terreo académico como co lecer e o pracer persoal.
17. Promover a lectura como vía de acceso á información e educar no uso crítico da mesma.
18. Favorecer a competencia literaria.
19. Apoiar a adquisición das competencias básicas establecidas no currículo de ESO.

3.3 Obxectivos a conseguir en relación coas familias.

1. Fomentar o uso e o aprecio dos proxenitores pola Biblioteca como centro de documentación e lugar de formación.
2. Favorecer que os pais/nais se conviryan en modelos de bos lectores e que contribúan, deste xeito, a estimular a lectura no tempo de lecer.

Para poder acadar estes obxectivos e fomentar a promoción persoal dos nosos alumnos, estes participan activamente na elaboración de traballos de investigación, enquisas, creación de poemas e narracións breves... que pasarán a formar parte dos distintos proxectos de innovación educativa que hai no colexio como a radio escolar Torre de Lemos, previa selección dos mesmos na aula.

Será necesario realizar unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto, dos índices de lectura e do paulatino enfrontamento do alumnado a textos cada vez máis complexos.

4. Metodoloxía

5.1 EI

A nivel xeral poderán realizarse actividades do tipo de:

- Ludoteca: monicreques, audiocontos ou videocontos.
- Psicomotricidade: lectura de contos; desenvolvemento motriz dos mesmos; dramatizacións dos personaxes con diferentes materiais (plastilina, papel...); debuxo de contos; obradoiros de disfraces.
- Recuncho da lectura.
- Contacontos.

A nivel específico:

1. Nivel de 3 anos de Educación Infantil.
 - Desenvolvemento do goce por oír contos mentres á mestra/e le en alto.
 - Interpretación de pictogramas e imaxes.
 - Memorización de poemas curtos e moi sinxelos.
 - Espertar interese polos textos de tradición cultural.
 - Ampliación do vocabulario a través de textos de tradición cultural.
2. Nivel de 4 anos de Educación Infantil.
 - Comprensión e reprodución oral dalgúns textos orais actuais.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Comprensión e reprodución oral dalgúns textos de tradición cultural: contos, poemas, adiviñas, trabalinguas, ladaíñas...
- Ordenación de viñetas relacionadas co conto.
- Reprodución de palabras relacionadas co conto.
- Representación do argumento do conto ou dalgún detalle a través da expresión oral, corporal ou plástica.
- Discriminación de detalles dos contos e memorización de poemas sinxelo e axeitados a súa idade.
- Desenvolvemento dunha actitude de coidado no manexo dos libros.

3. Nivel de 5 anos de Educación Infantil.

- Comprensión e reprodución dalgúns textos orais actuais, valorándoos e amosando interese cara os mesmos.
- Identificación e memorización de fragmentos de textos de tradición cultural: contos, poemas, adiviñas, ladaíñas...
- Recoñecemento dalgunhas palabras en textos de uso común: libros, revistas, xornais, contos...
- Ordenación de viñetas relacionadas co conto lido ou escoitado.
- Representación do argumento do conto ou de calquera detalle a través da expresión escrita, corporal ou plástica.
- Desenvolvemento dunha actitude de coidado no manexo dos libros.

Os alumnos de Infantil inicianse no goce e no desfrute da lectura, que será nun primeiro momento oral para ir avanzando á lectura guiada ao finalizar esta etapa, a través de "O recuncho da lectura".

En tres anos incúlcase aos nenos o interese pola lectura a través de pictogramas, poesías, trabalinguas, contos, ladaíñas, narracións curtas, teatro para monicreques, cantigas, etc.

En catro e cinco anos lévase a cabo unha aproximación ao proxecto por medio dun hábito lector diario (de comprensión lectora, e continuación do proceso iniciado nos dous primeiros anos). A mestra lerá na clase varios contos ao longo da semana.

É importante a motivación do mestre de cara ao alumnado para que os nenos e nenas comencen o seu hábito lector dende os primeiros anos.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

A mestra avalía diariamente mediante a observación directa e indirecta todo o proceso tanto dirixido como espontáneo.

Nesta etapa, trabállase moito a escoita de contos. Por iso, os alumnos de Educación Infantil escoitarán os contos correspondentes a cada unidade (métodos globalizados) coa axuda da mestra.

5.2 EP

Consideracións xerais:

- No **primeiro ciclo de** Educación **Primaria** traballarase dun xeito activo e participativo. Ademais da lectura comprensiva, silenciosa e en voz alta. Desde un principio, traballarase coas lecturas do propio libro de texto, textos proporcionados polo mestre/a, cos libros da biblioteca de aula, cos libros de préstamo da biblioteca de centro ou libros que os alumnos traian da súa casa cos que poderán realizarse distintas actividades, fichas sinxelas relacionadas cos textos adaptadas ao nivel do alumnado, etc. De xeito que o alumnado que comeza o ciclo e que aínda se atopa nun proceso inicial da lectura utilizará para levar a cabo o Plan Lector a lectura de contos ou libros sinxelos adaptados ao momento evolutivo de cada alumno/a: con máis ou menos texto, pictogramas, apoio visual...
- No **segundo e terceiro ciclo de Educación Primaria** traballarase a lectura en todos os ámbitos: silenciosa, en voz alta, individual e en cadea. Para levar a cabo esta última modalidade de lectura poderán realizarse cos libros seleccionados no Plan Lector do colexio (nos cursos que corresponda), con calquera outro tipo de texto proporcionado polo mestre/a (noticias, anuncios...), con lecturas dos libros de texto ou se houbera na biblioteca de aula exemplares suficientes para levar a cabo este tipo de lecturas colectivas. Poderán traballarse actividades previas, durante e despois das lecturas, ou ler polo goce da lectura distintos xéneros literarios adaptados á idade do alumnado.

Consideracións específicas:

Os alumnos de Primaria participan nun proxecto que pretende promover e contaxiar a práctica da lectura facendo desta actividade un hábito cotián para o seu

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

goce e disfrute, "O Maratón Lector", que consiste en premiar ao maior lector de cada curso por trimestre, sen ter en conta as lecturas obrigatorias dos distintos cursos.

1.º EP

Comezan coa lectura silábica e progresivamente téndese á lectura comprensiva. Nestes anos os libros conteñen debuxos e textos para facilitar a comprensión dos mesmos.

Durante o primeiro trimestre realízase unha lectura individualizada para chegar, a final de curso, á consecución da lectura colectiva.

Traballarase na clase material específico de lectura e comprensión de textos, tanto en galego coma en castelán. Isto a maiores das lecturas que traen os libros de texto cos que se traballa a diario na clase.

2.º EP

Durante o segundo curso comézase coa lectura individual en cada sesión e despois, coa colectiva. Os alumnos de segundo lerán por iniciativa propia diversos contos ou libros na casa que contarán á mestra, aspecto que se terá en conta para avaliar o seu progreso comprensivo, memorístico e a súa expresión oral.

Traballarase na clase material específico de lectura e comprensión de textos, tanto en galego coma en castelán. Isto a maiores das lecturas que traen os libros de texto cos que se traballa a diario na clase.

Todas as actividades programadas desde o proxecto lector estarán en relación directa coas programadas desde a biblioteca.

3.º - 4.º - 5.º e 6.º EP

A lectura na aula seguirá a ser colectiva, con textos narrativos, líricos e teatrais.

Foméntase a lectura individual e comprensiva: os nenos e nenas responden a preguntas de diversas lecturas seleccionadas polos mestres, e tamén no libro de texto traballan a lectura comprensiva. Así mesmo, en 3º, 4.º, 5.º e 6.º EP van ler tres libros de lectura obrigatoria nas dúas linguas oficiais alternándoas por trimestre. Tamén se realizan escoitas de contos, relatos,... na aula para realizar actividades de comprensión sobre o escoitado e traballar deste xeito a comprensión oral.

Ademais, nesta etapa de primaria os/as alumnos/as poderán ter na aula os libros de préstamo da biblioteca de centro ou traer da casa un libro propio que lerán en certos

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

tempos de lecer que teñan durante a xornada (ao rematar unha actividade, actividade libre, tempos de espera...).

Lecturas obrigatorias do Plan Lector primaria.

Dentro do Proxecto Lector do colexio estableceuse que o alumnado a partires de 3.º Educación Primaria e até 4.º Educación Secundaria Obrigatoria, deberán ler con carácter obrigatorio un libro por trimestre, sendo un deles en galego e os outros dous en castelán. Sendo para Educación Primaria:

- 3.º EP:
 - *El Superzorro*, de RoaldDahl.
 - *O pirata Ataripo*, de Paco Barreiro.
 - *Los olchis y el pirata negro*, de ErhardDietl.
- 4.º EP
 - *Billy y el vestido rosa*, PhilippeDupasquier.
 - *Kibuko*, de Xavier Estévez.
 - *Un tritón en la mochila*, de Carlota Echevarría.
- 5.º EP
 - *Familia a la fuga. En busca y captura*, de Ana Campoy.
 - *Unha misión para Clara*, de María Campo.
 - *Bichos raros*, de Rafael Ordóñez.
- 6.º EP
 - *La maravillosa medicina de Jorge*, de RoaldDahl.
 - *O bosque pálido*, de Jaureguizar.
 - *Las barbaridades de Bárbara*, de Rosa Montero.

Todos os libros son da Editorial Santillana. Loqueleo.

5.3. ESO

Consideracións xerais:

- Lectura diaria.
- Uso de xornais con diferentes fins: lectura de diferentes tipos de artigos, de novas de interese xeral... traballando a comprensión así coma a expresión oral do lido.
- Análise de textos dos diferentes autores estudados en cada etapa.
- Lectura obrigada dun número de libros por trimestre nas materias de Lingua Castelá e Lingua Galega.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Elaboración de actividades relacionadas co Plan Lector, coa bibloteca e coa radio do colexio.

Consideracións específicas:

Os alumnos de Secundaria participan nun proxecto que leva por nome "A maxia dos libros" no cal tamén se premiará ao máis lector por trimestre de cada curso. Para iso teranse en conta os libros lidos a maiores dos de lectura obrigatoria. Este proxecto é levado a cabo en coordinación coas materias de linguas (lingua galega, francés, lingua española e inglés).

Realizaranse lecturas dos libros de texto: poesía, narración e algunha peza de teatro, etc. Ademais disto, participarase nos proxectos elaborados dende a Radio Escolar.

Os alumnos de Educación Secundaria lerán tres libros de lectura obrigatoria ao longo do curso (un por trimestre en cada unha das linguas oficiais).

Lecturas obrigatorias do Plan Lector secundaria.

Dentro do Proxecto Lector do colexio estableceuse que o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria, deberá ler con carácter obrigatorio dous libros por trimestre, un en galego e outro en castelán. Sendo estes:

- 1º ESO
 - *Os Megatoxos e a espada esmeralda.* Anxo Fariña.
 - *Corredora.* María Reimóndez.
 - *As meigas de Lupa.* María Solar.
 - *Ana y Zanahorio .* Andrés Guerrero. *Novela gráfica*
 - *Muerte en el Priorato.* TotiMartínez
 - *Las aventuras de TomSawyer.* MarkTwain.
- 2º ESO
 - *Cartas de invierno.* Agustín Fernández Paz.
 - *Tristes armas.* MarinaMayoral.
 - *Camiño perigoso.* Ánxela Loureiro.
 - *La chica que patina y el tonto que la quiere.* Andrés Guerrero
 - *El verano del incendio.* Rosa Huertas
 - *Lazarillo de Tormes.* Anónimo
- 3º ESO

- *O que sei do silencio. Andrea Maceiras.*
- *Unha estrela no vento. Leticia Costas.*
- *A caixiña dos rancos. HéctorCajaraville.*
- *Calla, Cándida, calla. Maite Carranza*
- *Tokio en el corazón. JorgeGamero*
- *Frankestein. MaryShelley*
- 4º ESO
 - *O corazón de Xúpiter. Leticia Costas.*
 - *Santoamaro. Antonio M. Fraga.*
 - *A sombra cazadora. Suso de Toro.*
 - *Nadie nos oye. Nando López*
 - *Una bala para el recuerdo. Maite Carranza*
 - *20.000 leguas de viaje submarino. JulesVerne*

Os libros en galego son da Editorial Xerais. Fóra de xogo.

Os libros en castelán son da Editorial Santillana. Loqueleo.

5. Animación á lectura

De xeito xeral para as etapa de primaria e secundaria e para incentivar este hábito lector nos rapaces e rapazas, o seguimento destas lecturas por parte do profesorado poderá facerse segundo diferentes modalidades:

- O alumno/a poderá contar de forma oral ao/a mestre/a o libro lido, indicando previamente o título e o autor do libro elixido.
- O alumno/a poderá cubrir unha ficha do libro lido completada cun resumo escrito do mesmo.

Nestes dous casos o profesor levará un rexistro dos alumnos cos libros lidos e anotará o número de páxinas do libro lido.

- Animación á lectura por medio da dinámica chamada “booktubers”. Nela os alumnos gravaranse en vídeo, indicando o seu nome, idade, curso, centro educativo, título do libro e autor; contarán (dramatizarán e/ou caracterizaranse dos personaxes se así o desexan) o libro lido, así como recomendaranlle a súa lectura aos seus compañeiros. Ademais de fomentar o hábito lector, premiarase a expresión oral (fluidez, entoación, vocalización, pronunciación) e corporal e a creatividade á hora de elaborar os vídeos. Estes vídeos serán visualizados na aula polos compañeiros e o mestre.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Este ano propónse outro xeito de animación á lectura, que consistirá en que os/as lectores/as poderán ser os anfitrións (previa organización co mestre ou mestra) dunha sesión de clase ou parte dela, para contar de viva voz aos compañeiros/as o libro ou conto lido ou organizar conxuntamente co profesor algunha actividade lúdica relacionada co libro: preguntas da clase ao lector/a sobre o libro, nomear outros libros ou contos similares, personaxes que aparecen en outros libros, debuxos, cambiar o final do conto (por escrito ou de forma oral)...

Cando se produza un empate a igual número de libros lidos entre alumnos da mesma aula, será o profesor quen decidirá o gañador atendendo ben ao número total de páxinas lidas por cada alumno, cando estes sexan presentados en fichas ou contados oralmente e no caso dos vídeos, a orixinalidade, creatividade, posta en escena...

Por último, os alumnos gañadores de cada curso recibirán como agasallo un libro elixido por eles nunha librería da localidade e todos os participantes neste proxecto lector recibirán un marcapáxinas como premio ao seu interese pola lectura ao finalizar o curso escolar.

3. Colaboración coa radio escolar.

O vindeiro curso escolar a Radio Dixital Torre de Lemos seguirá emitindo dende biblioteca, poñendo son e voz ás numerosas actividades que se van desenvolver. Dado que toda a programación da radio é responsabilidade dos alumnos, baixo a dirección dun mestre, seguiremos a potenciar a interdisciplinariedade de ambos proxectos e a multialfabetización do alumnado.

23.PLAN DIXITAL

Introducción

A necesidade da implantación das novas tecnoloxías na educación de hoxe en día xustifícase por si soa. É incuestionable que a sociedade da información e o coñecemento está a producir cambios revolucionarios en todos os aspectos da sociedade. A educación, por tanto, lonxe de quedar á marxe, emerxe como un dos campos máis activos de tal revolución.

A estratexia do noso proxecto xira ao redor do concepto de centro educativo dixital, que se configura como un modelo de referencia no que se recollen as características xerais relacionadas con:

- Equipamento e infraestruturas.
- Contidos educativos.
- Fomento da cultura dixital.
- Integración e participación.

O plan dixital enténdese como o instrumento que empregará o centro para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe. En base a isto, o plan dixital ten moita importancia en relación a mellorar o desenvolvemento dixital dos alumnos e alumnas contribuíndo así á mellora da competencia dixital.

O equipo encargado de coordinar o desenvolvemento do Plan Tic do centro está integrado polos seguintes membros:

- Cristina Méndez López (Coordinadora)
- Patricia Martínez Rodríguez
- Adrián Jacob Vázquez Rivera
- Noelia López Da Costa
- Saleta Pérez Garrido
- Clara Rodríguez Fernández

Análise do contexto

- Situación de partida: a situación que se observa actualmente no colexio é que os alumnos e alumnas teñen moi presente os dispositivos tecnolóxicos no seu día a día, pero que non saben explotar o potencial dos mesmos para fin académicos nin facer un uso responsable dos mesmos.

- Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan

Os medios tecnolóxicos dos que dispón o centro son os seguintes:

- Unha aula de informática, con 8 postos con conexión a Internet a través da rede informática (WiFi) e pantalla de proxección. Está previsto que se poñan en funcionamento máis postos informáticos ao longo do presente curso escolar.
- Tres ordenadores portátiles para uso do profesorado. E dúas pantallas de proxección móbiles.
- Un ordenador no departamento de Orientación conectado á rede do centro.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Un ordenador na aula de A.L., outro na xefatura de estudos e no despacho de dirección.
- Dous ordenadores na biblioteca con conexión á rede do centro.
- Unha cámara de fotos dixitais.
- Unha vídeo cámara.
- Un ipadna aula de Audición e Linguaxe.
- Mesa de mezclas para grabación de programas de radio situada nun estudio de grabación habilitado nunha das dependencias do centro.
- 9 aulas dixitais con paneis táctiles interactivos e ordenador.
- 14 pantallas de proxección manuais con proxector situadas en distintas aulas.
- Plataforma virtual de comunicación EDUCAMOS para a xestión e información de tódolos aspectos relacionados co colexio e as actividades que se realicen.
- 13 ordenadores de mesa instalados nas distintas aulas de EI, EP e ESO con conexión á rede do centro.

En canto ao software, dispoñemos de diversas aplicacións informáticas, adaptadas para alumnos dende Educación Infantil ata ESO, ademais de materiais noutros soportes coma CD, DVD, USB, etc.

Tamén as propias editoriais dos libros de texto proporcionan software educativo axustado aos proxectos curriculares de cada área, para usar como complemento do libro.

As editoriais tamén nos proporcionan materiais relacionados co libro dixital que servirán de apoio para a realización e posta en marcha das unidades didácticas de cada materia: libro dixital, recursos en Internet da propia editorial, interactividade co software (anotacións propias, engadir ligazóns, etc.).

Continuaremos co Proxecto da RADIO DIXITAL en Internet na que terán cabida programas educativos e informativos sobre todo o que sucede no noso centro. Por outra banda, este ano publicaranse de forma periódica noticias e curiosidades, sobre as que os alumnos buscarán información e redactarán, no blog do colexio.

Obxectivos

a) Para o profesorado:

- Concienciar sobre a sociedade do coñecemento.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Dinamizar a aplicación do proxecto TIC.
- Fomentar o uso de software libre.
- Fomentar no noso centro unha comunidade de intercambio de ideas, experiencias e proxectos relacionados coas TICs utilizando variado software educativo.
- Utilización dos materiais curriculares dispoñibles para a súa aplicación na aula, así como a creación doutros novos.
- Informar a través da bitácora de Secundaria de todos os aspectos relevantes da nosa etapa.
- Transmitir o uso responsable das TIC e as TAC e de ser consciente dos riscos que comporta unha mala utilización das mesmas.
- Utilizar unha aplicación para a comunicación do centro coas familias e o alumnado: a plataforma Educamos, que será de uso obrigatorio para todo o alumnado.
 - Integrar as TIC na práctica docente e na relación co conxunto da comunidade educativa.
 - Integrar os cambios metodolóxicos necesarios encamiñados cara a unha metodoloxía activa a través das TICs.
 - Cambiar de forma progresiva o rol do profesor para conseguir que cada vez sexa máis un mediador no proceso de ensino.
 - Perseguir unha formación flexible e permanentemente actualizada dos profesores.
 - Atender á diversidade da aula usando os recursos e actividades accesibles a través das TIC.
 - Fomentar entre os profesores o uso de blogs das distintas áreas para a comunicación cos alumnos e o intercambio de información.

b) Para o alumnado:

- Formar ao alumnado na navegación por Internet de forma segura e a obtención de información sobre calquera aspecto académico, enviar correos electrónicos e achegar arquivos.
- Fomentar o uso da aula virtual ao longo de todo o curso escolar, converténdoa nunha ferramenta de traballo diario durante todo o ano e de xeito especial, para o alumnado que deba permanecer na casa por calquera motivo.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Favorecer a investigación do/a alumno/a e guiar o estudo a través da rede: proporcionar bibliografía, páxinas web, etc.
- Fomentar a exposición de traballos en soporte dixital e multimedia.
- Promover a presentación de traballos en diferentes medios dixitais que terán a oportuna valoración na nota da materia.
- Promocionar a búsqueda de información sobre noticias, curiosidades, etc., e a súa correspondente publicación no blog do colexio.
 - Formar aos alumnos nos riscos que comporta un mal uso das redes sociais así como unha mala xestión da información atopada.
 - Aproveitar as oportunidades que a sociedade do coñecemento ofrece e evitar fracturas dixitais excluíntes a colectivos sociais dentro do alumnado, poñendo á súa disposición os medios do centro.
 - Atender á diversificación facilitando medios e recursos de aprendizaxe.
 - Facilitarlle información e orientación do seu futuro laboral e académico.
 - Facilitarlle información cultural e social do seu contorno.
 - Facilitarlle información administrativa e académica do seu centro.
 - Fomentar a aprendizaxe autónoma e permanente do alumnado. Técnicas de estudo e “aprender a aprender”.
 - Tomar conciencia do uso responsable da rede.

c) Para os/as pais/nais:

- Ofrecerlles o seu espazo dixital de información no noso centro a través dun espazo fixo na páxina web do colexio.
- Ofrecerlles, con medios dixitais, un asesoramento laboral, persoal e académico sobre o futuro dos seus fillos/as.
- Facilitarlles recursos e medios de educación.
- Orientalos, a través de medios dixitais, no enriquecemento da educación dos seus fillos/as.
- Facilitarlles a información administrativa virtual (matrícula, permisos, comunicados, menús de comedor, etc.) a través da páxina web do centro.
- Facilitarlles a información das actividades, excursións, apuntes, etc. nos diferentes blogs das etapas e nas Redes Sociais.
- Facilitarlles as comunicacións e informacións sobre tódolos aspectos do colexio mediante a plataforma EDUCAMOS.

d) Obxectivos de instalacións, equipamentos e mantemento:

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Adecuar espazos e mobiliario do centro ao uso das TIC.
- Optimizar as redes do centro naqueles espazos nos que aínda se producen fallos na conexión.
- Mellorar a aula de informática.
- Manter os equipos informáticos do centro.

Por etapas

Particularizando e concretando para cada etapa educativa defínense os seguintes obxectivos:

Educación infantil

- Identificar as partes do equipo que o neno vai empregar: rato, teclado, monitor, botón de encendido, altofalantes, etc.
- Coñecer o funcionamento do ordenador, teclado e normas básicas de manexo.

Educación primaria

- Adquirir a aplicación de programas educativos.
- Coñecer e manexar a aplicación de programas informáticos de interese curricular que desenvolvan contidos propios do nivel: lectura, creación de textos, idioma, cálculo, música, etc.
- Familiarizarse co uso da Internet e o seu aproveitamento: navegación, utilización dos botóns adiante e atrás, etc., gardar páxinas de interese en favoritos, acceder a webs gardadas, etc.
- Aplicar programas de interese curricular para o ciclo: gramática, literatura, cálculo, resolución de problemas, xeografía, etc.
- Coñecer a organización de arquivos en Windows: crear unha carpeta, crear un arquivo, gardalo, buscalo e abrir arquivos existentes, etc.
- Enviar correos electrónicos con arquivos adxuntos, xestionar un caderno de enderezos, etc.

ESO

- Ampliar coñecementos sobre o funcionamento e utilidades do sistema operativo.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Aprender o manexo dun paquete de programas informáticos nos que se inclúen: procesador de textos, folla de cálculo, bases de datos, presentacións interactivas, etc.
- Afondar na busca de contidos na Internet e posibilidades da mesma incluíndo a valoración crítica destas posibilidades. Visitar páxinas web relacionadas co currículo en cada área.
- Crear páxinas web e aloxalas nun servidor.
- Coñecer as posibilidades multimedia do ordenador: música, vídeo, etc.
- Coñecer o funcionamento dos equipos audiovisuais: DVD, cámara de fotos dixitais, etc.
- Realización de blogs e WIKIS.
- Coñecemento da rede do centro.
- Iniciación a linguaxes de programación sinxelas: HTML, SCRATCH, LOGO...

PROXECTOS PARA ESTE ANO

- Continuar coa páxina web do colexio como ferramenta de comunicación e interacción coas familias e toda a comunidade educativa.
- Continuar coa utilización do Facebook do colexio para informar das novidades, actividades e noticias do noso centro.
- Promover a utilización do Instagram como ferramenta de publicidade das nosas actividades cara ó exterior.
- Ensinar e utilizar a aula de informática e a pizarra dixital na etapa de infantil.
- Promocionar a utilización da aula de informática na etapa de primaria.
- Fomentar a utilización de ferramentas TICs (ordenadores, tablets, proxectores, pantallas...) dos alumnos nas rutinas diarias das clases.
- Crear un rexistro en OneDrive para almacenar tódalas fotos organizadas por cursos e actividades do colexio de xeito anual.
- Manter a utilización da plataforma EDUCAMOS como ferramenta de comunicación entre familias e colexio.
- Fomentar o uso da ferramenta Teams para as aulas virtuais.

24. PLAN XERAL DE PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES

Introdución: un dos obxectivos fundamentais do centro é fomentar a práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar, así como a promoción dunha vida activa, saudable e autónoma. Para desenvolver este plan terán especial relevancia as materias de Educación Física, de Bioloxía e Xeoloxía e das distintas sesións de titoría.

Equipo

Estará formado polos seguintes membros:

- Iván García Luaces, profesor de EF en ESO.
- Adrián Vázquez Rivera: Mestre de EF en EI e EP.
- Noelia López Dacosta, coordinadora do equipo de deportes.
- Eva Vázquez López, profesora de Bioloxía en ESO.
- María Vázquez Álvarez, psicóloga e orientadora do centro.

Situación de partida: actualmente, a maioría dos alumnos e alumnas de EP e ESO practican algún deporte de xeito regular, aínda que non todos son conscientes da importancia que ten a actividades física para a saúde, tanto física como mental, nin a importancia que ten unha alimentación equilibrada nesta.

Obxectivos

Dentro dos obxetivos que se plantexan atópanse os seguintes:

- o Promover actividades que fomenten unha alimentación saudable, tanto dentro do colexio coma nas súas casas.
- o Desenvolver actividades de prevención cara á adquisición de hábitos de vida non saudables como tabaco, alcohol e drogas.
- o Impartir charlas sobre educación afectivo-sexual como medio de información, tratamento e prevención entre os adolescentes.
- o Promover actividades que fomenten a práctica de actividade física e o deporte, tanto dentro coma fóra do horario escolar: andainas, etapas do Camiño de Santiago, carreiras populares e solidarias con distintos fins, competicións deportivas con outros centros da localidade, etc. Incrementar a oferta de actividades extraescolares de natureza deportiva e fomentar a participación nelas do alumnado de todas as etapas: natación, baile, fútbol, voleibol, patinaxe, baloncesto, etc.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

- Organizar actividades sobre o protocolo RCP e reanimación pulmonar.
- Organizar charlas que fomenten o contacto do alumnado con deportistas da contorna.

Monforte de Lemos a 16 de outubro de 2023

ACTA DE PRESENTACIÓN E APROBACIÓN DO PLAN XERAL ANUAL DO CENTRO PARA O CURSO 2023-2024 POR PARTE DO EQUIPO DOCENTE.

NOME	VOTO
M ^a Esther Rodríguez Camino	A favor
Patricia Martínez Rodríguez	A favor
Noelia López Da Costa	A favor
Iván García Luaces	A favor
Victoria Aceiro Martínez	A favor
Luis Conde Carnero	A favor
Hilda Ruiz Casanova	A favor
Raquel Vidal Arias	A favor
Clara Rodríguez Fernández	A favor
Sara Álvarez Otero	A favor
Ana Inmaculada González Fernández	A favor
Cristina Méndez López	A favor
Mar Fernández Sánchez	A favor
Angel Dapena Gil	A favor
Rosa María Rodríguez Camino	A favor
Eva Vázquez López	A favor
Leticia Fernández Corujo	A favor
Saleta Pérez Garrido	A favor
María Vázquez Álvarez	A favor
Nela Loureiro Vieitez	A favor
Isabel Rodríguez Ferreiros	A favor
Adrián Jacob Vázquez Rivera	A favor
Ibán Pérez Rodríguez	A favor
M ^a del Carmen Castaño Aira	A favor

Monforte, 10 de outubro de 2023.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023 /2024

Asdo.: Anaí González Fernández Vto.pr. Esther Rodríguez Camino
Secretaria claustro Directora

ACTA DE PRESENTACIÓN E APROBACIÓN DO PLAN XERAL ANUAL DO CENTRO PARA O CURSO 2021-2022 POR PARTE DO CONSELLO ESCOLAR.

NOME	VOTO
M ^a Esther Rodríguez Camino	A favor
Rosa María Rodríguez Camino	A favor
María Vázquez Álvarez	A favor
Iván García Luaces	A favor
Noelia López Dacosta	A favor
Nela Loureiro Viéitez	A favor
Mercedes Sotelo Álvarez	A favor
Santiago Goyanes Blanco	A favor
Tania Hidalgo Armada	A favor
Jéssica Álvarez Tritoño	A favor

Monforte de Lemos, 16 de outubro de 2023.

Asdo.: María Vázquez Álvarez Vto.pr. Esther Rodríguez Camino
Secretaria Consello Directora